A familia de Raxoi non puxo a bandeira

(Páx. 18)

A NOSA TERRA
Nº 1.285
Do 18 ao 24
de outubro
do 2007
Ano XXX - IV Xeira
FUNDADO EN 1907
1,75 euros

Pepe Carreiro



A Nosa Terra recibe o premio *Ramón Piñeiro: Facer País*

(Páx. 14-15)

Só o 30% dos traballadores de novas tecnoloxías son mulleres

(Páx. 16)

Ningún dos beatificados foi morto en Galiza



O PARÓN DO TRASPASO DE COMPETENCIAS É UN TEMA QUE DEBERÍA facer reflexionar a sociedade galega no senso amplo da palabra. É, polo menos, un síntoma grave do noso papel no Estado que incide directamente non só nas relacións políticas, senón tamén nas económicas e sociais. É perigoso que, logo de frustrarse a renovación estatutaria, Galiza non poida equiparar o seu nivel de autogoberno a Catalunya e máis Euskadi, e quede despegada das nacionalidades históricas. Non só foi pactada a fórmula con José Luis Rodríguez Zapatero para lograr igualar as competencias, senón que foi escenificada solemnemente polo ministro Jesús Caldera e o vicepresidente Anxo Quintana: comisión bipartita Galiza-Estado no prazo de meses e sete transferencias decontado. As fitas da rolda de prensa de ambos os políticos non menten por máis que moitos teimen en pór o acordo en dúbida. Estas posturas na Galiza son as que agravan a situación. A ninguén semella importarlle que o Goberno central se desdiga. Máis difícil de entender é que os socialistas galegos comecen, coma moitas outras veces, a dubidar entre a obediencia a Madrid e a coherencia co mantido na Galiza e mesmo co asinado no Pacto de Goberno co BNG. Non estamos a falar de reclamos electorais, senón da dignidade de Galiza e do seu futuro no contexto do Estado. Que Rodríguez Zapatero pasase do "Estado Plurinacional" ao "Goberno de España", pode ser unha táctica electoral, pero Galiza non pode permitir que se conxele o seu autogoberno e quedar marxinada pola presión da dereita e a falta de consistencia política dos socialistas.♦



Nº 1.285 ● Do 18 ao 24 de outubro do 2007 ● Ano XXX

O papa Paulo VI nos anos 60 e a Conferencia Episcopal en 1985 opúñanse a estes procesos

Ningún dos 498 beatificados do vindeiro 28 de outubro foi martirizado en Galiza

XAN CARBALLA

Dezasete dos case cincoentos relixiosos que serán beatificados o 28 de outubro en Roma son galegos. Ningún deles foi asesinado en Galiza, onde apenas se ten memoria rexistada de relixiosos asesinados, e en 1938 a Igrexa só testemuña quince templos incendiados, nas xornadas inmediatas ao golpe militar. A beatificación atopou moita resistencia da Igrexa durante décadas.

Aínda que o vicepresidente da Conferencia Episcopal, Monseñor Cañizares, teima en negalo, parece que o multitudinario acto do domingo 28 en Roma é a proposta de oposición da Igrexa á Lei da Memoria Histórica. Ao escritor Juan Manuel de Prada non lle proían os adxectivos cando o pasado día 8 escribía no xornal *ABC*, "levantou ronchas entre os xerifaltes e sicarios do Réximen, que ven na beatificación un desafío á chamada Lei de Memoria Histórica. E vaia se o é. Trátase, sen dúbida, do máis formidábel desafío que se poda concebir. A beatificación dos mártires lémbranos que a Segunda República, erixida polo Réxime en espello de virtudes no que a nosa democracia debe contemplarse, estimulou e exacerbou o odio antirrelixioso desde o intre mesmo da súa fundación e permitiu que, despois xa do alzamento militar, a cacería indiscriminada do católico se convertese no pasatempo predilecto das milicias socialistas, comunistas e anarquistas".

O empeño vindicativo de De Prada choca co intento da Conferencia Episcopal de non fomentar a idea de que contraprograma as decisións do Congreso dos Deputados. De feito o asunto da beatificación dos mártires relixiosos ten un longo percorrido e moitos non se explican que non se producise durante os anos da ditadura e da *entente cordiale* do réxime e a xerarquía eclesiástica. O primeiro opositor a que se levasen a cabo estas beatificacións foi o papa Paulo VI que entendía que supoñían un problema político. O papa Montini mantivo sempre unha posición de distanciamento con Franco e mesmo era tido por *roxo* na terminoloxía da época. As tensións foron grandes pola oposición papal á pena de morte e mesmo houbo en 1974 unha advertencia de excomunión ao ditador cando a detención e ameaza de expulsión do bispo de Bilbao, monseñor Añoveros.

Pero máis recentemente, durante o Congreso de Evanxelización celebrado en 1985 en Madrid, xa con Xoán Paulo II como bispo de Roma, unha das súas seccións abordou o tema e aprobou unha declaración ao respecto, tal e como publican as actas que editou a Conferencia Episcopal, "ante o cincuenta aniversario da Guerra Civil Española, a Igrexa comprometida na reconciliacion de todos os españois e o aprofundamento da democracia, debe potenciar todos os xestos que favoreza este obxectivo e criticar aqueles que o dificulten. Neste sentido, coidamos que non é oportuno levar adiante o proceso de beatificación dos mártires da Cruzada".

Un recente documento do Secretariado Diocesano de Xustiza e Paz de Bilbao mesmo sinala a contradición, se se fala de reconciliar, de só beatificar a vítimas do bando republicano, "sorprende que, na beatificación dun número tan significativo de mártires, non teña habido un lugar para outros crentes e eclesiástcos, que tamén foron vítimas inocentes, aínda os seus vitimarios foran do bando político lexitimado pola propia Igrexa xerárquica".

Ningún en Galiza

A nómina dos novos beatos inclúe varios galegos: en concreto dezasete homes (13 salesianos, dous agostiños, un franciscano e un carmelita descalzo) e dúas mulleres da orde das Adoratrices. Todos eles morreron despois do golpe militar do 18 de xullo de 1936 e ningún deles foi asesinado en Galiza, onde o golpe trunfara rapidamente acabando coas últimas resistencias democráticas en Tui, o 25 de xullo.

Nos meses posteriores ao alzamento militar os boletíns episcopais recolleron cadanseu documento sobre "vexacións á Igrexa durante a República". No de Santiago enuméranse actos entre o 16 e 28 de xullo e fala de dous sacerdotes asesinados, quince templos incendiados e diferentes profanacións. No de Lugo de cinco cregos mortos violentamente. A este texto fai referencia o crego e historiador Francisco Carballo no seu libro *A Igrexa galega* (A Nosa Terra, 1995) que asegura que en moitos casos os sucesos se produciron no contexto de enfrontamento violento dos días da rebelión. Tamén se refire á presenza entre os milleiros de vítimas paseadas e fusilados polos golpistas do crego secularizado Matías Useros Torrente.

En todo o período republicano os momentos de maiores violencias producíronse no 1931 e despois das eleccións de febreiro de 1936, con puntuais ataques vandálicos a edificios relixiosos dos que se responsabilizou unha fracción do anarquismo mentres outra encabezada por Fandiño, como explica Carballo, mesmo mantivo vixiancia sobre a Catedral de Santiago para impedir calquera ataque. Durante os sucesos de Asturias, en outubro de 1934, tamén houbo mortes de cregos galegos. Nos anos da guerrilla, aínda que o censo de vítimas está por completar, os cregos máis significados na represión foron obxectivo principal da resistencia, producíndose diversas mortes.♦



O primeiro opositor a que se levasen a cabo estas beatificacións foi o papa Paulo VI que entendía que supoñían un problema político.

A NOSA TERRA

Edita:
Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:
Presidente:
Miguel Barros Puente.
Vicepresidente e Conselleiro Delegado:
Afonso Eiré López.
Vicepresidente Económico:
Ramón Barral Andrade.
Vogais:
Xosé Fernández Puga, Xosé Mª Fonseca Moretón, Xavier Rei, Ana Miranda, Ceferino Díaz, Fernando Filgueira, Victorino Núñez, Bieito Alonso Fernández.

Secretario:
Xan Piñeiro.
Director Xeral:
Xosé Fernández Puga.

Director:
Afonso Eiré López.
Redacción:
Xan Carballa, Manuel Veiga, Horácio Vixande, César Lorenzo Gil, Mar Barros, Paco Vila Barros (Fotografía), Perfecto Conde.
Edicións Especiais:
Xosé Enrique Acuña.
Deseño de Maqueta:
Xoselo Taboada.
Colaboradores:
Galiza: Bieito Iglesias, X.L. Franco Grande, Abelardo Vázquez, X.L. Muñoz Portabales, Martina F. Bañobre, X.C. Garrido Couceiro, X.M. Sarille, Miguel Barros, Xesús Veiga, Mª Pilar Garcia Negro, V.M. Vázquez Portomeñe, A. Gato Soengas, Suso de Toro, Lois Diéguez, Antón Grande, Xavier López, Manuel Lugrís, Xosé M. Añel, Manuel Rivas, Carlos Aymerich.
Sociedade: X. Vázquez Pintor, Xavier Queipo, Henrique Harguindey.
Economía: Manuel Cao, X.F. Pérez Oia, Xosé García.
Península: G. Nuno de Faria, Manuel Lombao, Daniel Álvarez, A. Marqués.
Mundo: Xulio Ríos, Moncho F. Leal, Gustavo Luca de Tena, Ignacio Ramonet, Ramón Chao.
Deportes: Xurxo G. Ledo.
Cultura: Ramiro Fonte, Vítor Vaqueiro, Pilar Pallarés, Carme Vidal, Celso López Pazos, X.M. Eyré Val, Xesús Piñeiro, Manuel Vilar, Lupe Gómez, Xavier Seoane, Adolfo Boado, Marcos Valcárcel, Rodolfo Dacuña, Xesús González Gómez, Gonzalo Vilas, Franck Meyer, Heitor Mera Herbello, Xosé M. Buxán Bran, Marta Dacosta, Xosé Valiñas, Damián Villalaín, Xerardo Pardo de Vera, José Viale Moutinho.
Fin de Semana: Francisco Carballo, Marga Romero, César Varela, Francisco A. Vidal, Rudesindo Soutelo, Irmandade dos Vinhos, Xosé Miranda.
Lecer: Xesús Vaamonde Cid.
Última Páxina: X.R. Pousa, X.A. Gaciño, Fran Alonso, Manuel Cidrás.
Fotografía:
Xosé Marra, A.G.N.
Ilustración:
Xosé Lois, Pepe Carreiro, Calros Silvar, Gonzalo Vilas, Ana Pillado Vega, Garrincha, Uxía e Brais, Roi Cagiao.
Xefe de Publicidade:
Carlos Martínez Muñoz
publicidade@anosaterra.com
Xefa de Administración:
Blanca Costas
Subscricións:
Lola Fernández Puga
subscripcions@anosaterra.com

Redacción e Administración:
Príncipe 22, baixo. 36202 Vigo.
Apartado 1371. 36200 Vigo.
Edición Electrónica:
www.anosaterra.com
Teléfonos:
Redacción:
986 433 886 - 222 405.
Fax 986 223 101.
Correo Electrónico:
info@anosaterra.com
Administración, Subscricións e Publicidade:
986 433 830*
Imprenta: E.C. C-3 1958.
Depósito Legal: C-963-1977 .
ISSN: 0213-3105.

A retirada do financiamento axudou a que o clero se situase coa dereita reaccionaria

1931-36: cinco anos de enfrontamento Igrexa-Estado

O máis relevante estudo até agora realizado sobre a situación da igrexa na República en Galiza é o libro conxunto de Afonso Magariños e Francisco Carballo publicado por Akal en 1978. Ambos e dous historiadores desbrozan os grandes choques que supuxo a Constitución Republicana, tanto desde o punto de vista económico, cando a declaración de estado aconfesional leva aparellada a retirada do financiamento a través dos orzamentos do Estado, como en moitos costumes nos que nova situación supuxo todo un conflito de poder, con momentos puntuais moi críticos.

A análise de Magariños / Carballo sobre o primeiro embate económico pode servir para ilustrar o que foi a dialéctica fatal que se instalou, "as opcións políticas tomadas pola república en relación coa Igrexa, concretamente en materia económica, estaban basadas en razóns de peso e podían ter contribuido a longo prazao a unha modernizacón da Igrexa. Pero dada a radicalidade con que foron formuladas, a mentalidade exacerbadamente reaccionaria da meirande parte dos eclesiásticos da época e a mutua hostilidade entre a Igrexa e o Estado, tales medidas constituiron de feito, xunto coas restantes disposicións antirrelixiosas, un erro de fatais consecuencias. Para a Igrexa porque se atribuiu a si mesma a conciencia de mártir e de perseguida e se consolou e fortificou coa segreda esperanza dun futuro desquite e se atrincheirou definitivamente nas fileiras da dereita reaccionaria. Para a república porque se fabricou desde o comezo un terceiro enemigo, poderoso non polo seu rol económico e social, senón sobre todo polas súas vinculacións políticas, ao malquistarse conscientemente unha e outra vez coa alta xerarquía eclesiástica, maioriariamente impermeábel ao cambio, pero sobretodo coa práctica totalidade dos sacerdotes, verdadeiro proletariado clerical, redimíbel, porén, para a democracia, ao lanzalos a un futuro incerto e angustioso".

O debate relixioso tivo diferentes fases: os dous primeiros anos de Constitución e reformas, o bienio negro coa Revolución de Asturias e a chegada da Fronte Popular. Cando en 1935 a Igrexa xerárquica pensaba nunha posíbel reforma constitucional, o bispo Florencio de Ourense, dos máis activos na época, resumía a radicalizada visión oficial: "Sonou a hora de que caia a terra ese centón de herexías, impiedades, inxustizas e arbitrariedades contidas na Constitución do 31, que como horríbel pesadelo atormentou á nosa patria durante catro anos… É mester que todos os sacerdotes na súa predicación, os relixiosos nos seus ministerios, os seglares nas súas conversas, os oradores nos seus discursos, os escritores coa súa pluma, os xornalistas en diarios e revistas, a Acción Católica coa súa múltiple actividade e até as monxas de clausura coas súas oracións e penitencias…. Todos a unha cos prelados, que son o Estado Maior, concorramos desde agora, porque o tempo urxe, a esta trascendetalísima campaña, para darlle á nación unha constitución cristiá". Un ano despois a campaña derivou nun enfrontamento aberto.♦

O máis relevante estudo até agora realizado sobre a situación da igrexa na República en Galiza é o libro conxunto de Afonso Magariños (á esquerda) e Francisco Carballo (á dereita) publicado por Akal en 1978.

A presión relixiosa provocou nos anos vinte e trinta o apedreamento de enterros civís e ataques á coeducación

No libro *Obreirismo ferrolán* o historiador Eliseo Fernández descrebe polo miudo a situación do anticlericalismo, nunha bisbarra onde o movemento sindical tiña unha grande forza como despois se veu no resultado dramático da represión.

Un importante rasgo distintivo do sindicalismo de preguerra foi o anticlericalismo. Aínda que o poder da igrexa ía menguando a medida que algunhas formas democráticas ían arraigando na nosa terra, a comezos de século a institución eclesiástica aínda controlaba importantes mecanismos de poder, que afectaban a terreos tan importantes como o ensino, ou á celebración de actos polo nacemento e a morte das persoas. Foi por iso que as forzas de esquerda, nos primeiros tempos, argallaron unha especie de resistencia civil contra aquela omnipresente institución: erguendo escolas laicas ou celebrando actos civís (matrimonios, nacementos e enterros), militantes socialistas, anarquistas e republicanos amosaban a súa opción aconfesional.

A actitude da igrexa e dunha sociedade maioritariamente católica foi pouco tolerante diante daquelas novas actitudes: foi frecuente o apedreamento dos enterros civís, impediuse o funcionamento das escolas laicas (atacando a innovacións hoxe fora de dúbida como a coeducación, a liberdade de cátedra ou o ensino da sexualidade), e multiplicáronse as dificultades para as persoas que vivían á nosa marxe da Igrexa e dos seus rituais. E naquela actitude de intolerancia cimentouse un odio mutuo que perduraría por moitos anos.

Val dos Caídos.

En Ferrol a influencia da Igrexa foi diminuindo a medida que ía avanzando o século XX, pola forza de republicanos, socialistas e anarquistas, que ían afianzando espazos de liberdade para as persoas que desexaban vivir ao marxe da relixión e das súas institucións; mais nas vilas e aldeas da comarca, esta tarefa facíase moito máis complicada, xa que o ambente pechado característico do rural favorecía a ancestral influencia relixiosa. Neste eido xogaron un importante papel moitos emigrantes retornados, que voltaron aos seus lugares de orixe cunha perspectiva diferente diante do fenómeno relixoso; como algúns deles viñan tamén con certo poder económico, podían exercer con máis liberdade a súa opción, a pesar do sarpullido que levantaban a súas actitudes.

O anticlericalismo expresouse coa fundación de sociedades culturais como a Sociedad de Librepensadores "Martín Lutero" ou o Centro de Estudios Sociales "Floreal", con actos de propaganda anticlerical, como os que protagonizaron Avelino Barcón, Andrés Mascaró, o ex-crego Matías Usero, e os membros da Liga Anticlerical Ferrolana en xulio e setembro de 1932, o cambio de nome das rúas (desaparecendo os nomes relixiosos e aparecendo os de Pablo Iglesias, Francisco Ferrer ou Francisco Suárez, por exemplo) mais tamén tivo expresións máis radicais, como os ataques a igrexas e a destrución de símbolos relixiosos: foi o caso do derribo do cruceiro de Canido en xaneiro de 1932, o incendio da igrexa de Cervás en setembro do mesmo ano, ou o ataque á igrexa da Merced en xulio de 1933, entre outros.

Un importante rasgo distintivo do sindicalismo de preguerra foi o anticlericalismo.

Cecais a máis pintoresca expresión daquel anticlericalismo popular ía ser o nome que se impoñía aos fillos das parellas socialistas, anarquistas ou republicanas, quen fuxindo dos nomes do santoral, recollían nomes alegóricos, de persoaxes literarios, ou de líderes sociais doutras latitudes. Foi así como o militante socialista Antonio Filgueira Vieites, por exemplo, puxo aos seus fillos os nomes de Electra, Libertad, Germinal e Marxima, mentres que o anarquista Raimundo Castro chamaba á súa filla Acracia ou Amalia Fraguela facía o mesmo coa súa filla Luz Armonía; aínda hoxe, algúns dos nosos paisanos e paisanas levan algúns daqueles significativos nomes como Sol, Palmira, Vida, Libertario, cos que os nosos maiores expresaban o seu anticlericalismo e a súa rebeldía. Despois de 1936 viñeron tempos mouros, nos que moitos homes e mulleres que levaban anos vivindo xuntos tiveron que pasar pola vicaría, houbo que disimular aqueles significativos nomes e mesmo persoas feitas e dereitas tiveron que bautizarse para pod casarse e vivir coas súas parellas.♦

Nº 1.285 ● Do 18 ao 24 de outubro do 2007 ● Ano XXX

Vivimos no mellor dos mundos posíbeis"
Felipe González

'Zapatero díxolle a Ibarretxe o que eu lle pedín que lle dixera", afirma Raxoi. O peor é que ten razón. Ás veces dá a impresión de que xa está gobernando **o PP.**

Din que a presenza catalá na Feira do libro de Frankfurt estivo marcada pola política. En parte é certo. Pasa con outros países e outros escritores: Gordimer, Coetzee e Sudáfrica, Pamuk,Turquía e o islamismo, Amos Oz e o conflito israelí. Nos casos nos que non hai política, hai só diñeiro, promoción, maximización de vendas. A literatura propiamente dita queda sempre relegada, pero diso case ninguén se **queixa.**

Hai quen non ve que o galego esteña discriminado. Pásalle igual que a Mayor Oreja que di que no franquismo a vida era plácida. É a versión *light* da vida, a socioloxía descafaneida, a confusión entre a letra grande e a letra **pequena.**

Os EE UU negocian coa China e apoian o Tíbet e a Taiwan;

Narkiss, Dayan e Rabin entrando pola Porta dos Leóns en Xerusalén.

Cousa fea a verdade

JUAN GELMAN

Durante a Guerra dos Seis Días Israel bombardeou un buque estadounidense. Como foi posíbel un ataque ao grande aliado?

O lema dun xornal uruguaio de provincias proclamaba en primeira páxina: "A única deusa que os homes non queren ver núa é a verdade". Debe ser fea. Ordenaron non vela a Casa Branca e aínda o Congreso estadounidense cando o 8 de xuño do 1967 –o cuarto da Guerra dos Seis Días– forzas israelís atacaron por mar e aire o barco-espía norteamericano *USS Liberty* a plena luz do día e en augas internacionais fronte ao porto exipcio de El Arish, na costa mediterránea da península do Sinaí. Pese a que o capitán do buque izou a bandeira dos EE UU, a agresión prolongouse 90 minutos causando a morte de 34 tripulantes e ferindo outros 171. Tel Aviv negou que fora deliberada, que fora deliberada, que fora "un accidente tráxico e terríbel"e a mesma postura adoptou o presidente Lyndon Johnson. Os sobreviventes contan outra historia.

Ao abrente dese 8 de xuño, catro cazas da forza aérea israelí comezaron a metrallar a cuberta do *USS Liberty* e tres cazatorpedeiros completaron o ataque coa evidente intención de afundir a nave. Unha curiosidade, porque a misión do buque era interceptar as mensaxes das forzas árabes para alertar a Israel, xocio privilexiado dos EE UU, sobre as manobras dos seus inimigos. Dotado de máis de 40 altas antenas capaces de recibir todo tipo de transmisións radiais, tiñan un perfil certamente peculiar, pero as autoridades israelís aduciron que o confundiran cun transporte exipcio de cabalaría. Outra curiosidade, porque a investigación posterior dun tribunal militar das Forzas de Defensa de Israel concluíu que as súas autoridades navais sabían, polo menos tres horas antes do ataque, que se trataba dun navío norteamericano pero que esa información se perdeu –como puido suceder?– e nunca chegou ao coñecemento de quen dirixían o ataque. Cabe preguntarse por que Tel Aviv puxo así en perigo a súa íntima relación con Washington. Hai un par de hipóteses sobre o tema.

> **'O**s sobreviventes do *USS Liberty* pediron con insistencia que a Casa Branca reabra a investigación para estabelecer responsabilidades. En van: Israel é un piar dos EE UU en Medio Oriente"

Algúns analistas propoñen que Israel quixo impedir que o barco-espía informara acerca do movemento das súas tropas que anunciaba a inminente invasión dos Altos do Golán en territorio sirio. O historiador e xornalista Gabby Bron, certamente de dereitas, testemuñou algo moi distinto nun artigo publicado polo xornal israelí *Yediot Ahronot* (do 17 de agosto do 1995): presenciara no aeroporto de El Arish como uns 150 prisioneiros de guerra exipcios, logo de seren interrogados por militares israelís, eran levados fóra e se lles daba unha pa para cavaren a súa propia tomba. "Vin como un home escavou un foxo nuns 15 minutos –explicou Bron–, despois o policía (militar israelí) díxolle que guindase a pa e entón un deles apuntouno cunha uzi e disparoulle dú-

Continúa na páxina seguinte

Cartas

Correo electrónico:

Armas baixo control

Cada minuto morre no mundo unha persoa vítima da falta de control no comercio de armas. España tamén é cómplice neste problema debido ao descontrol nas súas exportacións de armas e non debe perder a oportunidade de converterse agora en parte da solución aprobando unha boa lei sobre comercio de armas.

Está previsto que nos próximos días debátase no Congreso o proxecto de lei. É urxente que se chegue a un acordo para que a lei poida ser aprobada na actual lexislatura. Pero tamén é necesario que se introduzan as modificacións precisas para que esta lei non sexa un coador. Se se aproba o proxecto de lei tal e como está agora, o comercio de armas de España seguirá sendo escurantista xa que seguirá sen regularse a obriga de dar detalles sobre cada produto que se exporta. Algo que até os Estados Unidos –o maior exportador de armamento– xa fan. É que seica ten España algo que ocultar?

Transparencia é a peza chave que falta no *puzzle* da lei. Amnistía Internacional e a cidadanía levan máis de 10 anos reclamando unha regulación do comercio de armas. Agora é o momento de que todos os grupos políticos demostren o seu compromiso cos dereitos humanos aprobando unha lei que garanta a transparencia e control efectivo das exportacións españolas de armas.♦

AMAIA LÓPEZ
(VIGO)

Obras virtuais

Algúns políticos deben pensar que a xente é parva, que vale todo con tal de enfeitizar un simpatizante que finalmente se converte en votante dunha sigla grazas a un golpe de efecto oportuno. Só así se entende que persoeiros como o alcalde de Vigo, Abel Caballero, xoguen ás obras virtuais para gañar unhas eleccións.

Cando presentou en público unha importante obra para o porto da cidade, que incluía un hotel de deseño e moitos outros equipamentos dos que Vigo carece, a xente polo xeral pensou que o proxecto era real, que sairía adiante, que serviría para darnos orgullo, para atraer o turismo, incluso para crear un símbolo. Pero outravolta temos que chorar polos recunchos avergoñados polos políticos que nos tocaron en mala sorte. Outra vez nos sentimos enganados pola ansia de poder dun señor que xoga coas ilusións e os cartos dos demais.

Envexo cidades como Valencia que souberon gastar o diñeiro en potenciar edificios senlleiros e espazos tan atractivos que por si mesmos chaman os visitantes e dignifican a autoestima dos veciños. Caso parecido ocorreu en Bilbao, co Guggenheim. E que pasa en Vigo? Todo o contrario. Levamos moitas décadas vendo preciosas maquetas que nunca chegaron a plasmarse: o Plano Palacios é o máximo exemplo de obra virtual, de ciencia-ficción urbanística. Ás veces penso que esta cidade é o pesadelo dun arquitecto ou dun urbanista ou do emperador Nerón que seica tiña vicio por deseñar cidades. Estes outeiros revirados, esta ría indómita é unha besta que non hai quen domeñe, un caos explosivo que ou ben está parada, como pasa agora, ou se estende coma unha praga sen respectar zonas verdes, espazos públicos nin harmonía cidadá. Que pena!♦

AFONSO COBAS
(VIGO)

Vén da páxina anterior

as breves ráfagas, cada unha de tres ou catro balas". Agrega que observou unhas dez execucións até que un coronel israelí o obrigou a marchar do lugar a punta de pistola. O capitán de corbeta estadounidense James M. Ennes Jr., sobrevivente do *USS Liberty,* apunta que "segundo testemuños de funcionarios e xornalistas israelís, o exército israelí –o exército que se precia de ter un nivel moral superior ao doutros exércitos– executou non menos de 1.000 prisioneiros árabes durante a guerra do 1967" (*davemull@alphalink.com.au,* do 11 de xuño do 2001). Algo é algo.

E que sucedeu do lado estadounidense? Por que o Goberno Johnson mantivo a mentira israelí? E máis aínda: por que o entón xefe do Pentágono, Robert McNamara, lle ordenou ao vicealmirante Lawrence Geis, comandante dos portaavións da 6ª flota norteamericana que navegaba no Mediterráneo, que regresasen os cazas que este enviara en auxilio do *USS Liberty* e permitiu que as forzas israelís seguisen matando efectivos norteamericanos? É esta a demostración máis apalpábel e mortífera do poder do *lobby* israelí nos EE UU que canaliza o Comité Estadounidense-Israelí de Actividades Políticas (AIPAC, polas súas siglas en inglés). Unha recente investigación do Premio Pulitzer de xornalismo John Crewdson, baseada na desclasificación de documentos oficiais, cuestiona a afirmación da Axencia de Seguridade Nacional de que nunca interceptara as comunicacións dos pilotos israelís atacantes e suxire que o Goberno Johnson "desexoso de salvar a reputación de Israel e de preservar a súa alianza cos EE UU, cerrou o caso cunha averiguación que incluso algúns dos seus participantes hoxe din que foi apresurada e defectuosa por demais" (*The Baltimore Sun,* do 2 de outubro do 2007).

Os sobreviventes do *USS Liberty* pediron con insistencia que a Casa Branca reabra a investigación para estabelecer responsabilidades. En van: Israel é un piar dos EE UU en Medio Oriente e os seus gobernos, sexan demócratas ou republicanos, préganse ademais ás presións do AIPAC e ocultan as verdades molestas. A Guerra dos Seis Días foi provocada por un ataque do exército exipcio, insiste Tel Aviv e reitera Washington. "Esqueceron" a confesión que o entón primeiro ministro israelí Menajem Begin, fixo en xuño do 1982: "En xuño do 1967 tiñamos que escoller. A concentración de tropas exipcias no Sinaí non proba que Nasser estaba realmente por atacarnos. Debemos ser honestos con nós mesmos. Nós decidimos atacalo" (*www.consortiumnews,* do 5 de outubro do 2007). A verdade non é linda, non.♦

JUAN GELMAN é escritor uruguaio.

Gonzalo

Xosé Lois

Labrando a rebelión

PONTEVEDRA

Presentación e coloquio sobre
o libro de Edicións A Nosa Terra

Labrando a rebelión.
Societarismo e populismo agrario
en Galiza
1896-1936

polos autores
Isidro Román Lago e Antonio
Bernárdez Sobreira

na galería Sargadelos
o venres 26 de outubro ás 20h30.

Sarkozy pronúnciase contra a política rusa un día antes de ser recibido por Putin, Zapatero e Ibarretxe enfróntanse polo referendo pero renovan o cupo vasco, o PP abouxa o Goberno o 12 de outubro pero Raxoi sae a apoiar a Zapatero fronte a Ibarretxe. Moitos critican estas "contradicións" e cualifican os políticos de hipócritas e acomodaticios. Teñen razón, só na guerra total hai coherencia total. A paz esixe negociación, *acordes e desacordos* que diría Woody **Allen.**

Neste momento, máis da metade da auga que se bebe en Barcelona xa é envasada. Tamén se empeza a vender auga de mar embotellada, con diversos fins: para as vías respiratorias, por puro gusto, etc. Todo é susceptíbel de ser mercantilizado. Quizais, moi pronto, se venda osíxeno puro nas grandes urbes contaminadas, quizais haxa persoas que se ofrezan para charlar contigo se te sentes só, igual que antes había escritores, con mesa e tinteiro, nun soportal, que lles redactaban cartas de amor aos namorados **analfabetos.**♦

Nº 1.285 ● Do 18 ao 24 de outubro do 2007 ● Ano XXX

Os tres grupos consensuarán unha proposición de lei para levar a Madrid

O parlamento pídelle ao goberno central as competencias de Tráfico por unanimidade

A.G.N.

XURXO SALGADO

Os tres grupos parlamentarios traballarán finalmente xuntos para redactar unha proposición de lei que reclame do Congreso a aprobación, mediante Lei Orgánica, da transferencia das competencias de Tráfico e Seguridade Vial a Galiza, tal e como anunciou o portavoz nacional do BNG e vicepresidente, Anxo Quintana, durante o debate do Estado de Autonomía.

Así o acordaron tras unha xuntanza celebrada o mércores, 17 de outubro, entre o propio Quintana, o secretario xeral de Relacións Institucionais, Xabier Ferreira e os portavoces parlamentarios dos tres grupos da cámara; Manuel Ruíz Rivas, (PPdeG), Ismael Rego (PSdeG) e Carlos Aymerich (BNG). To-

Parece que hai un acordo para impulsar a transferencia de Tráfico?

A proposta de Quintana non ten fiabilidade agora a meses dunhas eleccións. Para ter Tráfico hai que impulsar a Policía Autonómica e agora hai que desenvolver ese proxecto de lei. Tampouco está no Estatuto e formaba parte da proposta de novo texto que rexeitou o PPdeG.

E das 70 competencias, que teremos ao final da lexislatura galega?

Hai algunhas importantes que teremos como a das Illas Atlánticas, Inspección de Traballo e mesmo a de Tráfico. As principais estarán e tamén algunhas relacionadas con costas.♦

Xaime Pita (PP)

'Touriño pide 400 policías e o Estado envía 50'

Que valoración fai do actual proceso de transferencias?

Está moi clara a actitude do Goberno Zapatero, que é de total peche da capacidade que ten Galiza de recibir transferencias. Hai un documento con 70 competencias das que non se pode renunciar a ningunha. Non é de recibo a actitude de Madrid con Galiza cando neste mesmo periodo si houbo transferencias importantes a Andalucía e Catalunya.

Vostede asumiu esta tarefa con Fraga, que diferenzas atopa?

Co Goberno Aznar houbo transferencias importantes, como a do Servizo Galego de Colocación. Con Zapatero na Moncloa presentamos un documento con 31, das que fomos avanzando en 20. Daquela estaba Xosé Luis Méndez Romeu como secretario de Estado de Cooperación, que era o meu interlocutor, e había avances. Por iso non entendo o parón que se está a producir agora.

Vai facer algo o PP para impulsar este proceso dende a oposición?

Non cabe dúbida, pero o curioso aquí é que temos un goberno que non se pon de acordo. Hai unha parte do bipartito que se enfronta á outra. E ao fronte deste desgoberno temos que situar a Touriño, que é quen lle ten que reclamar a Zapatero que cumpra os compromisos con Galiza. Hai que ser belixerantes nas demandas xustas e necesarias para o país.

Neste senso, parece que hai acordo dos tres grupos para impulsar a transferencia de Tráfico…

E que esta cuestión é escandalosa. Somos a primeira comunidade en número de accidentes e aínda temos que soportar declaracións prexuiciosas do director xeral de Tráfico. O que fai falla é que se poñan medios e recursos. Resulta que Touriño di que fan falla 400 policías e vai Madrid e só nos manda 50. Así non imos a ningún sitio e continuaremos cos problemas.♦

Xaquín F. Leiceaga (PSOE)

'A ampliación de transferencias impediuna o PP'

Que lle está a pasar o proceso de transferencias?

Estamos nunha situación que está condicionada pola proximidade das eleccións xerais e algunhas das transferencias que se piden, como a de Tráfico, precisa dunha lei orgánica. Outras necesitan un impulso político pero estamos nun período no que o goberno está centrado noutras cousas, especialmente nos Estatutos doutras autonomías. É deste xeito como se amplían as competencias, e no caso de Galiza non foi posíbel por culpa do PPdeG.

Os nacionalistas aseguran que o cambio de ministros en Administracións Públicas lle afectou a esta situación. Que opina?

Iso hai que preguntarllo a Quintana, que foi quen mantivo relación cos dous. Nós non percibimos este cambio, aínda que una nova relación precisa de tempo.

Antón Losada (BNG)

'Confío en que haxa avances en Traballo, Salvamento Marítimo e Ordenación do Territorio'

Hai uns días Zapatero amosaba reticencias ante o proceso de transferencias a Galiza. A que responde esta actitude?

É circunstancial e hai que enmarcala no proceso das vindeiras xerais. O PSOE non quere abrir novos flancos que poden servir para que sexa atacado polo PP. Pero penso que o proceso continuará inmediatamente logo das xerais.

Ten algo que ver nisto a nova ministra de Administracións Públicas?

Para min é muda. Non coñezo ningunha declaración sobre esta materia, aínda que hai que ter en conta que os acordos non os asinan as persoas; nin Helena Salgado nin Anxo Quintana, senón que son acordos de goberno; o de Galiza e o de Madrid.

Vostede levou durante dous anos esta materia dende a Vicepresidencia. É optimista?

Son. Penso que é unha demanda social e é difícil para o goberno central explicarlles aos galegos que o autogoberno avanza en Cataluña, Andalucía, Aragón e mesmo en Ceuta e Melilla e non aquí.

Pero cantas transferencias acadará a Xunta das 70 reclamadas?

Confío en que acadaremos resultados importantes en áreas prioritarias e tamén en aspectos importantes como Inspección de Traballo, Salvamento Marítimo, Ordenación do Territorio e a conversión da Comisión Bilateral de Transferencia nun verdadeiro órgano bilateral de relacións Xunta-Goberno central. Se iso é así será impresionante o avance, sobre todo, porque non temos un novo Estatuto.

Parece que hai acordo en impulsa a transferencia de Tráfico. Pensa que será transferida?

Non me cabe a menor dúbida que se os tres grupos se poñen de acordo Madrid non poderá dicir que non. É difícil que alí PP e PSOE digan unha cousa diferente ao que dixeron os seus partidos aquí.♦

Xaime Pita (PP).

Xaquín Fernández Leiceaga (PSOE).

Antón Losada (BNG).

dos eles coincidiron na necesidade de reclamarlle a Madrid o traspaso dunha materia que figura no catálogo das 70 competencias que a Xunta lle entregou ao goberno central, pero as lecturas son moi diferentes.

Mentres que para o vicepresidente esta iniciativa demostra que se coloca o parlamento no centro da vida política e une todos os grupos parlamentarios nunha loita común, os socialistas considérana "electoralista" e "fóra de lugar" e os *populares* piden un "maior compromiso" da Xunta na petición a Madrid do paquete competencial.

"Está claro que esta demanda ten que ver coa oportunidade temporal e non ten operatividade práctica. A tres meses de que remate a lexislatura non é posíbel que esta lei se aprobe en Madrid", subliña Rego. "Non busco a controversia. Non imos contra o goberno central senón que tentamos que se lles dea resposta aos nosos anceios de máis autogoberno", resposta Quintana. "Nós estamos a favor de máis autogoberno pero lembramos que foi durante este goberno de Zapatero cando máis parado estivo o proceso de transferencias", apuntou Ruíz Rivas.

Parón no proceso de transferencias

Precisamente, dende que a Xunta comezou as negociacións con Madrid para avanzar no traspaso das 70 competencias tan só se completaron tres; o Instituto Social da Mariña, o Titulo de Xestor Administrativo e a transferencia do CEIP 'Juan de Lángara' de Ferrol. Aínda quedan por transferir áreas nas que xa había acordo previo entre Xunta e goberno central e sobre as que José Luis Rodríguez Zapatero dixo que "aínda había discrepancias".

A materialización destes traspasos (salvamento marítimo, inspección de Traballo, a titularidade patrimonial dos bens da Seguridade Social, o saldo da débeda de superficie da Administración central nas catro provincias, centros de investigación con sede en Galicia e o cambio da titularidade dos arquivos ou museos propiedade do Estado) xa foi abordado, polo menos, en cinco encontros que mantivo a Comisión Bilateral de Cooperación dende 2006, aínda que non quedaron pechados. Tanto Touriño como Quintana afondaron neste asunto con Zapatero e o ex ministro Jordi Sevilla, respectivamente, en senllas xuntanzas que tiveron lugar en febreiro deste ano.

Entón, o propio Sevilla subliñaba que Xunta e goberno central "priorizarían" sete competencias. "Acordamos crear un grupo de traballo que estará antes dun mes en funcionamento e que, antes do verán, fará un informe sobre cal é o grao de maduración e a posibilidade de avanzar de aquí a final de ano nestes sete traspasos", subliñaba. Porén, dende entón e até hoxendía, poucos avances se deron nesta materia.♦

O presidente realizou dez viaxes ao extranxeiro, fronte ás catro de Quintana e de Feixóo

A volta ao mundo de Touriño

XURXO SALGADO

Máis de 150.000 quilómetros levan percorridos os líderes políticos galegos en pouco máis de dous anos de lexislatura e, ao igual que acontecía durante o goberno de Manuel Fraga, o continente americano é o preferido de Emilio Pérez Touriño, Anxo Quintana e Alberto Núñez Feixóo para presentarse ante a emigración. E, por suposto, se algún país destaca no periplo americano, eses son Arxentina e Uruguai, que seguen a ser a xoia da corona das viaxes políticas.

A presidenta do Parlamento, Dolores Villarino, observa o álbum de fotos da viaxe de Emilio Pérez Touriño á Arxentina. A.G.N.

A estes dous estados viaxaron xa os tres dirixentes políticos, e algúns, como é o caso de Touriño e Núñez Feixóo xa repetiron visita. Non é para menos, alí se concentran máis de 150.000 galegos con dereito a voto, case a metade dos inscritos no Censo de Residentes Ausentes (CERA). Aínda así, Touriño, Quintana e Feixóo insisten en que as súas viaxes non son electorais. Tampouco o eran as que Fraga realizou a estes dous países no 2000, 2003 e 2005, ou iso era o que dicían os *populares* na pasada lexislatura.

Encabezando o *ranking* dos políticos máis viaxeiros está Touriño. En menos de dous anos e medio de goberno xa leva catro grandes viaxes ao estranxeiro e seis máis pequenas a Portugal, Alemaña e Bruxelas. Quintana atravesou dúas veces o Atlántico e outras dúas foi a Bruxelas e Suíza, mentres que Feixóo saltou o mar en tres ocasións e en outra foi a Suíza.

As primeiras viaxes de Touriño foron a Centroeuropa. En novembro de 2005, catro meses despois da súa toma de posesión, o presidente galego bautizábase con honores de viaxeiro. En 24 días visitaba cinco cidades; o 4 reuníase co primeiro ministro portugués, José Sócrates, en Valença do Minho, o 16 acudía ao Comité das Rexións en Bruxelas, o 18 e 19 voltaba a Portugal ao cumio de Évora e dous días despois ía a Múnic á VI Conferencia de Presidentes de Rexións con Poder Lexislativo (REGLEG). O 28 visitaba, novamente, Bruxelas para reunirse coa comisaria europea de Política Rexional, Danuta Hübner.

Tiveron que pasar catro meses para que realizara a súa primeira gran viaxe a Arxentina e Uruguai. Logo seguiu Portugal, en xullo e Xenebra (Suíza) e Hannover (Alemaña) en novembro. O xefe do Executivo galego reservou o 2007 para realizar outras dúas grandes viaxes; en marzo de 2007 ía ao Brasil e a comezos deste mes voltaba a Arxentina e Uruguai. Durante a súas estancias en América, Touriño entrevistouse cos presidentes do Brasil, Luís Inácio Lula da Silva; Arxentina, Néstor Kirchner e Uruguai, Tabaré Vázquez.

Marcas presidenciais

Unha marca que aínda non superou nin Quintana, nin Núñez Feixóo e que Touriño encargábase de lembrar no debate parlamentario desta semana. Nas dúas grandes viaxes que o vicepresidente realizou a América, a primeira a Venezuela en setembro de 2005, e a segunda a Arxentina e Uruguai en maio de 2006, conseguiu entrevistarse con Hugo Chávez, presidente venezuelano e con Tabaré Vázquez, non así con Kirchner. Neste tempo, tamén estivo en Suíza (novembro de 2006) e en Bruxelas (marzo de 2007).

En todo caso, a indirecta dos contactos presidencias do presidente ían cara ao líder *popular* que nas súas tres viaxes a América; Nova York, Arxentina e Uruguai en maio de 2006, México e Venezuela en outubro-novembro de 2006 e Arxentina e Uruguai en novembro dese mesmo ano, non se entrevistou con ningún presidente, aínda que si con ministros e gobernadores. Feixóo aínda realizou unha última viaxe este ano a Suíza.

A pesar dos quilómetros feitos, os tres líderes políticos preparan novas viaxes en época preelectoral. Touriño xa anunciou que visitará Cuba e México en decembro e, moi probabelmente, os EE UU a comezos de ano. Un país que tamén baralla visitar Quintana a finais deste ano, así como asistir a un acto internacional no Sáhara o vindeiro mes. Pola súa banda, Núñez Feixóo podería recalar, por terceira vez en menos de dous anos e medio, en Arxentina e Uruguai.♦

EN POLEIRO ALLEO

Sobre o Che Guevara

O filósofo **Francisco Fernández Buey** responde a un editorial de *El País* sobre o Che Guevara nunha carta dirixida ao propio periódico (11 de outubro). "Non é preciso que un fose algunha vez guevarista ou selo hoxe para considerar a súa nota editorial de onte, *Caudillo Guevara*, un insulto á intelixencia e á sensibilidade, un exemplo máis do tipo de discurso *autorizado pola policía e vetado pola lóxica* que dicía **Marx**. Para empezar, é dunha ignorancia supina atribuírlle en exclusiva ao romanticismo europeo o prexuízo de que entregar a vida polas ideas é digno de admiración e eloxio. Só un inculto pode escribir iso. En segundo lugar, é sectario denominar *morte* ao asasinato de Guevara en La Higuera e por riba atribuirlle o propósito de dotar o crime dun sentido trascendente. En terceiro lugar, é unha manipulación incalificábel identificar o que fixo o internacionalista Guevara con movementos terroristas, nacionalistas ou *yihadistas* de agora. En cuarto lugar, é un infundio, digno do peor revisionismo histórico, presentar a vida e a acción de Guevara e dos seus seguidores como mera coartada para un autoritarismo de signo contrario, que non xermolaba daquelas, como di a súa editorial, senón que existía xa no continente americano. En quinto lugar, é absurdo presentar a Guevara como posta ao día do caudillismo latinoamericano: os extremos só se tocan na cabeza do editorialista *de El País*".♦

LATEXOS

Arroutadas de Mayor Oreja

X.L. FRANCO GRANDE

As manifestacións de Jaime Mayor Oreja a *La Voz de Galicia* do 14 de outubro producen arreguizo. Á pregunta sobre por que lle custa tanto ao PP condenar o franquismo, responde: "Porque iso forma parte da historia de España... ¿Como vou condenar o que, sen dúbida, representaba un sector moi amplo de españois? "Polo que chega á conclusión de que se na ditadura houbo dous bandos foi porque o franquismo era a consecuencia dunha Guerra Civil na que houbo dous bandos. "Non é o mesmo –di– que o réxime nazi, onde había un só verdugo".

Ou sexa, que como a brutalidade franquista forma parte da historia de España temos que aceptala. Brillante razoamento, que nos dispensa de máis comentarios. Os réximes nazi, estalinista e franquista coincidiron nos seus obxectivos e nos seus fins, nos seus procedementos e nos seus resultados: impoñer o silencio, negar as ideas dos demais, reprimilas con saña, converter nunha entelequia a división de poderes e o país nun cuartel ao vello estilo. E todo obra tamén dun único verdugo.

Si houbo unha diferenza: o franquismo practicou esas "virtudes" que tanto estima Mayor Oreja ao longo de case 40 anos: naceu matando –con ordes moi estritas de matar para impoñer o pánico nas terras conquistadas e de eliminar calquera oposición– e desapareceu co ditador matando. E outra diferenza máis: nin Adolf Hitler nin Iosif Stalin fixeron unha guerra civil nos seus países.

Para Mayor Oreja é un mito a represión franquista no Pais Vasco, pois –dinos– "todos os garda civís galegos pedían ir ao País Vasco". Información esta que habería que verificar, pero, aínda que fose certa, teriamos que baixar ás causas, dadas as circunstancias que entón se vivían no país. En calquera caso, o que todo o mundo sabe é que a represión no País Vasco aínda foi superior á do resto do país. Non se pode esquecer a bibliografía que o demostra.

O PP non desautorizou en forma as arroutadas do seu eurodeputado. Só tratou de interpretalas: "O que dixo Mayor Oreja é que este debate (o da memoria histórica), que divide e enfronta os españois, é un debate do pasado que incumbe os historiadores". Pero isto que dixo Ángel Acebes non é o que dixo Mayor. Pon medo pensar que, ao día de hoxe, existan estas mentalidades tan primitivas. E que o partido non as desautorice sen contemplacións.♦

Alberto Núñez Feixóo nunha das súas intervencións. A.G.N.

Touriño insiste en reformar o voto e Feixóo critica o uso electoral

PPdeG, PSdeG e BNG sitúan a emigración no punto de mira

XURXO SALGADO

A Cámara galega volveu converterse esta semana nun campo de batalla entre os grupos que sustentan o bipartito e o PPdeG e, desta vez, a conta da emigración galega. O presidente galego, Emilio Pérez Touriño, comparecía no parlamento para dar conta da súa recente viaxe a Arxentina para inaugurar a primeira embaixada da Xunta no exterior, o que motivou duras críticas da oposición.

Alberto Núñez Feixóo acusou a Emilio Pérez Touriño de utilizar electoralmente esta visita e lembrou que, tanto para esta sede como para a embaixada de España en Arxentina, foron elixidos deputados socialistas no Congreso. Ademais espetoulle a Touriño que foi a Arxentina e Uruguai a "confundir" os emigrantes por anunciar que este ano os netos de galegos poderán ter a nacionalidade española. Tamén lle reprochou que o fixera nun "mitin" onde "se lles deu de comer" aos asistentes. E para corroboralo, amosou un *ticket* de comida.

"Vostedes teñen unha visión dos emigrantes como seres vulnerábeis, inferiores e útiles. Dende logo que nós non temos ningunha intención electoralista", respostou o presidente galego nun ton imperativo, chegando a repetir até en cinco ocasións que, durante a súa visita a Arxentina, nunca pronunciou a palabra "voto" nin utilizou partidariamente o seu cargo.

As críticas de Touriño provocaron o enfado do deputado *popular* responsábel de Emigración, Xosé Manuel Castelao Bragaña, emigrante na Arxentina, que decidiu abandonar o hemiciclo. Un xesto que, posteriormente, utilizou Feixóo para pedirlle a Touriño que retirase esas palabras "abusivas e ofensivas contra todos os emigrantes".

O presidente galego insistiu en que os eixos centrais da súa viaxe e, en xeral, da acción exterior da Xunta son a "institucionalización" da presenza de Galiza no exterior, "repoñer" os dereitos dos emigrantes e "velar" polos intereses do país e dos seus cidadáns. Por iso, puntualizou que a inauguración da sede da Xunta en Bos Aires responde a estes obxectivos e desbotou categoricamente que fora a Arxentina e Uruguai a "apañar votos". "Esa é a gran diferenza co Goberno Fraga. Nós non imos alí a aproveitarnos dos nosos emigrantes", engadiu.

Reforma do sistema de voto

Na mesma idea insistiu o voceiro do BNG, Carlos Aymerich, quen subliñou que Galiza necesita una política exterior "propia" con "voz e voto" nas políticas europeas e iberoamericanas. Saudou a apertura da embaixada en Bos Aires se serve para estes obxectivos e defendeu a concesión da nacionalidade aos netos dos emigrantes sempre e cando se reforme o sistema de voto e se analice quen e en que procesos electorais pode participar.

A luva foi recollida por Touriño, quen pediu o compromiso de todos os grupos parlamentarios para tentar que o voto na emigración se faga con "absoluta transparencia". Porén, quixo deixar claro o compromiso do seu partido para que os residentes ausentes voten en urna e para abrir un debate sobre a participación dos emigrantes nos procesos electorais, unha recomendación que tamén lle fixo Núñez Feixóo.

Touriño volveu insistir na súa proposta en contestación a unha pregunta do PPdeG durante a sesión de control ao goberno. Así, anunciou que lle indicará ao conselleiro da Presidencia que convoque o relatorio constituído no parlamento galego para analizar o voto emigrante co obxectivo de que os residentes ausentes poidan depositar a súa papeleta electoral en urna, un compromiso que leva anos aparcado na propia Cámara galega e que, periodicamente, se converte en noticia pola proximidade de eleccións.

E todo caso, tanto o BNG como o PPdeG amosáronse dispostos a volver falar da reforma do voto emigrante. Os nacionalistas, a pesar de ter abandonado este relatorio, insistiron en que xa non se chegará para os próximos comicios xerais pero destacaron, a través do seu voceiro parlamentario, Carlos Aymerich, que queren unha participación "limpa, clara e transparente", para seguintes eleccións. "Hai un acordo do parlamento sobre esta cuestión dende hai anos e aínda non se cumpriu", aclarou o voceiro *popular* Manuel Ruíz Rivas, quen dixo que o seu grupo está disposto a falar sobre o mesmo se hai un "consenso" de todas as formacións políticas.♦

Rifa a conta da maternidade de Amparo González

Apalpábase no ambiente e non fixeron falla moitos artificios dialécticos para que unha proposición non de lei do PPdeG sobre a revisión dos trámites para a obtención da baixa por maternidade desembocase nun cruce de insultos entre deputados *populares* e do BNG.

A chama xa había tempo que estaba prendida e só facía falla que estoupara. O PPdeG viña de denunciar nos últimos días a socialistas e nacionalistas por "pasar o rolo" no parlamento e impedir que unha das súas deputadas, a ourensá Amparo González (que acaba de ter un fillo), delegase o voto nalgún dos seus compañeiros. E os grupos que sustentan o bipartito non tardaron en respostar. Aproveitaron esta iniciativa para deixar claro que único que fixeron foi cumprir "estritamente" as normas do parlamento, aprobadas coa maioría absoluta dos *populares* durante o Goberno Fraga e que recollen que o voto é "persoal e intransferíbel".

Unha situación que provocou tirapuxas entre os voceiros dos tres grupos e que rematou en insultos cando o nacionalista Bieito Lobeira lles espetou aos *populares* que eran uns "fachas e uns nazis" por manter esa actitude. "Maleducados é o que sodes vos", espetoulle a popular Susana López Abella, quen pediu o amparo da Cámara. "Tamén a min me compararon cun terrorista e non pasou nada", respostou Lobeira ao referirse ao episodio no que un parlamentario do PP o comparou con Josu Ternera. En todo caso, quedou clara a disposición dos grupos para abordar a reforma do regulamento.♦

A lingua e a fe

XOSÉ MANUEL SARILLE

Como vostedes ben saben, existe un ritual de frecuencia máis ou menos anual, dentro do cal unha institución decide publicar unha estatística sectorial sobre a lingua nacional. Saíu musical pero dáme exactamente igual.

Todos os resultados saen horribelmente mal, e a continuación outros lamentan que estea tan mal, botan as mans á cabeza e berran alto e forte: o idioma vai desaparecer! Cada vez son menos, porque en xeral están atendendo altos designios de goberno. Súmase ao Gólgota, con cilicios, fluxos e sangue, esta columna, que vén dicindo que todo isto é unha hipocrisía de carallo. Que o único certo é que o idioma se converteu xa entre as novas xeracións nunha lingua residual. O demais é beataría. Polo seguinte.

A beataría é a virtude afectada. A afectación da virtude consiste en laiarse ante a evidencia do mal, relatando con certa bobaxe, algo conas, moi conas, o ben, sen ter valentía para denunciar o verdadeiro problema. É o que fan os beatos católicos, que quentan con prédicas a falsa virtude, mentres os seus actos prácticos son aínda máis defectuosos que os do resto dos mortais, sen contar co suplemento hipócrita. Ultimamente escoito *Radio María*. Poñen contos marabillosos, case para subnormais, con voces merdeiras de *Chispita* e *Garbancito*. Non sabes se te elevan á graza celestial ou te converten en babión completo.

No nacionalismo a beataría dedícase a anunciar cada ano o mal que vai o idioma e o ben que poderiamos estar coa lingua de noso. Antes a xogada tiña un remate interesante: botábaselle a culpa ao PP. Agora non ten a culpa ninguén. Mandan os nacionalistas, fano peor que Xerardo Fernández Albor (sen ironía ningunha) e hai que calar. Di vostede que son os socialistas os que levan o da normalización? Non. As dúas áreas que negociou Anxo Quintana para xestionar conxuntamente foron os medios de comunicación e a política lingüística.

Acaba de saír outra estatística pésima e a dirección de A Mesa pola Normalización Lingüística bota as mans á cabeza. E non remata a xogada.

Curiosa situación. Por primeira vez os nacionalistas xestionan todo tipo de gobernos existentes en Galiza e fan exactamente o mesmo que os outros. Tampouco hai outras enerxías que estean por probar no campo da xestión e permitan esperar un remonte da lingua, semellante ao vasco. Só fica a beataría. Para crentes, claro.♦

Xosé A. Bernárdez e, á dereita, Isidro Román. PACO VILABARROS

Isidro Román e Xosé A. Bernárdez

‘As sociedades agrarias naceron fóra do campesiñado’

MARÍA OBELLEIRO

Isidro Román Lago (Vigo, 1968) e Xosé Antonio Bernárdez Sobreira (Vigo, 1970) veñen de publicar *Labrando na Rebelión. Societarismo e populismo agrario en Galiza* (A Nosa Terra, 2007). Co afán de identificar as carencias no discurso histórico, a obra recolle teses de ambos os dous historiadores que sacan á luz novas interpretacións sobre o nacemento do agrarismo e a súa evolución en Galiza.

Por que consideran que o estudo do agrarismo galego parece ter desembocado nun plácido retiro?

Bernárdez: Os estudos publicados até o de agora realizáronse entre os anos 1998 e 2000 e teñen moitas lagoas por solucionar. Agora pasouse a estudar o agrarismo na época do franquismo aproveitando o tirón da memoria histórica.

Román: A partir destes estudos xurdiron moitas preguntas. É o agrarismo un movemento social? Por quen está integrado? Por que se dá unha pluralidade de ideoloxías? No noso libro, aínda que é unha primeira achega, respóndense estes interrogantes.

Existe diversidade en canto á data de nacemento do agrarismo. En que ano nace?

B: Segundo a tese oficial, nace coa crise finisecular, a finais do século XIX. Nós sostemos que nace no 1907 dentro dos movementos políticos que se dan nos anos de Maura. Esta época posibilitou a apertura de oportunidades políticas que favoreceron a mobilización de colectivos non necesariamente campesiños.

R: Para fixar unha data, levamos a cabo un desenvolvemento teórico sobre movementos sociais e a partir de aquí aplicamos as características ao ano 1898. O resultado é que estes trazos non se cumpren até 1907.

Por que non consideran o agrarismo consecuencia directa da crise?

B: A crise produciu unha serie de cambios na agricultura galega, sobre todo, en canto á propiedade, pero as consecuencias da crise noutras agriculturas tradúcense en movementos moi potentes que en Galiza non se deron. Relacionar crise e agrarismo resulta conveniente, pero hai que matizalo bastante porque non é unha consecuencia directa.

R: De feito, se comparas o nacemento do societarismo agrario de 1898 en Galiza co resto do societarismo europeo hai moitas diferenzas. Para comezar, os societarismos europeos son populistas e o galego é de carácter republicano e socialista. Por eivas propias, o societarismo galego non foi un movemento social organizado e vai desembocar na creación do agrarismo, que si se parece ao populismo europeo.

Por que a historiografía galega establece unha relación directa entre a mobilización campesiña e a crise, obviando as experiencias de protesta previas?

B: Pretendeuse crear unha imaxe do agrarismo como algo novo, atractivo e moderno. As experiencias de protesta previas correspóndense cun modelo antigo. A necesidade de darlle ese carácter ao agrarismo e de relacionalo cos momentos que se daban fóra levan a esa maquillaxe, que é pouco realista.

De aí que consideren que é superficial a caracterización do agrarismo como movemento social.

R: Baixo a etiqueta agrarismo englóbanse aspectos que nin se investigan. Dise que o agrarismo é un movemento social, unitario e heterodoxo. Tamén se apunta que hai tendencias que abranguen case todo o abano ideolóxico de Galiza, pero ninguén se parou a ver qué orientacións seguiron os anarquistas, os populistas ou os socialistas. Até o de agora só se falaba da heteroxeneidade e a análise quedaba aí.

En que consistían as sociedades agrarias?

R: Eran organizacións de base parroquial que pretenderon artellar a sociedade baixo parámetros políticos e económicos. A súa misión como instigadores da vida na parroquia foi moi destacada porque tentaron actuar sobre os todos os ámbitos, dende ter escolas até ter lugares para o lecer.

> **‘O societarismo foi considerado unha ameza porque apareceu como opción político-administrativa anti sistema”**

B: Hai que engadir que boa parte dos dirixentes eran alleos ao mundo agrario. Hai avogados, comerciantes, mestres, curas ou propietarios. O modelo das sociedades agrarias foi importado e buscou introducir a modernización política e económica no campo. De aí que cuestionemos o tópico da auto organización campesiña, porque estas sociedades son organizacións agrarias, pero non campesiñas, porque nacen fóra do campesiñado

Por que o societarismo agrario era considerado unha ameza?

R: O societarismo, que era maioritariamente republicano-socialista e naceu no 1898 e rematou no 1907, foi unha ameza porque apareceu como unha opción político-administrativa anti sistema que combateu o caciquismo e os impostos. As elites consideraban que mobilizar politicamente o rural era unha ameza. Ante iso exerceron unha represión que impediu que o societarismo puidese transformarse nun movemento social.

B: É importante destacar que foi a Igrexa un dos elementos máis potentes na represión.

Cales foron as diferenzas entre o movemento social de 1907 respecto a períodos anteriores?

B: O movemento de 1907 xorde dunha división das elites, algo que non acontecía en anos anteriores. Hai que ter en conta que a xente que o apoia é do círculo de Montero Ríos, que non foi un labrego dunha aldea calquera. Tamén está o discurso populista, cunha elaboración intelectual moi clara.

R: Ademais, a incorporación dos foros como bandeira de loita posibilita que ese movemento eclosione. O éxito do movemento do 1907 é o foro, porque permite crear unha unidade ao redor de sociedades diseminadas.

Ademais da redención dos foros, que elementos incorporou o discurso populista?

B: Foi fundamental a retórica anti caciquista, pero tamén o ruralismo e a defensa dunha identidade campesiña, malia que esa identidade é un construto elaborado dende fóra a modo de idealización. Chegouse a identificar campesiño e galego, algo que Basilio Álvarez practicaba bastante. No discurso tamén se inclúen aspectos da visión económica, como a crítica leve ao capitalismo ou a defensa do cooperativismo.

R: Hai que destacar os períodos da posición anti obreira dos populistas agrarios, que manifestaron unha “aversión” a todo o que era obreiro, porque a través dos obreiros entran no campo o socialismo, o comunismo e o anarquismo. Tamén hai un ataque á vida na cidade, aínda que tampouco foi constante porque os agraristas adoptaban posicións diferentes respecto á política económica, ao foro ou ao anti caciquismo segundo o que pasase en Madrid, porque é un movemento moi relacionado co poder.

Como manifestou o seu malestar o agrarismo?

R: Comezou cunha protesta tradicional, cunha loita contra o consumo, os embargos de foros ou as chamadas a quintas. As reunións anunciábanse coas badaladas das campás e para dispersar a xente, a Garda Civil disparaba e entón aparecían os primeiros mortos. Este xeito foi evolucionando até a participación das organizacións obreiras.

B: O movemento posterior ao 1907 é de mobilización política, de presión, non de protesta. Os solidarios usaban os mitins con fins electorais.

R: Até o de agora sempre se mantivo que en Sobredo tivo lugar unha protesta agraria polo impago de foros. Unha vez que investigamos, decatámonos de que as claves nada teñen que ver nin con Basilio Álvarez, nin con Portela Valladares, porque non se guiaron baixo os parámetros do agrarismo. O caso de Portela Valladares é estraño, porque sendo agrario aceptou ser gobernador civil de Barcelona.

A que se debe a desaparición do agrarismo como movemento social?

R: Débese a súa diversidade ideolóxica e ás contradicións que xerou a chegada ao poder de Primo de Rivera, que colocou a dedo os anti caciquís. Por vez primeira, os agrarios tiveron unha gran presenza no poder municipal. Isto orixinou un fraccionamento interno, porque os esquerdistas non viron con bos ollos a colaboración. Ademais, deuse unha contradición interna porque un movemento social non detén o poder, senón que o reivindica.

B: O que vén despois da Segunda República non ten nada que ver co anterior, porque a partir de entón as redes de confianza están totalmente danadas, de aí que falemos do remate do agrarismo en 1930, non en 1936.◆

Moi pronto, ben logo, decontado,

na súa rede

e no seu quiosque

axiña

A Nosa Terra

Diario Dixital

Un novo medio de comunicación na internet, para estar informado ao minuto en galego.

A Nosa Terra

Un novo semanario

Con máis páxinas, a toda cor, con todos os puntos de vista, para informar, analizar e desfrutar.

a **nosa** terra, **forte**, plural, **actual**

O inefábel señor Blanco

CARLOS AYMERICH

Hai unha esquerda española que, incapaz de aprender da experiencia, segue a acreditar en dogmas como a necesidade dun forte poder central redistribuidor como único xeito de combater as desigualdades e controlar os oligopolios privados ou tamén naquel outro que, en nome dun mal entendido internacionalismo, equipara o imperialismo da nación dominante ou hexemónica co nacionalismo libertador das nacións negadas ou minorizadas. Estal mal chamada esquerda remata, decote, por xustificar e dirixir as expresións máis excluíntes e autoritarias do españolismo. Así aconteceu nos anos de Felipe González, pactando primeiro a LOAPA coa UCD e organizando despois, xa no goberno, unha ofensiva re-españolizadora que se cobrou na Lei galega de Normalización Lingüística unha das súas primeiras vítimas. E non por acaso esta ofensiva coincide no tempo coa entrada na OTAN, a reconversión industrial, a guerra suxa contra ETA ou o encarceramento dos obxectores de consciencia.

Cumpre recoñecer que, canda o retorno do PSOE ao poder, Zapatero amosou unha sensibilidade diferente face a pluralidade lingüística, cultural e nacional. Fose por necesidade ou por convición, o certo é que a primeira parte da lexislatura estivo marcada polo mal chamado debate territorial. E mesmo apesar da negativa a considerar nin tan sequer o Plano Ibarretxe, o presidente español semellaba estar sinceramente comprometido coa resolución definitiva dalgúns dos problemas que envelenan a vida e o debate político no Estado español. Tampouco é casual que nesta primeira parte da lexislatura a mellor asunción da plurinacionalidade se producise simultaneamente a un certo aprofundamento democrático en forma de extensión de dereitos cívicos ou de maior separación entre a Igrexa e o Estado.

Xosé Blanco, secretario de organización do PSOE.

> ‘Cando as cousas se torcen o PSOE volve ceder á chantaxe da dereita e a competir con ela no seu propio campo, o da loita contra os nacionalismos disgregadores”

Mais todo era apariencia. Porque cando as cousas se torcen o PSOE volve ceder á chantaxe da dereita e a competir con ela no seu proprio campo, o da luita contra os nacionalismos disgregadores. Amosa, de novo, a súa face máis autoritaria, acudindo aos mesmos métodos que o PP empregara con éxito para consolidar grupos económicos e mediáticos afíns (porque cal é a diferenza entre a criazón de “La Razón” por Aznar e o apadriñamento do novo xornal “Público” por Zapatero?). Era, con efeito, unha miraxe producida apenas pola inexistencia, sempre salutífera, de maiorías absolutas.

A cinco meses escasos das eleccións os socialistas españois voltan oferecer a súa face máis soberbia: “el PSOE espera subir en Galicia a costa del nacionalismo”, vén de proclamar o secretario de organización do PSOE, José Blanco, padriño de Ventura Pérez Mariño e de Abel Caballero. Para este PSOE o inimigo a bater na Galiza é o BNG e non un PP co que, ao fin, comparten muitas máis cousas. O deseño é nítido: trátase de reducir a presenza do nacionalismo galego nas Cortes españolas e proceder no último ano da lexislatura na Galiza a dinamitar o pacto co BNG. Por iso obstrúen calquera vía de incremento do autogoberno ao lle negar a Galiza competencias que outras Comunidades Autónomas xestionan desde hai tempo. Por iso levan para Andalucía a construción naval civil que lle negan a Ferrolterra.

Esquece porén o desleigado Sr. Blanco que cada son máis os galegos que saben que o BNG é garantía de honradez, de defensa dos dereitos democráticos e da xustiza social e, sobretodo, de que os intereses de Galiza estexan presentes e sexan tidos en conta. E nos vindeiros comicios xerais o BNG aspira a mellorar de forma substancial os seus resultados, en termos de voto popular e de representación institucional. Querémolo facer, a poder ser, a costa do PP. En todo caso, a costa de todos aqueles para os que Galiza é apenas o pasaporte para unha vida regalada en Madrid. A costa, se ten de ser, do Sr. Blanco.♦

LUGO

Casco histórico

ANTÓN GRANDE

O investimento en rehabilitación da Consellaría de Vivenda logrou cambiar a fasquía dun dos barrios máis degradados nas últimas décadas. Agora ofrécense vivendas en aluguer para mozos e maiores.

O casco histórico de Lugo estaba moi degradado, en especial no que se refire a unha das súas zonas máis populares, a chamada ruta dos viños, é dicir, a Ruanova, rúa da Cruz ou Praza da Campo, onde máis dun edificio presentaba un abandono só digno daquelas cidades que non saben valorar o que teñen de seu. Outro tanto sucedía coa próxima zona da Tinería, outrora considerada como o mellor barrio de prostitución de Galicia e convertido dende había anos nunha ruína próxima na que se refuxiaban as derradeiras meretrices de épocas pasadas, nas que putas tan sonadas como dona Vicenta *a Valenciana,* da que a lenda popular lle creou unha relación íntima co bispo daquel entón, Rafael Balanzá, na que se afirmaba que mantiñan unha boa amizade por ser ambos valencianos, e que tiña, con todo, o respecto dos lucenses, clientes ou non do seu lupanar, ou outras furcias tamén que deixaron fama na capital como *A Cuca, A Coloretes, Pili do Casual, A Gitana* ou *Merche,* que engrandeceron aquel barrio por toda Galicia.

Sin chegar a estes extremos, a Tinería conserva tamén a chamada “Casa de Dona Urraca” onde se afirma que se aloxou esta nobre dama e que conserva un fermoso balcón, ben visíbel dende a Muralla, onde se afirma que foi o seu cuarto de apousento.

Esta miseria urbanística que só traía lembranzas trocou moi seriamente hai un par de anos, cando a Consellaría de Vivenda mercou un bo número de casas nesta zona monumental e desfeita para a súa rehabilitación e posterior alugueiro a rapaces de menos de 35 anos ou a maiores de 65.

Dende entón, a transformación foi lenta pero por bo camiño e o panorama trocou para ben case sen decatárense os lucenses. Aínda quedan un par de bares de alterne que se converteron agora nunha excepción, pois a rehabilitación fíxose unha realidade, primeiro cun nobre edificio convertido en pub irlandés; logo unha viñoteca, máis adiante un hotel dos chamados con encanto, a piques de abrir, e que mesmo recupera unha antiga fonte do século XVII e agora, as vivendas, das que a consellaría abrirá neste mes o proceso para adxudicar en aluguer. En total son 36 pisos a menores de 35 anos, cun prezo de alugueiro que oscilará entre os 57 e os 176 euros ao mes.

Un dos adefesios da cidade, moi visitado polos turistas e con grande proxección dende a Muralla, comeza agora a ofrecer unha imaxe nova, acorde cos novos tempos, recuperando así a vida que faltaba nestas rúas grazas á habitabilidade das vivendas rehabilitadas e á instalación de novos negocios na zona.

Lugo segue sendo unha cidada agradábel para visitar e vivir nela pero agora, con esta acometida da Consellaría de Vivenda, faise aínda máis entrañábel. Dende logo, paga a pena dar unha volta polo seu casco vello. De seguro que non se sairá defraudado.♦

GUISA E NAPO — **UXÍA E BRAIS**

SUBLIÑADO

Isis en Filé

LOIS DIÉGUEZ

Collemos unha lancha por baixo da presa pequena de Assuán para chegar á illa de Filé. En realidade é a illa de Agilquía, pois a de Filé foi anegada polo encoro cando se construíu, e o templo de Isis trasladado pedra a pedra ao novo emprazamento, moi perto. A viaxe, curta, permítenos gozar desa vista de engado ao ir aparecendo, como se se movesen connosco, os pilonos do templo, tan enormes, e as columnas colosais do quiosco de Traxano. Beleza pura onde o papiro, o loto e a palmeira son inspiración dos capiteis voluminosos. Isis é a deusa da maternidade e do nacemento. Filla de Ra, deus solar, e aparece no *mammisi* (casa do nacemento de Horus, o fillo) amamantándoo. Tamén na naos, a sala máis sagrada do templo, pequena e dourada, que nos pon arrepíos de admiración no corpo, mais neste caso coa cara de Isis esnaquizada polos cristiáns que reconverteron parte do monumento en igrexa e non quixeron que se confundise á deusa coa Virxe María, a pesar de que esta nova relixión copiase o simbolismo todo da egipcia. O templo máis importante dedicado a Isis é este de Filé, e dise que ela mora alí para velar o corpo de Osiris, o seu marido, soterrado na illa de fronte (Biggeh), cando ela reuniu trece dos catorce anacos en que foi dividido por Shet, o irmán asasino. Apacíbel esta sensación celeste de ver no perfil dos penedos desta illa a cabeza e os pés do marido e irmán da deusa, e ao pensar que ela lle dedicou a vida en adoración. A mitoloxía declarouna inviolábel -a illa-, pois a terra está asimilada co corpo momificado do deus. Sorprendente foi a visita ao templo de Isis, e seguimos aínda hoxe engaiolados por ter gañado este simbolismo primordial. Volveremos alí algún día. Así llo prometemos.♦

mediación familiar gratuíta

AXUDAS PARA MATRIMONIOS OU PARELLAS ESTABLES, RESIDENTES EN GALICIA, EN PROCESO DE SEPARACIÓN, DIVORCIO OU NULIDADE DO MATRIMONIO OU BEN DE RUPTURA DA UNIÓN, ASÍ COMO EN CONFLITOS DE CONVIVENCIA.*

*Poden solicitala os dous membros da parella de común acordo, ou unha soa das partes coa posterior aceptación da outra.

recursos para a igualdade

prazo de presentación de solicitudes:
ata o 10 de decembro de 2007

mediación (do lat. *mediatiōne*) *f.* **1.** Acción e efecto de mediar. **2.** Der. Forma de solución pacífica dos conflitos na que se propón unha opción.

Tel: 981 957 165 / 981 545 671
http://vicepresidencia.xunta.es
www.igualdadegaliza.org

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral da Igualdade

Nº 1.285 ● Do 18 ao 24 de outubro do 2007 ● Ano XXX

O acto celebrouse en Láncara

A Nosa Terra recibe de mans de Neira Vilas o premio *Ramón Piñeiro: Facer País*

A.N.T.

Cada ano o testigo é pasado dun a outro premiado. O galardón *Ramón Piñeiro: Facer País* instituido pola Asociación cultural *Val de Láncara* elíxeno as diferentes asociacións da contorna e entrégase nun acto de grande calado social, que desta volta tivo como protagonistas a Xosé Neira Vilas e o semanario *A Nosa Terra* representado polo seu actual director Afonso Eiré.

Despois dunha visita ao concello e á biblioteca, onde *A Nosa Terra* fixo entrega duns libros para a institución e as escolas, fíxose un percorrido polo lugar cunha parada na Ponte do Carracedo onde se leron os primeiros textos por parte do alcalde e da asociación anfitriona. Logo da colocación dunhas flores diante do busto a Ramón Piñeiro por parte do presidente do Consello de Administración de *A Nosa Terra*, Miguel Barros, o alcalde de Láncara e o presidente da Asociación Cultural, Carlos López Sierra, tiveron lugar os actos da entrega do premio, simbolizado na figura dun elefante, como símbolo da intelixencia, realizado por unha alumna do colexio Ramón Falcón de Lugo.

Presentado polo xornalista Francisco Arrizado, interviu en primeiro lugar o xornalista Xosé López, vicepresidente do Consello da Cultura Galega, que realizou a gabanza dos premiados (ver recadro) ao que seguiu a intervención de Miguel Barros que se referiu á figura de Ramón Piñeiro e o papel de *A Nosa Terra*, insistindo na "necesidade dun nacionalismo forte e aberto", referíndose á súa traxectoria política explicando como chegou ao nacionalismo reflexionando sobre a figura e a obra dos galeguistas, comezando polo propio Piñeiro.

Despois das intervencións dunha representante da A.C. Val de Láncara (ver recadro), falaron a concelleira de cultura no nome do Concello, foi logo o turno de Xosé Neira Vilas que abondou no papel d'*A Nosa Terra* na concienciación dos emigrantes e referiuse aos que a mantiveron acesa en Arxentina, comezando por Castelao. Neira Vilas fixo referencia tamén a que el mesmo colaborou xunto coa publicación xunto a persoas como Manuel Pedreira, Moisas Dapresa ou Bieito Cupeiro.

Na súa intervención de recepción do premio *Facer País*, AfonsoEiré referiuse ao papel histórico de *A Nosa Terra* e tamén ao idioma, eixo primordial da publicación "*o idioma é onde se nacionalizan todas as árelas dun pobo*, escribiu Ramón Cabanillas; quen tamén deixou plasmado nas nosas páxinas que *os que se chaman galegos negando a lingua, son como as plantas e as árbores que nacen nos nosos eidos, corpos sen alma*. O *idioma é a fronteira entre o mundo da farsa e o da verdade*, sentenciou Vilar Ponte"

Eiré reivindicou o premio para todos os que sementaron nel durante un século " todos e cada un deles son parte do proxecto de *A Nosa Terra* e terían méritos dabondo para representala. Porque, se por algo se distinguiu é por ser un proxecto colectivo. Así veu sendo desde hai cen anos e así agardamos que siga sendo outro século máis".♦

Xosé Neira Vilas entrégalle o premio a Afonso Eiré. PACO VILABARROS

O espírito aceso da galeguidade

ENMA FERREIRO

Benvidos a Láncara. Aquí, na Ponte de Carracedo, ribas das augas do río Neira, o río vital de Ramón Piñeiro, espello claro que paseniñamente vai na percura do Miño, no nome da Asociación Cultural "Val de Láncara" quero desexarvos a todos unha feliz xornada. Estamos no vello camiño que dende O Padornelo, nas montañas do Cebreiro, conducía á amurallada Lugo. Camiño cargado de historia, camiño de alugados, de arrieiros, de traxinantes... camiño das postas que ían e viñan da Coruña, camiño dos peregrinos e da soldadesca, camiño dos emigrantes, camiño vivo de entrada e de saída dunha Galiza que miraba a Europa, que bebía de Europa, que tecía unha e outra vez o tapís de milflores dunha Europa sempre nova.

Camiño que, dende anos atrás esta Asociación xunto coas da Comarca de Sarria, ven reivindicando con ocasión das celebracións do "Día das Letras Galegas" e que, hoxe en pleno século XXI, desexamos teña nova vida, pois sendo canle viva e vivificadora, ao andarmos polas sombrizas congostras ou albiscarmos o mundo dende o Monte da Meda, axudará a entender mellor, a facer máis nosas estas terras lancarinas, nas que o noso Ramón Piñeiro, o latinista Froilán López, o trovador Pedro de Armea, Angel Castro (pai de Fidel Castro), Vázquez Montalbán ou Basilio Losada deprenderon o Catón universal da galeguidade, no marco xeográfico dun mundo rural aberto en plenitude, un mundo sen portelos arrendantes, que neste vello camiño tivo a chave de abrirse aos tempos, de abrirse ás ideas.

Neste ano 2007 o Premio Ramón Piñeiro "de facer País" recaeu en *A Nosa Terra*, vizosa árbore que ten as súas raiceiras moitos lustros atrás e que na súa longa andadura, por riba de eivas e de atrancos, por riba de décadas de ferro e fume, mantivo aceso o espírito da galeguidade, o noso sentimento nacional, aínda que por moito tempo a súa voz se tivese que escoitar, océano en medio, desde lonxamos paises irmáns.

Os mellores dos bons e xenerosos foron quen de tecer portas, balcóns e xanelas para, rachando a escuridade, meter de cheo raiolas de inconformismo, na nosa Casa Común, e así *A Nosa Terra*, transcendendo do soporte voandeiro e feble do papel "fixo País", porque sementou ideas, xeralizou o uso e coñecemento da lingua escrita e foi plataforma privilexida para cantos ergueron a voz e a bandeira da dignidade da Galiza.

Unha divisa, *A Nosa Terra*

Pasaron os anos, pasaron os homes, mudaron as cabeceiras xornalísticas e a árbore anovou as follas, e mantívose viva, que non lle acae ser flor de hemeroteca, senón gaita grileira, zanfona rosmadora, charrasco impertinente.A súa vocación é ser voz e son dun pobo orgulloso de seu, dun pobo unido ao amor do seu sentimento nacional, e sabe ben quen somos Nós e cal é o espazo vital d'*A Nosa Terra*.

Cen anos atrás eran outras as augas que por baixo desta Ponte pasaban, eran outros homes e mulleres os que andaban a facer País... O río, a ponte, o camiño permanecen sinalando roterios.

Novas augas, novas xentes.

Río sempre novo, camiño aberto...

Premiando á publicación *A Nosa Terra* e os proxectos arredor dela xurdidos, dáselle galardón a todos aqueles galegos que nas súas páxinas sinalaron vieiros e metas, e sementaron a arela da Galiza dona de seu, por máis que, en moitos casos pagasen coa vida, co exilio e a cadea a dignidade de proclamárense homes libres.

Seguimos a soñar.♦

ENMA FERREIRO pentence á Asociación Cultural *Val de Láncara*.

Un modelo de xorna

Co agradecemento por poder estar neste acto, quero dicirlles unhas breves palabras. Son as dun profesional da información que foi redactor de *A Nosa Terra* nos primeiros momentos de recuperación da cabeceira e que hoxe traballa como docente na Universidade de Santiago, na súa Facultade de Ciencias da Comunicación. As miñas palabras parten do que onte foi un breve soliloquio –onte, cando o rematei e recitei en soidade, foi un soliloquio e hoxe é un relato para compartir con vostedes– que está estruturado en catro tempos / catro cuartos para recordar uns pequenos trazos do que fixo e do que representa a cabeceira *A Nosa Terra*. Trátase, pois, nesta intervención de recoñecer o papel dun referente informativo do galeguismo e do nacionalismo.

Trátase, en definitiva, de recordar en voz alta tanto o que segue sendo esta cabeceira histórica do xornalismo galego como o que moitos confiamos que faga, sexa e represente no futuro: un modelo de xornalismo comprometido, riguroso, ameno e participativo. É dicir, un modelo de xornalismo para estar informado, para pensar e para gozar.

Primeiro cuarto
Na hora de recordar a historia

A Nosa Terra ten unha brillante historia detrás de si. O nacemento deste xornal supuxo non só o comezo firme dunha prensa en galego, senón que abriu camiños para establecer un sistema galego de comunicación. Sentou bases para o que debe ser un modelo de prensa propia, defensora do noso país cunha visión universalista e moderna. Quizá por iso *A Nosa Terra* sempre foi algo máis ca unha publicación decenal (quincenal, mensual) ou un semanario, que se definiu (posicionou) desde o primeiro momento, como dicía aquel editorial do primeiro número de 1916 da autoría de Antón Vilar Ponte.

Logo de Nadal de 1977, *A Nosa Terra* comezou unha andaina coa marca de xornal semanal para informar desde o nacionalismo, dándolle a palabra aos grupos sociais que nese tempo traballaban no país e cunha especial atención ás cuestións ata entón silenciadas ou relegadas a un segundo plano nos menús informativos do modelo mediático entón dominante.

Este xornal defendeu a información como necesidade cultural, política e cidadá. Defendeu e practicou a información desde posicións abertamente galegas, nun recorrido marcado por tra-

PACO VILABARROS

alismo para estar informado, para pensar e para gozar

XOSÉ LÓPEZ

zos dunha historia violenta por dentro e belixerante cara a fora (en opinión da súa ex directora Margarita Ledo). Nestas dúas grandes fases, que agrupa catro etapas claramente diferenciadas, quixo ser e foi un medio comprometido.

Segundo cuarto
Na hora de recordar ás persoas

A xente que traballou no semanario *A Nosa Terra* e a que está neste medio na actualidade ten moito mérito. Forma parte dun proxecto con abondosas luces e algunha sombra, pero no que a compoñente persoal marcou as etapas e fixo realidade un proxecto informativo que doutro xeito quizá non fose posíbel. É por iso que convén aproveitar a ocasión para un recoñecemento público de todas esas persoas "boas e xenerosas" que puxeron o seu grao de area e, especialmente, a aquelas que na actualidade poñen vento nas velas para seguir adiante. Permítanme un recoñecemento público a dúas persoas sen as que non se pode entender a historia recente de *A Nosa Terra*: Margarita Ledo e Afonso Eiré *Pucheiro*.

A primeira: Margarita Ledo Andión, quen puxo o seu talento informativo, a súa capacidade de traballo, a súa ilusión e moitas máis cousas para facer posíbel a recuperación da cabeceira. Ledo Andión, cun equipo de profesionais mozos, foi capaz de sacar adiante un proxecto difícil, arriscado e nun escenario complexo. Ao final cumpriu sobradamente os obxectivos fixados e o seu nome ten que brillar na historia desta nova etapa.

A segunda persoa é Afonso Eiré *Pucheiro* e a equipa con que conta. Pucheiro, que traballou no proxecto desde o primeiro momento, foi quen de recoller o relevo nuns tempos convulsos, cunha dedicación exemplar, unha grande ilusión e un estilo moi persoal. O amigo Pucheiro sacou adiante o xornal, contra vento e marea, en tempos adversos e sen moitos medios. Cumpriu sobradamente os obxectivos fixados e o seu nome ten que brillar tamén na historia desta nova etapa.

Terceiro cuarto
Na hora das distincións

Das moitas distincións do semanario, quero recordar a Medalla Castelao, da Xunta –do Goberno do país–, concedida en xuño de 2007 e este premio Ramón Piñeiro "Facer País", da Asociación Val de Láncara –da sociedade civil–.

A A.C. Val de Láncara recoñece o labor desenvolvido por esta entidade, un medio de comunicación, a prol do país. E faino cun espírito de colaboración establecido polas asociacións culturais da comarca de Sarria e de Baralla. Ese movemento de colaboración estivo presente no nacemento de *A Nosa Terra*, mantívose na primeira fase da súa reaparición e confiamos en que se manteña no futuro.

No medio de tantos premios e tanto espírito colaborativo, *A Nosa Terra* está nun momento relativamente doce. Conflúe neste ano o centenario e os trinta anos desde a súa reaparición en Galicia, logo de que a ditadura franquista obrigara á publicación a exiliarse en Bos Aires. Trátase, pois, dunha boa ocasión para emprender novas andainas, como xa teñen anunciado.

Cuarto final
Na hora dos desafíos

As distincións deben dar folgos para seguir. Confiamos que non ceguen aos nosos amigos estes recoñecementos merecidos e desexamos que os vexan como azos para este camiño cheo de desafíos, para os que xa puxeron as primeiras pedras.

Ao longo da súa historia, o semanario manifestou un firme compromiso na defensa do idioma e da cultura galega, atraendo a este proxecto informativo algunhas das voces máis senlleiras do xornalismo e da literatura galegas. Houbo acertos e erros, pero unha liña firme de compromiso co país. Esa militancia cos intereses do país e as súas xentes –todos nós– é o que algúns pensamos que non debe cambiar.

Como todos sabemos, *A Nosa Terra* pasou por varias etapas. Foi voceiro dos galeguistas, medio de comunicación editado no exilio e semanario nacionalista nos tempos actuais. Nunha época dirixiuse preferentemente á pequena burguesía ilustrada; noutros tempos, os que comezaron no ano 1977 e chegan ate hoxe, buscou un público máis heteroxéneo. E sempre para furar a montaña da indiferenza coa palabra precisa, destacou como militante na defensa da lingua, da cultura e dos intereses do país. *A Nosa Terra* asumiu uns valores xornalísticos que teñen vixencia e que, polo tanto, logo dunha actualización, deben seguir estando presentes no seu ideario. Refírome a catro valores fundamentais:

1.-Un xornalismo definido, posicionado –como dixo Vilar Ponte–, con liña editorial galeguista, pero aberta e crítica. Un xornalismo comprometido co país, coa defensa dos seus intereses e das súas xentes.

2.-Un xornalismo honesto, ético, responsábel, serio, ameno e transparente

3.-Un xornalismo participativo e cooperativo, que escoite e dea voz aos cidadáns

4.-Un xornalismo proactivo e galego, un xornalismo para pensar e para gozar

En definitiva, un xornalismo de calidade, próximo e ameno.

O xornalismo de *A Nosa Terra* sempre contribuíu a dignificar a fala do noso pobo. Unha das súas bandeiras foi o vello idioma que "souberon gardar como ouro os nosos traballadores do mar e da terra, eses traballadores galegos que son do meu sangue e son da miña carne", como xa explicou Castelao aos deputados de Madrid o 18 de outubro de 1931. Son palabras que eu hoxe, nesta festa de recoñecemento ao semanario *A Nosa Terra*, fago miñas para recordar en voz alta a importancia do emprego da nosa lingua nos medios de comunicación do país.

Na súa primeira etapa, esta cabeceira soubo afrontar o desafío modernizador. Foi capaz de asumir a contemporaneidade e a súa complexidade sen medos e desde a óptica do nacionalismo.

Hoxe *A Nosa Terra* está na hora de conquistar o futuro, ese desafío constante para un medio de comunicación. Afronta ese cambio necesario con ilusión. Ten diante un reto importante, que gañará no caso de que aplique esa vella fórmula que xa lle deu éxito noutras ocasión: un equipo de profesionais capaces, talento informativo e o apoio dos cidadáns –é dicir, de nós.

Hoxe todos desexamos que este premio Ramón Piñeiro "Facer País", da Asociación Val de Láncara, lle dea forza ao proxecto xornalístico de *A Nosa Terra* para vencer estes novos desafíos. Ánimo e a seguir cun xornalismo na nosa lingua e comprometido na defensa dos intereses do noso país galego.♦

XOSÉ LÓPEZ é profesor de Xornalismo na Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago de Compostela.

Sete de cada 10 traballadores do sector TIC galego son homes

As empresas de novas tecnoloxías tamén relegan a muller

LORENA OTERO

Malia os numerosos plans postos en marcha pola Xunta para fomentar a presenza da muller no sector das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) o seu número é moi reducido e dende o ano 2002, segundo os datos proporcionados polo Instituto Nacional de Emprego, está en estancamento.

Os profesionais do sector das novas tecnoloxías caracterízanse por ser homes con unha idade comprendida entre os 25 e 40 anos e con titulacións universitarias superiores (39%) ou medias (18,4%). O Observatorio Galego da Sociedade da Información indica que sete de cada dez traballadores do sector pertencen a esta franxa de idade.

As mulleres só representan o 31% dos traballadores deste sector segundo datos do Observatorio e desempeñan primordialmente labores administrativas (64% mulleres, 36% homes) mentres que as altas xerarquías da industria e as labores técnicas están acaparados polos homes, seguindo a tendencia do resto dos sectores empresariais. Nos cargos directivos as mulleres só representan un 17% dos empregados e nos postos de maior especialidade non superan en ningunha das ramas o 30%, como é o caso dos técnicos informáticos, electrónicos ou de redes e telecomunicacións.

As mulleres só representan o 17% dos cargos directivos das empresas relacionadas coa tecnoloxía da comunicación.

No embargante, esta desigualdade de xénero esténdese en todos os campos das novas tecnoloxías. Así as profesoras universitarios da área das TIC´s non representan máis do 20% do persoal docente e no caso das cátedras non chegan ao 10%, segundo os datos publicados pola oficina Unidade Muller e Ciencia (UMC) da Xunta, creada en decembro do 2006, para incrementar a presenza da muller nos ámbitos científicos e tecnolóxicos e paliar a disparidade existente entre homes e mulleres neste sector.

Ademais hai que ter presente que os sector das TIC`s chegou tardiamente a Galicia con respecto ao resto de España, o que se reflicte no parque empresarial galego que é un dos máis reducidos de todas as Comunidades Autónomas con 1485 actividades empresariais das que só 694 teñen empregados, segundo datos do pasado ano, superando só a Castela e León, Castela a Mancha e Estremadura. Esta industria xera un volume de negocio que non supera os novecentos millóns de euros, dous terzos dos cales están repartidos case en partes iguais entre a área de telecomunicacións e de informática, onde se concentra o 75% do emprego, segundo a Consellería de Innovación e Industria.

Os estereotipos e prexuízos, principais causas do desequilibrio

Este panorama mantense no uso das tecnoloxías da información e da comunicación fora do eido laboral e estudantil. O último informe elaborado para o Plan Estratéxico Galego da Sociedade da Información sinala que a proporción de galegas que nunca usou internet é 20 puntos superior á dos homes, que responde segundo Montserrat Nogueira, coordinadora do Seminario Muller e Universidade (SMU), "a unha situación de discriminación social que sufriu sempre a muller e que lle impide introducirse actualmente no eido das novas tecnoloxías, dominadas polo sector masculino que coarta a introdución da muller neste tipo de traballos".

Aínda que os especialistas sinalan que é un área en expansión, o principal obstáculo para a presenza da muller no sector son os "prexuízos e estereotipos que capacitan á muller para o desenvolvemento dunhas actividades e de outras non e que están a reproducir nas novas tecnoloxías", sinala a coordinadora do SMU, "ademais da dificultade de conciliar a vida laboral e familiar, para o que sería preciso unha maior implicación da Administración". Pois segundo afirman asociacións como Alecrín ou a Federación de Empresarias Galegas "as mulleres implícanse con todas as actividades que realizan os colectivos para fomentar a súa presenza nas novas tecnoloxías, como cursos ou campañas informativas e esfórzanse por aprender, aínda que nunca se sentiron unidas a estes sectores".

A proporción de galegas que nunca usou internet é 20 puntos superior á dos homes.

"A introdución da muller nas novas tecnoloxías é fundamental para conseguir a súa integración social", como recoñece Ana Míguez, presidenta da Asociación Alecrín de Vigo, e "non se pode permitir quedar á marxe". Porén a Xunta puxo en marcha distintas iniciativas que tentan fomentar a súa participación na sociedade da información e da comunicación, pero segundo sinala a presidenta de Alecrín non "souberon predicir o problema e chegaron tarde. Ademais as trabas burocráticas demoran a posta en marcha dos programas, así como a distribución das subvencións". A presidenta da Federación de Empresarias de Galicia, Rosa Rois, afirma que a "Xunta debería implicarse máis e seguir o modelo irlandés que dedicou un forte investimento a este eido conseguindo paliar as diferenzas de xénero no sector".♦

'Pérdelle o medo á internet'

A Xunta para paliar este desequilibrio de xénero dentro do sector das novas tecnoloxías creou a Unidade de Muller e Ciencia que trata de eliminar os desequilibrios existentes na formación científica e promover a incorporación feminina no ámbito científico e tecnológico.

O Plan Avanza, programa do Goberno central, a partir dun convenio coa Xunta, tenta promover as tecnoloxías da información e da comunicación a través de 27 iniciativas que se centran en diversos colectivos como a muller, a terceira idade, a familia ou a produción gandeira. O fomento de internet nas aulas e as subvencións as empresas para a súa renovación tecnolóxica, ademais da formación, divulgación e difusión dos usos da rede entre as mulleres son algunhas dos proxectos postos en marcha pola Administración.

A estas iniciativas úneselle a campaña informativa "Pérdelle o medo a Internet", elaborada pola Federación de Mulleres Empresarias en colaboración coa Xunta, que pretende axudar as mulleres a que lle perdan o medo ás novas tecnoloxías, centrándose nas de maior idade e de zonas rurais e inculcarlles a idea de que internet non é patrimonio dos máis novos. Un autobús informativo percorrera todas as cidades galegas, aproximando a formación precisa aos núcleos rurais. A que se engade o portar de internet *womanempreden.org*, iniciativa da Universidade de Santiago de Compostela, que ten o obxectivo de axudar á creación de empresas no eido universitario promovido por mulleres.

A Administración tamén incide na formación dos mestres de primaria, que son maioritariamente mulleres, e que demanda formación para poder inculcarlle aos cativos o uso das novas tecnoloxías como algo cotián.

Máis estas medidas non son suficientes, sinala Montserrat Nogueira, coordinadora do Seminario Muller e Universidade, "os traballos para potenciar a presenza da muller no sector das novas tecnoloxías debe comezar xa no ensino primario. Rachar cos estereotipos que coartan a liberdade de elección das rapazas no eido estudantil e laboral e esquecer os tópicos que lle adxudicaban á muller as carreiras universitarias relacionadas coa saúde e as letras e aos homes os estudos técnicos e as enxeñerías". Na actualidade máis do 70% dos alumnos de carreiras técnicas son homes mentres que nos estudos pertencentes ás ciencias da saúde, ás ciencias sociais e xurídicas e ás humanidades, predomina o sector feminino. Esta circunstancia inflúe directamente no perfil estudantil das traballadoras do sector das novas tecnoloxías, xa que máis do 46% das empregadas non teñen ningunha titulación relacionada coas TIC´s, segundo datos do Observatorio Galego da Sociedade da Información.♦

Nº 1.285 ● Do 18 ao 24 de outubro do 2007 ● Ano XXX

Menos mal que nos queda Portugal

MANUEL CAO

O proceso de globalización e deslocalización avanza imparábel e non podía deixar de afectar nas relacións co veciño luso tantas veces idealizado dende o ámbito cultural e político por parte das elites intelectuais galegas. As novas que alertan do traslado masivo das empresas en expansión da área viguesa a polígonos industriais creados ao outro lado do rio Miño non contan máis que a asignación de recursos do capital industrial e tecnolóxico que trata de apurar as vantaxes competitivas mediante a redución de custos e a exploración das perspectivas futuras de negocio nunha área económica homoxénea en recursos humanos, infraestruturas e estrutura institucional básica.

Os axentes empresariais teñen un comportamento moi práctico ao operar en sistemas competitivos nos que é preciso moverse e actuar axiña se se quere manter unha cota de mercado ou introducir un novo produto. Son a flexibilidade, a rapidez e a eficacia claves na actuación dun empresario competitivo. Os axentes ven a área Galicia-Norte de Portugal como zona comercial común dende hai tempo, que se transformou coa integración na UE e sobre todo coa chegada do euro nun mercado homoxéneo onde a fronteíra é unha lembranza que se mantén nos deseños arquitectónicos do pasado e en certos comportamentos dos gobernos e burocracias estatais.

Aqueles que pensan que coa globalización as decisións do mercado prevalecen sobre as do Estado non están errados pero de aí non se deriva a inutilidade das políticas públicas á hora de influír na localización das empresas e a creación de actividade económica, sendo o exemplo de solo industrial ben claro ao respecto. Mentres os axentes públicos e privados de Portugal puxeron en marcha estratexias para captar investimentos do exterior mediante a dotación de solo industrial competitivo en prezo e calidade a Xunta de Galicia artellou os parques empresariais dispersos por concellos que tiñan escaso atractivo para as empresas mentres na área económica máis dinámica de Vigo-Porriño había un déficit enorme en solo empresarial que tampouco o goberno central nin os empresarios privados puideron solucionar axeitadamente. Esta inacción foi aproveitada polos organismos públicos lusos apoiados nas vantaxes en salarios, infraestruturas e facilidade na xestión administrativa. E así puideron poñer á disposición das empresas galegas millóns de metros cadrados nos polígonos industriais de nova creación. Só falta que os investimentos complementarios en vivendas, equipamentos e servizos públicos deriven definitivamente á actividade económica cara a Valença, Vila Nova de Cerveira e outros concellos próximos á fronteira para que o dano sexa aínda maior.

Quizais a clave da actuación da Xunta estivo en que priorizou a alimentación da rede clientelar dos micromercados de voto electoralmente máis rendíbeis fronte á potenciación de sectores máis esixentes e innovadores, que favorecerían a dinámica económica e social do país pero sen seguridade de réditos electorais para o PP.

> ‘A Xunta priorizou a alimentación da rede clientelar dos micromercados de voto electoralmente máis rendíbeis fronte á potenciación de sectores máis esixentes e innovadores”

Doutra banda, o diferencial global de prezos entre España e Portugal sempre había de beneficiar a Portugal unha vez que a apertura das fronteiras e as facilidades de transporte lle proporcionan ao solo industrial luso as mesmas utilidades que o de Galicia.

A Xunta debería actuar axiña dotando de infraestruturas e solo industrial e comercial a zona Sur de Galicia, tanto para reter algúns investimentos nas empresas en expansión como para atraer aquelas que incorporen un maior nivel tecnolóxico e capacidade de arrastre intersectorial. A expansión do alén Miño dará oportunidades de negocio que poden inducir á localización de actividades de servizos a empresas que teñen maior componente tecnolóxico e requiren de capital humano máis formado.♦

A silicose aféctalle ao 20% dos obreiros segundo os sindicatos

O sector da pedra e do mármore de Pontevedra, convocado á folga indefinida

M.O.

A menos dunha semana do fin da folga na construción, anúnciase un novo paro, desta vez indefinido, no sector da pedra e do mármore. A CIG e CC.OO., ás que finalmente tamén se uniu UGT, convocaron o parón na provincia de Pontevedra, polo peso específico do sector, para o día 24 de outubro. Os sindicatos reclaman un convenio único que no caso de acadarse afectaría a uns 5.000 traballadores da provincia.

O anuncio da folga indefinida foi o resultado unánime da reunión celebrada no Porriño e na que participaron máis de trescentas persoas. Para o próximo día 24, están convocados á folga uns 4.500 traballadores do sector do mármore e da pedra e uns 1.200 no sector dos áridos e das canteiras. Finalmente, tras consultalo cos afiliados no sector, UGT decidiu apoiar a convocatoria da CIG e CC OO. O obxectivo do paro non é outro que acadar un convenio único para o sector en toda a provincia. Hoxendía, os traballadores están distribuídos no sector do mármore e da construción.

Demanda de melloras na situación laboral

Os sindicatos reclaman que as actividades que engloban estes sectores sexan recoñecidas como tóxicas, o que suporía a aplicación do plus tóxico-penoso pola doenza da silicose, enfermidade que os traballadores que están en contacto coa sílice cristalina son propensos a contraer. Segundo os sindicatos, nestes momentos un de cada cinco obreiros están afectados pola doenza. A implantación do plus tóxico suporía un incremento do 20 por cento no salario do convenio para os traballadores expostos ás actividades que entrañan risco. Tamén demandan xornada de verán nas canteiras e nas areeiras, aumentos de salario polas quendas nas compañías que transforman pedra e a supresión das empresas de traballo temporal no sector.

Ao longo do ano, os traballadores das canteiras repetiron as mostras de malestar pola situación laboral que viven. O Porriño xa acolleu a primeiros de ano unha manifestación na que solicitaron a mellora das condicións laborais, sobre todo, no referente á saúde e á seguridade.

Segundo os sindicatos, hai meses que iniciaron os contactos cos empresarios, aínda que estes aseguran que non se trataba de negociacións sobre un convenio único, senón que atendía a outras cuestións. A CIG opina que “só a Asociación de Canteiros de Galicia estivo á altura das circunstancias amosándose disposta a encarar este novo marco convencional”. Durante os próximos días, prevese que os sindicatos e a patronal se reúnan co fin de reconducir as negociacións.♦

O paro na construción finaliza co maior incremento salarial dos últimos anos

M.O.

As asembleas de traballadores da construción desconvocaron a folga indefinida prevista para a xornada do 17 logo de ratificar o novo convenio do sector. O convenio acadado reflicte un aumento do soldo dos máis de 40.000 traballadores da construción da provincia de Pontevedra e a estabilidade laboral para o 2009.

O preacordo para o convenio provincial acadado o pasado día 11 foi ratificado por ampla maioría polas asembleas de traballadores nos locais da CIG, sindicato maioritario no sector. O novo convenio terá unha duración de tres anos e recolle que, a partir do 2009, ningunha compañía do sector poderá operar se os contratos indefinidos dos traballadores non acadan o 35 por cento do cadro de empregados. Para o próximo ano, a porcentaxe de persoal indefinido deberá chegar ao 25 por cento.

Ademais de promover a estabilidade no sector, o acordo tamén inclúe unha suba salarial que supón un incremento medio de 600 euros brutos ao ano. Con este incremento do 5 por cento, os salarios pontevedreses equipararanse aos das provincias da Coruña e Ourense. O soldo para os peóns de obra pasará de 13.365 euros a 13.900, cifra que acadará os 14.644 euros brutos anuais no 2008 e 15.330 euros no 2009.

As dietas, os ascensos, as licenzas e as xubilacións tamén son obxecto de melloras. A CIG anuncia que o novo convenio tamén recolle un complemento de incapacidade temporal até o cento por cento da base de cotización en caso de enfermidade común dende o primeiro día e até os 90 días, e tamén en caso de hospitalización ou intervención cirúrxica.

Xosé Xoán Melón, secretario nacional da Federación da Construción da CIG, xa anuncia futuras medidas para o vindeiro convenio. “Unha das batallas centrais do próximo convenio será a xornada continuada”, anticipa.♦

O PP propón unha campaña de defensa dos símbolos españois logo de esixirlle ao goberno 'política do concreto'

Bandeira electoral

O 12 de outubro, no Casino –como na sede do PP– do Carballiño puxeron a bandeira galega canda a española. A. N. T.

CÉSAR LORENZO GIL

O PP quere que a recta final da actual lexislatura estatal xire ao redor dos símbolos de España. Logo de acusar o goberno de esquecerse da cidadanía favorecendo reformas "que non lle interesan a ninguén" aposta agora por defender a bandeira, a monarquía e o himno. Os *populares* volven tomar, deste xeito, a iniciativa na axenda política.

Aproveitando a festividade do 12 de outubro, o PP presentou unha ambiciosa campaña baixo o lema "Somos España", que reivindica os símbolos institucionais do Estado, caso da bandeira, a monarquía e o himno. As dúas bases da estratexia foron un vídeo do presidente do partido, Mariano Raxoi, no que pedía que os españois saísen a rúa o 12-O para celebrar "a festa da bandeira" e diferentes actos en todo o Estado, organizados por Novas Xeracións (as mocidades do partido), que buscaron, sobre todo, denunciar que nalgúns edificios públicos non se coloca a bandeira española.

Con esta campaña, o PP volve tomar a iniciativa política e marcar as liñas da axenda xusto no momento no que o lehendakari vasco Juan José Ibarretxe se reuniu co presidente do goberno, José Luis Rodríguez Zapatero, para falar sobre a proposta de convocar unha consulta popular en Euskadi. Os socialistas, que querían adicar a recta final da lexislatura a explicar as súas medidas de reequilibrio social (cheques Bebé e Vivenda, Lei da Dependencia) e anunciar os eixos para os próximos catro anos cunha clara intención electoralista, tiveron que pegarse á roda *popular* e volver insistir no seu respecto aos símbolos españois.

Esta nova estratexia de Raxoi encaixa con todo o discurso seguido durante os últimos tres anos e medio. Temeroso de que a perda electoral provocase escisións pola dereita no eido *popular,* os estrategas do partido asumiron plenamente parte dun discurso baseado no instinto nacionalista español, a defensa primaria de certos valores como seguranza, orde ou unidade e a denuncia constante do labor de Zapatero, especialmente no tocante á relación con Catalunya e Euskadi.

Nese ambiente xorde agora a defensa dos símbolos. O PP aproveitou a Festa Nacional Española, as noticias aparecidas sobre manifestacións contra a monarquía (calcúlase que participaron nestas ao redor de 100 persoas) e a consulta popular vasca para tentar garantir votos coa defensa da "esencia nacional" de España. A cinco meses das eleccións lexislativas, os *populares* aínda non presentaron ningunha iniciativa política ao redor dos considerados temas "cotiáns", agás un plan de vivenda que insiste na necesidade de liberalizar o solo municipal e subvencionar as hipotecas.

Da Hispanidade á Bandeira

Mariano Raxoi apostou por converter o 12-O no Día da Bandeira, inaugurando unha tradición allea ás propias celebracións desta data. De aí que o chamado a festexar a enseña non pasase de exhibila nalgúns balcóns, algo que tamén ocorría practicamente todos os anos ao coincidir o día coa Festa do Pilar, patroa da Garda Civil.

O 12 de Outubro comezou a celebrarse como Día da Hispanidade a primeiros do século XX. Por inspiración de Antonio Maura, e como xeito de superar a dor da independencia das antigas colonias americanas, os sucesivos gobernos de Alfonso XIII de Borbón impulsaban cada ano o achegamento aos gobernos dos novísimos Estados.

Escritores como Ramiro de Maeztu e clérigos como Zacarías de Vizcarra impulsaron termos como Hispanidade e Raza, encaixando a súa idea imperial nas nacentes ideoloxías fascistas de cuño español. Así, durante as primeiras décadas do franquismo celebrouse o Día da Raza con actos de irmandade cos países americanos, unha idea que se institucionalizou a partir do 1958, cando o 12-O pasa a ser festivo co nome de Día da Hispanidade, termo que se actualizou no 1981, cando a data se rebautizou como Festa Nacional, nunha pugna entre os continuístas e os que avogaban por darlle tal valor ao 6 de Decembro, data da aprobación do texto constitucional do 1978, hoxe tamén festivo.♦

Pouco seguimento na Pontevedra de Raxoi

O 12 de outubro pouca xente parou en Pontevedra, cidade natal de Mariano Raxoi e de toda a súa familia. O bo tempo e a coincidencia en venres animaron as viaxes.

O chamado á celebración da bandeira non tivo repercusión. A sede local do PP non colocou a enseña no balcón. No centro da cidade contabilizáronse unha ducia de teas, das cales só catro decoraban os edificios destinados ás vivendas dos traballadores do Exército. Tamén chama a atención que no edificio onde vive a familia Raxoi non houbese ningunha enseña na fachada.

A Deputación provincial, que antano celebraba o Día da Hispanidade cun encontro de amizade coa representación diplomática das cidades de Pontevedra e Vigo suspendeu este acto. Esta tradición proviña do franquismo.♦

Nº 1.285 ● Do 18 ao 24 de outubro do 2007 ● Ano XXX

AQUÍ FÓRA

Unha rúa da capital chinesa.

A hora clave de Hu Jintao

XULIO RÍOS

Nos últimos anos, Hu Jintao imprimiulle trazos particulares á reforma chinesa. A aposta polo social, a volta ao campo, o impulso á innovación tecnolóxica, a formulación dunha nova relación cos investimentos exteriores, a reivindicación da importancia do ambiente, a construción dun mercado doméstico a partir da elevación dos ingresos das capas menos favorecidas, etc., conformaron un novo clima no proceso chinés que deixaba atrás a etapa máis liberal, sentando as bases dun novo modelo de desenvolvemento e dun axuste colectivo e ambiental que resultan imprescindíbeis para asegurar a sostibilidade e a estabilidade do cambio.

Para modificar o rumbo e asegurar a autonomía do proceso, Hu Jintao impulsou igualmente profundos cambios internos. Non foron na liña de separar Estado-partido nin de fortalecer o Estado de dereito, tal e como se reclama insistentemente desde Occidente, senón promovendo intensas campañas de reeducación ideolóxica onde a combinación de ensinanzas confucianas e a reivindicación do marxismo semellan camiñar da man sen as rivalidades que antano estabelecera Mao Zedong. Igualmente, o patriotismo e a exaltación das epopeas revolucionarias habían servir para infundir nas novas bases do PCCh o compromiso necesario para que a transformación dos últimos anos non se quedara nunha simple capacitación tecnocrática. Por último, a loita contra a corrupción e a aprobación de rigorosas normas de incompatibilidades deberían servir para restabelecer a autoridade moral do PCCh, a nivel interno, territorial e social, moi minada polo desconcerto e a confusión e a emerxencia de novos e poderosos actores que fragmentan as lealdades partidarias.

Ese proxecto global de Hu Jintao, aínda sen perfilar de todo e con numerosas ambigüidades, presenta como dupla característica a fidelidade ao proxecto orixinal de Deng Xaoping e a aposta irrenunciábel pola soberanía nacional. Esa dupla insistencia implica, no seu parecer, a importancia de lle prestar moita atención á construción do partido e mesmo ao fortalecemento da democracia interna, sen que estea moi claro o significado de ambas as cousas, e, en especial, o segundo, cando a pesar da cosmética oficial, as posibilidades de participación son bastante limitadas na China de hoxe. Todo pode quedar reducido a unha mera cuestión de presenza ocupante e control social.

> ‘Dos case 2,5 millóns de novos membros que anualmente ingresaron no PCCh dende 2002, a metade son profesionais en activo e o 72% teñen menos de 35 anos”

Guerras intestinas á parte, ese novo discurso de Hu Jintao, cun certo abeiramento á esquerda que coexiste coa defensa da tripla representatividade de Jiang Zemin, será a retórica do XVII Congreso, dándose por seguro que será asumido polos delegados. Falta que o conxunto do PCCh sintonice con el a pesar das profundas transformacións experimentadas na súa composición interna: soamente o 10 por cento da súa militancia son obreiros fronte a case un 30 por cento de burócratas, por exemplo. Segundo anunciou o Renmin Ribao, dos case 2,5 millóns de novos membros que anualmente ingresaron no PCCh dende 2002, a metade son profesionais en activo e o 72 por cento teñen menos de 35 anos. Coñeceron a China de Hu, de Jiang e a de Deng, pero ninguén sabe que China será a súa. Esa incerteza agrávase polo incremento das presións externas respecto do rumbo do proceso de reforma que agora mesmo entra nunha etapa decisiva.♦

XULIO RÍOS é director do IGADI. (www.igadi.org)

CRÓNICAS DO MUNDO

Iraq-3, Kurdistán-1

LAUDELINO PELLITERO

A historia que recolle o acontecido dende que, no ano 1984, o Partido Comunista do Kurdistán (PKK), optase pola vía armada para dirimir o conflito nacional e territorial con Turquía, escríbese con 40.000 mortos enriba da mesa.

Hai un lustro, o horizonte dos dereitos nacionais kurdos era negro. Hoxe, a guerra do Irak virou a perspectiva. Os poderosos aliados clásicos cambian de bando e as esperanzas pintan en cores máis optimistas, a medio prazo.

Cómpre subliñar un feito, acontecido no mes de agosto, que non debe pasar desapercibido. Aproveitando un baleiro legal, o Goberno Rexional Kurdo (GRK), decidiu elaborar unha lei que regulase a explotación daqueles recursos enerxéticos situados no subsolo administrado polas autoridades rexionais. Nada menos ca un 30 por cento das reservas consolidades e un 50 por cento do petróleo que hoxe en día produce o Iraq.

Adiantáronse, nun evidente desafío, ao lexislativo iraquí, que non foi quen de consensuar un estatuto para a administración conxunta das terceiras reservas do mundo, só superadas por Arabia Saudita e Irán.

Resulta complexo pór de acordo xiítas, sunnitas e kurdos para unha xestión paritaria duns recursos, que se sitúan nun 70 por cento en territorio xiíta, e nun 30 por cento en territorio kurdo. Onde os sunnitas, en debilidade política e militar, tras a invasión do Iraq, carecen de xacementos enclavados no seu territorio.

No pasado mes de setembro, o GRK asinou un compromiso de explotación de recursos petrolíferos coa compañía norteamericana Hunt Oil de Dallas. Aparentemente, esta operación supón un grave risco para a empresa texana, por dous motivos:

Primeiro porque o GRK é un aliado natural do PKK, que opera en Turquía, sendo considerado como organización terrorista tanto polos EE UU como pola UE, amén de Turquía.

En segundo lugar, porque este tipo de acordos é radicalmente rexeitado polo goberno aliado do primeiro ministro Nuri al Maliki, quen non dubida en manifestar que a lei promulgada unilateralmente polos kurdos, é manifestamente ilegal.

> ‘Un Iraq dividido en tres territorios etnicamente limpos (kurdos, xiítas e sunnitas). Un Kurdistán partido pero cuns interese políticos e económicos unificados”

Tan só un mes más tarde de asinar o convenio, as relacións bilaterais entre vellos aliados EE UU-Turquía, están en fase crítica por mor da resolución aprobada nunha comisión do lexislativo norteamericano na que se cualifica de xenocidio a matanza de millón e medio de armenios entre 1915 e 1923.

30 días críticos nos que se constata un ambiente pouco propicio para tender pontes entre Ankara e Washington. O goberno turco vén de facer ouvidos xordos a petición da Casa Branca que demandaba parar a intervención armada do exército no Kurdistán iraquí, que podería desestabilizar, aínda máis, un Iraq inviábel dende a invasión do 2003.

Entón, por que a compañía da que é presidente e dono Ray Hunt, respectábel membro do Consello Asesor da Intelixencia Estranxeira do Goberno de Washington, asina un contrato, non autorizado polo goberno aliado Bagdad?

Por que non teñen problema en asinar contratos co GRK, goberno que lle proporciona armas, explosivos e refuxio ao PKK, compañías como a canadense Heritage ou a francesa Perenco, para poder facer prospeccións a cambio dun exiguo 15 por cento das utilidades sobre futuras extraccións?

Por que mergullarse e implicarse nunha área quente, onde os enfrontamentos entre o PKK e os militares turcos lle causaron 30 baixas ao exército que solicitou a entrada na UE?

A razón está en que as compañías de petróleo fan unha fabulosa aposta económica. A que o resultado, que está no aire, da sanguenta contenda a tres bandas, entre os intereses que se interseccionan de Turquía, Kurdistán e Iraq xa ten un resultado previsíbel: Iraq-3 Kurdidán-1.

Un Iraq dividido en tres territorios etnicamente limpos (kurdos, xiítas e sunnitas). Un Kurdistán partido pero cuns interese políticos e económicos unificados.♦

Son utilizados para superar o control dos grandes medios

Weblogs, fonte de información alternativa

LORENA OTERO

A Revolución do Azafrán en Birmania provocou un rexurdimento dos *blogs* como fonte alternativa de información, que xa se reflectira no Perú despois do terremoto do pasado agosto. A posibilidade de transmitir os acontecementos case *in situ* e simultaneamente aos feitos outorgáronlle un lugar privilexiado entre os medios de comunicación.

Aínda que a maioría dos blogs naceron coa vocación de ser unha conversa entre amigos, co tempo, algúns deles lograron acadar protagonismo e relevancia social polos seus contidos, sobre todo aqueles que aportaban información de relevancia social que non estaba presente nos medios de comunicación tradicionais. Eliana Martins Alvela, no seu traballo "*Os Weblogs: a autoedición*", sinala que "as bitácoras en situacións nas que o fluxo de información está moi controlado, como as catástrofes e os atentados, foron revolucións na blogosfera, que transcenderon aos propios medios de comunicación".

Os *blogs* racharon o control informativo da Xunta Militar birmana durante a Revolución do Azafrán.

No atentado do sete de xullo do 2005 de Al-Qaeda en Londres a cadea británica BBC solicitou aos seus telespectadores mediante os informativos e a súa páxina web que lle enviasen fotografías e vídeos sobre as catro bombas que estouraran no trasporte público londiniense para incluílas nas súas informacións e recoller aquelas imaxes que non puidesen obter por non estar presentes no lugar dos feitos. Ademais creou unha bitácora para os seus reporteiros co fin de que transmitiran instantaneamente o que estaba sucedendo e no maior numero de sitios posíbeis, maximizando a cobertura dos feitos. A cadea xa empregara esta estratexia para informar sobre as manifestacións que se produciron en todo o mundo contra a guerra de Iraq.

A estas iniciativas dos medios de comunicación uníronse individuos anónimos que por estar presentes durante os acontecementos tiñan un gran valor. *Rachel from North London,* blog activo na actualidade, (*http://rachelnorthlondon.blogspot.com*) foi creado por unha supervivente que viaxaba no metro no momento dos atentados e decidiu contar a súa experiencia e a evolución das investigacións, converténdose nunha plataforma comunicativa e de intercambio informativo para todos aqueles que estaban interesados nos acontecementos, así como nunha fonte documental, xa que toda a información que publicou dende o día sete quedou arquivada.

As axencias de comunicación e as empresas comezan a tratar os *bloggers* como xornalistas, agasallándoos con descontos e regalos.

O poder destes novos medios de comunicación reflectiuse durante e *a posteriori* dos atentados do 11 de Setembro en Nova York, cando os blogs se converteron nos primeiros en relatar os feitos, en proporcionar imaxes e pistas para atopar e identificación aos desaparecidos. Igual que aconteceu co furacán Katrina e co terremoto do pasas agosto en Perú, no que os cadernos de bitácoras serviron para manter o contacto cos familiares que estaban fora do país e non tiñan outro modo de falar cos seus achegados xa que as liñas telefónicas estaban cortadas.

En situacións como a do Prestige ou os atentados do 11 de Marzo en Madrid os blogs serviron como fonte de información alternativa, no primeiro caso para desfacer o bloqueo informativo que impedía coñecer o que estaba sucedendo realmente co barco encaiado nas costas galegas e no segundo para dilucidar a autoría dos feitos. Outro exemplo produciuse durante Revolución do Azafrán en Birmania a comezos deste mes, no que os blogs e as novas tecnoloxías xogaron un papel fundamental para transmitir os acontecementos no exterior, xa que a Xunta Militar mantiña o peche informativo e só se podía transmitir a información que proviña de fontes oficiais.

Os *bloggers* ascenden a xornalistas

A campaña presidencial do 2004 en Estados Unidos puxo de manifesto a importancia das bitácoras como fontes complementarias, alternativas e críticas fronte aos medios tradicionais, tras concederlle acreditacións aos *bloggers* durante as convencións demócratas e republicanas, o que supuxo o recoñecemento dos weblogs como actores mediáticos.

Ante a forza e o impacto social que están acadando as bitácoras, os medios de comunicación tradicionais introducíronos como un compoñente máis da súa dinámica informativa, mentres que as axencias de comunicación e as empresas comezan a tratar aos *bloggers* máis recoñecidos como xornalistas. Invitacións para realizar viaxes, envíos de produtos de proba ou a realización de promocións destinadas a este colectivo estanse transformando nunha práctica cotián, así o Hotel Costa Branca creou unha tarxeta *blogger* que supón un desconto do 20% nas reservas en tempada alta. Pero como sinalaba Ignacio Ramonet "Ver non é comprender" e os cadernos de bitácoras seguirán sendo unha fonte máis de información que, en ocasións, complemente os medios de comunicación tradicionais.♦

Revolución Azafrán, Birmania.

Furacán Katrina, New Orleans (EE UU).

Torres Xemelgas (11S), New York (EE UU).

Expresión persoal sen censura

Dende que Dave Winer creou en abril de 2007 *Scripting news*, o primeiro weblog da historia, as posibilidades comunicativas dos internautas modificáronse notabelmente. As horas que consumían navegando pola rede, consultando o correo e chateando, deixaron paso a un novo servizo, os cadernos de bitácoras, que na actualidade conforman unha comunidade de máis de 73 millóns de blogs, segundo o último informe de Technorati, o buscador líder de weblogs, o que supón o nacemento diario de máis de 120.000 novas bitácoras.

Blogs que tratan temáticas tan variadas como mentes que os crean. Individuos que escriben, como sinala José Luís Orihuela, autor do blog *eCuaderno* e un dos especialistas deste novo fenómeno comunicativo, "por necesidade de expresarse, afán de compartir coñecemento, desexo de ingresar nunha comunidade, procura de recoñecemento, por explosión creativa, como terapia, participación política, defensa de intereses, procura de beneficios económicos ou simplemente exposición".

Todo é aceptado neste medio, non existe censura nin censor, salvo a que o propio autor se impón. Esta é una das características que explica o seu rápido crecemento, xunto coa facilidade de uso e mantemento, como sinala Ignacio Escolar o director do novo diario *Público* e un dos *bloggers* máis recoñecido dentro do ámbito, con cerca de 35.000 visitas diarias o seu blog *Escolar.net*, "A diferenza do blog é que non precisas saber nada sobre como funciona e o pode manter calquera, algo que non sucedía coas páxinas web persoais".

Malia que non son moitos os individuos que dispoñen dun caderno de bitácoras propio, si existe unha elevada porcentaxe que os le diariamente (39,5% segundo o informe de febreiro deste ano "*Navegantes na Rede",* da Asociación para a Investigación de Medios de Comunicación) na procura de información, para saciar a curiosidade, para facer amigos ou por intereses comúns co autor. Unha comunidade que se fortalece a través dos comentarios dos visitantes até o punto, segundo sinalan os especialistas, de converterse en verdadeiros líderes de opinión. Así José Luís Orihuela, sinala no seu libro "*A Revolución dos Blogs*" (editado por *La Esfera de los libros*), que as bitácoras "rescatan o protagonismo mediático do público, que se converte no eixo do proceso comunicativo".♦

O recoñecemento do xenocidio contra esta minoría no 1915 enfría as relacións entre Washington e Ankara

A pantasma armenia en Turquía

CÉSAR LORENZO GIL

Foi recoñecer a Cámara de Representantes dos EE UU o xenocidio contra os armenios por parte de Turquía e inmediatamente o exército deste país ordenou a invasión do norte do Irak. O enfriamento das relacións Ankara-Washington é a escusa perfecta para a represión entre os kurdos.

No 1915, en plena I Guerra Mundial, o decadente Imperio Otomano ansía roubarlle territorios a Rusia aliándose coas Potencias Centrais (Alemaña e Austria-Hungría). No clima bélico descarnado, a minoría armenia que moraba na Anatolia rebélase e moitos dos seus líderes comunitarios apoian o achegamento a Moscova. A reacción otomá foi brutal. Aínda que os datos son imposíbeis de cuantificar, calcúlase que máis de un millón de armenios foron asasinados.

A violencia estendeuse durante os seguintes cinco anos, e non só a padeceron os armenios. Na consolidación da nova Turquía, minorías como a grega ou a xudía foron perseguidas duramente. Os portos estadounidenses estaban cheos de refuxiados que saían das costas mediterráneas co cheiro a sangue nas nefras.

Contodo, as matanzas de hai 90 anos son o gran tabú da sociedade turca. A diáspora armenia e a propia independencia da ex república soviética promoveron que o debate volvese á palestra pública e agora consideran un éxito a declaración da Cámara de Washington.

En realidade, este acordo non é vinculante e o presidente George Bush xa anunciou que non apoiará a súa ratificación no Congreso. Bush sabe que ese texto caería coma unha bomba nas relacións con Turquía, aliado principal dos estadounidenses en Oriente Medio e que ten fronteira con Irán, Irak Siria e tamén Rusia, Mar Negro por medio.

En realidade, a diplomacia turca, e especialmente o seu exército, consideraron unha grave afronta que Bush non parase esta declaración e aproveitaron o enfriamento nas relacións para invadir o norte do Irak na busca de activistas kurdos. Segundo expertos na zona, o anoxo turco é unha "comedia" perfecta para pór en práctica un plan que repousaba nos cuarteis desde hai anos.

A sombra do xenocidio sobre os armenios é unha pantasma que aínda levanta chagas na sociedade turca. Escritores procesados xudicialmente por recoñecer que houbo matanzas indiscriminadas, embaixadas pechadas… A memoria colectiva pesa moito nun país que, na súa esencia moderna, ten menos dun século de historia.

A construción da Turquía contraposta ao lonxevo Imperio Otomano baseouse nun perfil laico pero tamén etnicamente moi marcado, en claro conflito con outros pobos cos que compartiu historia e territorio, caso dos gregos. Hai que lembrar que a minoría grega era moi populosa nas cidades do suroeste turco. Vilas enteiras foron expulsadas, agrandando a fenda entre Ankara e Atenas nunha puxa que só parece ter solución posíbel na integración de Turquía na UE.

Xustamente, actitudes coma a do goberno turco diante do xenocidio e a recente invasión do Irak parecen distanciar a presenza asiática na Europa unida. Ankara responde indicando que a súa seguranza ou o seu prestixio histórico son desafíos urxentes que non pode sacrificar, nin diante de Washington nin diante de Bruxelas.♦

Ana Miranda defende na ONU os dereitos dos saharauís

A.N.T.

Ana Miranda representou o BNG no Comité de Políticas Especiais e Descolonización das Nacións Unidas durante un debate sobre o futuro do Sáhara. A responsábel da Comisión de Emigración da forza nacionalista reclamou unha solución política para resolver a situación dos sarahauís.

O 10 de outubro o Comité de Descolonización das Nacións Unidas acolleu un debate entre simpatizantes da Fronte Polisario e partidarios do goberno marroquí. A responsábel da Comisión de Emigración do BNG, Ana Miranda, interveu para defender o dereito á autodeterminación dos saharauís.

Miranda destacou no seu discurso que o problema que vive o pobo saharauí é de carácter político e que require para a súa solución de decisións políticas. "Consideramos innegociábel e necesario realizar de forma urxente un referendo de autodeterminación que levaría consigo, definitivamente, a descolonización da ex colonia española do Sáhara".

A política galega recordou que Marrocos mantén os saharauís nun desterro inadmisíbel. "A infancia sahariana non coñece o seu mar, moitos deles viron por vez primeira o Océano Atlántico que nos une, no meu país, Galiza", dixo Miranda diante do comité. "Sobreviven nunhas condicións durísimas, grazas ao inestimábel esforzo das súas nais".

No comité interviron outras voces partidarias do referendo de autodeterminación para que o Sáhara logre a independencia e tamén outros representantes que defenden que a ex colonia española fique baixo a xurisdición marroquí.♦

Cloro ADM

GUSTAVO LUCA

O Iraq completou en catro anos a partir da República (1958) a rede de sumidoiros do país de maneira que a comezos do 1962 todas as augas contaminadas eran conducidas a un sistema integral de depuración.

A este avance capital para a saúde da poboación iraquí sumábase unha eficiente rede de asistencia primaria e hospitalaria que colocaba os indicativos de esperanza de vida, fertilidade e supervivencia no primeiro lugar de Oriente Próximo.

Todo o plano de cloacas e de depuración de augas do Iraq foi declarado obxectivo militar polos bombardeiros dos Estados Unidos durante a I Guerra do Golfo no ano 1991. O programa de destrución polas bombas foi tan perfecto que a Mesopotamia, o paraíso das augas, comezou a padecer sede. O inferno das cloacas rebentadas e as zudreiras abertas ao sol, con temperaturas de verán de 46 graos, quedou sen cronistas que o pintasen.

A UE inauguraba nesa altura obras básicas de saneamento na fracción contrarreformista da súa propia casa que procuraban imitar con enorme atraso e algunha estafa a excelencia do sistema estatal das augas do Iraq. A UE participaba, como se sabe, no bombardeo das cloacas da Mesopotamia.

No 2001, o Iraq bloqueado fixera grandes progresos na recuperación das redes de augas pero logo regresaron os bombardeiros para a campaña de Topada e Abraio. Todos os caneiros de augas fecais do país e a as súas depuradoras foran de novo tripadas con metralla polos loitadores pola liberdade que, ao mesmo tempo, oportunamente, prohibiron a fabricación e importación de cloro. "O cloro –declarou o primeiro xefe do exército de ocupación, xeneral Brener– pode servir para fabricar Armas de Destrución Masiva (ADM)"

Todo isto vén a conto de que a Organización Mundial da Saúde (OMS) vén de avisar de varios casos de cólera no Iraq. O doutor Naeema al-Gasseer, que representa a OMS no país ocupado, denuncia que se produce pola contaminación das augas e teme que poida ser un andazo. Al Gasseer reclama a entrada dun cargamento de lixivia intervido polos Estados Unidos na fronteira con Xordania.

O mando norteamericano non cede. A loita contra o terrorismo, explica, demanda moito sacrificio.♦

galiciantunes

A nosa música a gañar o mundo

GalicianTunes é a marca que acolle o labor de promoción exterior da nosa música. Baixo o nome deste proxecto estamos presentes nos seguintes eventos:

POPKOMM Berlín
do 19 ao 21 de setembro

Grupos: Berroqüetto, Faltriqueira, Lamalumbú, Deluxe e Galpenpin

Empresas musicais: Abada, Berroqüetto Producións, Falcatruada, Kamikaze Producións, La Fábrica de Chocolate, Nordesía, Producións sen Fronteiras e Zouma Records

WOMEX Sevilla
do 24 ao 28 de outubro

Grupos: Marful

Empresas musicais: Abada, Berroqüetto Producións, Falcatruada, La Fábrica de Chocolate, Tonos Cultural, Nordesía, Ouvirmos e Zouma Records

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE
Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural

IGAEM instituto galego das artes escénicas e musicais

www.galiciantunes.com

Nº 1.285 ● Do 18 ao 24 de outubro do 2007 ● Ano XXX

O espectacular inicio do filial do Deportivo contrasta coa irregularidade do Pontevedra

Tamén hai vida na segunda B

CÉSAR LORENZO GIL

Oito xornadas despois de se iniciar o campionato de segunda división B, os equipos galegos da categoría reflexionan sobre as súas expectativas e posibilidades. O mellor colocado para soñar, o Deportivo B. A gran decepción, o Pontevedra, xa a oito puntos do liderado.

O pontevedrés Igor pelexa un balón durante o partido contra o Lanzarote. G. GARCÍA / A.G.N.

A pesar de ser un novato na categoría e levaren bastantes dos seus xogadores moito tempo alleos á segunda división B, o filial do Deportivo está a demostrar unha veteranía explosiva. Para explicar o bo comezo dos coruñeses hai que recordar que varios dos seus xogadores militaron en equipos desta división, caso de Iván Carril, auténtico líder dos branquiazuis, xunto con Iván Pérez, destacado goleador dos galegos.

Os homes que dirixe Tito Ramallo destacan pola súa boa defensa (só encaixaron tres goles) e un extraordinario equilibrio entre as súas liñas de destrución e de creación. Só hai que reparar nos clubs cos que comparten zona de privilexio: o líder é o Fuerteventura, un equipo cun grande investimento nunha das zonas das Canarias con maior desenvolvemento nos últimos anos. Terceiro é o Lanzarote, idéntico ao seu veciño e cuarto o Universidad de Las Palmas, un clásico das fases de ascenso que xa militou na segunda división.

O deportivismo vive con ilusión esta fase. Entrementres Miguel Ángel Lotina enterra o pequeno gromo de esperanza que xurdira entre a canteira coruñesa, o seu filial demostra que é posíbel xogarlles de ti a ti a grandes equipos con enormes orzamentos a base de ilusión e a propia veteranía de xogadores xa maduros para dar o salto que non teñen oportunidades no primeiro equipo.

Para encontrar outros filiais hai que descender até o oitavo posto, onde o Atlético de Madrid respira a cinco puntos dos coruñeses. O outro filial galego, o Celta B, é décimo cuarto, con nove puntos. Os celestes son un conxunto moito máis novo ca os herculinos. A marcha de Rafa Sáez coincidiu co fin dunha xeración no vestiario vigués (Marcos, Yahvé, Quintairos…) e a toma do poder por parte dos que agora cumpren os 20 anos: Iago Aspas, Campillo, Ioel e sobre todo Dani Abalo, o auténtico líder deste equipo, que non vive a segunda B coma unha condena a pesar de saberse en condicións de destacar incluso no primeiro equipo.

Para arroupar a Abalo, o adestrador Alejandro Menéndez trouxo a Vigo algúns valores doutras canteiras, algúns interesantes, caso de Michu ou Ferrán e outros prescindíbeis, como o lateral esquerdo andaluz Calero. Todos estes cambios explican a irregularidade do inicio pero parece posíbel salvar a categoría, algo que os de Barreiro conseguiron con traballos nos dous últimos campionatos.

Decepción granate

Polo momento, a gran sorpresa negativa do grupo I é o Pontevedra. No comezo da liga partía como favorito principal mais a día de hoxe é sétimo. A pesar de todo, a posición non é tan mala. Só está a tres puntos do ascenso e segue a contar cun plantel compensado e a priori suficiente para superar a crise e acabar por impoñerse na parte alta. Ao seu favor ten que outros favoritos, caso do Rayo Vallecano, tampouco andan finos. O meirande problema teno, contodo, nas urxencias dunha cidade que necesita un ascenso tras dous anos de telo no ceo da boca.

Hai que lembrar que os pontevedres teñen nas súas fileiras ex xogadores de primeira división, caso de Turiel, Xavi Moré ou Bermudo. E tamén futbolistas que ilusionan a afección, como o home da casa Fran Rico, que tentaron fichar no verán tanto o Celta coma o Cádiz.

Outra guerra é a do Lugo. Tamén conta con insignes veteranos, como Roberto *Chino* Losada ou Aira, pero o seu sexto posto non lle queda pequeno. Os homes de Fonsi Valverde teñen como obvio obxectivo o ascenso pero os seus ritmos son moito máis demorados e cómodos. O equipo lucense está en construción. Ten forza e contundencia, como todos os conxuntos de capital de provincia, pero quere agradar ao público xunguíndoo coa afección. O proxecto dos branquivermellos parece sólido.

Cabalgando na crise permanente segue o Ourense. Os vermellos hai anos que non ilusionan. Conténtanse cun fútbol de supervivencia que lles permita manter a categoría pero hai moito tempo que deixaron na gabeta a ambición e a ansia por ilusionarse a si mesmos e aos que os acompañan no campo do Couto cada quince días. Moitos afeccionados soñan con volver ver na cidade xogadores compactos, capaces no futuro de chegar ao máis alto, como xa ocorrera con Movilla (hoxe no Murcia), por exemplo. Visto o visto neste inicio, é posíbel que este ano volva sufrir para respirar tranquilo.

E é que o grupo I este ano ten moitos perigos: á parte dos filiais madrileños (Castilla e Atlético B) e os grandes equipos de sempre (Rayo, Leganés e os canarios), a nova fornada de clubs case profesionais das illas e da Comunidade de Madrid (Villa Santa Brígida, San Sebastián de los Reyes, San Isidro e demais santos) quere asentarse na segunda B. Como nota curiosa, hai que subliñar a crise do fútbol asturiano, outrora poderoso. Esta tempada só un equipo milita na segunda B, o Marino de Luanco. Aínda que pareza incríbel, este club é o segundo do principado por detrás do Spórting de Xixón, en segunda.♦

Fronteiras, de Rubén Pardiñas, compite en Portugal

O documental Fronteiras, producido por Pasacana Films e dirixido por Rubén Pardiñas, foi sección competitiva do Internacional Film Festival FEST'07, que se desenvolverá na localidade portuguesa de Santa María da Feira do 20 de outubro ao 3 de novembro. A proxección terá lugar o 31 de outubro e competirá xunto cos documentais *Salvagens* de Filipe Araújo, *Rockumentário* de Sandra Castiço, *Gentes do mar* de Dânia Lucas e *Bom día, noite* de Rui Costa. O documental de Pardiñas propón un percorrido polo límites culturais de Galiza.◆

O club da calceta, de María Reimóndez, en italiano

A edición italiana d'*O Club da calceta*, de María Reimóndez, estará nas librarías en novembro. Despois das obras de Manuel Rivas, o libro co que Reimóndez se fixo co premio *San Clemente* será unha das primeiras obras de narrativa galega editada en Italia. Publicada por Xerais o pasado ano, ofrece unha reflexión sobre a condición feminina a través da experiencia de seis mulleres que van a clase de calceta. A mesma editora, Gran via, está a preparar para a primavera a tradución de *Home sen nome*, de Suso de Toro.◆

O Picasso máis descoñecido en Vigo e A Coruña

Picasso. Laboratorio de estilos é o título da mostra baixo a que a Fundación Barrié presenta máis de corenta obras do artista malagueño que nunca antes se expuxeran. O universo pictórico escollido para esta exposición, que se reparte entre as sedes de Vigo e Coruña da fundación, inclúe bodegóns, naturezas mortas e retratos. Esta non é a primeira vez que a fundación exhibe en Galiza obras de Picasso. En 2002 fíxoo con *Picasso novo*, con boa acollida por parte do público. Con estas dúas exposicións a Barrié celebra o seu corenta aniversario.◆

Fotograma de *Temporada 92-93.*

Secuencia Cero, documental e vídeo no Verbum

Unha selección de máis de quince traballos participan no IV Certame de Documental e Video Secuencia Cero, que se celebra no Verbum de Vigo do 18 ao 19 de outubro. No certame, que está organizado pola asociación de audiovisuais Secuencia Cero, competiran as curtametraxes *Temporada 92-93*, *Amor*, *Música*, *La Parabólica*, e *Zacarías y el dragón de la lluvia gris*, entre outras. Na categoría de documental optan a premio *A melodía do pan*, *De Función*, *La Sereníssima*, *Pantallas* e *El hombre feliz.* Fóra de concurso pasarase *Subir e bajar*. Entrada de balde.◆

Cultura

A literatura galega abre as portas do mercado castelán

A Rivas e De Toro súmanselle Borrazás, Moure, Solleiro, Domingo Villar e Inma L. Silva, entre outros

M. BARROS

A tradución de obras galegas ao castelán é un fenómeno en auxe. Tirando dos datos que a Consellaría de Cultura baralla con respecto á convocatoria de subvencións a tradución, o número de solicitudes duplicouse o ano pasado, pasando das 21 en 2006 ás 50 en 2007. *Ojos de agua* (Siruela), de Domingo Villar, *La aldea muerta* (Caballo de Troya) de Xurxo Borrazás, *Las palabras de las hijas de Eva* (Lumen) de Teresa Moure *El señor Lugrís y la sombra negra* (Ediciones del viento) son algunhas das novidades que xa se poden ver nos andeis das tendas de toda España. Aumentouse a contía das axudas á tradución pero os editores botan en falta a existencia dunha axencia propia que promova a literatura galega noutros idiomas.

Manuel Rivas e Xurxo Borrazás.

En 2004 Galaxia incorporou ao seu catálogo a Xurxo Borrazás da man da súa novela *Ser ou non*, unha obra na que o autor cuestionaba os límites entre a ficción e a realidade. O protagonista, un escritor, narra a súa relación amorosa cunha anciá, derradeiro habitante dunha aldea da montaña luguesa. Tres anos despois da aposta de Galaxia, vén de introducirse no mercado español a tradución da obra na que Borrazás contrapón a cultura rural e a urbana e cuestiona ideas convencionais. O título escollido por Caballo de Troya, o selo de Random House Mondadori, para a versión castelá foi *La aldea muerta*. Borrazás súmase así á cada vez máis avultada lista de escritores que vén traducida a súa obra ao castelán despois de tela publicado primeiramente en galego, autores que rachan a fronteira do idioma e compiten no catálogo das librarías de todo o Estado.

Entre as novidades máis recentes tópanse a obra *Elegías a dios y al Diablo* do xove narrador Samuel Solleiro, autor ademais do recentemente publicado *dz ou o libro do esperma*. No libro traducido, Solleiro, socio fundador do proxecto editorial autoxestionado Estaleiro Editora e do grupo de rock Ataque Escampe, propón trece contos sacrílegos para honrar a deus e o diaño. Pero a lista é longa en nela tópanse ademais a obra *Los libros arden mal* (Alfaguara), de Manuel Rivas ou *Hombre sin nombre* (Lumen) de Suso de Toro e *Las palabras de las hijas de Eva*, de Teresa Moure, un ensaio publicado tamén por Lumen. Esta non é a primeira vez que a autora monfortina pisa as librerías españolas. Xa o pasado ano *Hierba mora* converteuse nun dos éxitos da tempada esgotando varias edicións. Anteriormente editárase a versión castelá de *A xeira das árbores*.

Nos andeis poden toparse ademais traducidos ao castelán *Ollos de auga*, a novela coa que Domingo Villar iniciou a súa andaina na narrativa policial en galego e *New York, New York*, de Inma López Silva.

Tirando dos datos que a Consellaría de Cultura deu a coñecer o pasado 30 de setembro con motivo da celebración do día internacional da tradución, evidéncíase que cada vez é maior o interese que esperta a conversión de obras do noso sistema literario ao castelán. O departamento que dirixe Ánxela Bugallo apuntaba que o número de solicitudes para recibir subvencións á tradución de obras galegas a outras linguas duplicouse, pasando dos 21 títulos en 2006 aos 50 de 2007.

Malia todo, como indica o director literario de Caballo de Troya, o lucense Constantino Bértolo, a situación que atravesa a tradución de obras galegas ao castelán correspóndese "cunha tradición de desencontros". "Non hai cambios espectaculares nos últimos anos", opina, "en xeral, a relación que ten unha editora española coas literaturas periféricas tradúcese nunha ollada paternalista, cando é ollada. A máis das veces nin se miran". Sinala neste sentido que o 80% do que se traduce no Estado procede do inglés. Ao seu ver segue a funcionar a estratexia de tirar de autores de éxito en Galiza e tentar extrapolar o número de vendas. "É certo que as veces xorden nomes como é o caso de Rivas ou Suso de Toro, que cobren como unha sorte de cota". En narrativa destaca ademais o caso de Teresa Moure. Pero no que se refire ao eido da poesía, Bértolo considera que a tradución é residual.

Da mesma opinión é o director de Espiral Maior, Miguel-Anxo Fernán-Vello que conside-

Continúa na páxina seguinte

Os editores apoian a política de axudas pero botan en falta unha axencia de promocións

Coincidindo coa celebración do día internacional da tradución a Consellaría de Cultura anunciou ademais un incremento na dotación das axudas para a tradución, que ascenderá en 2008 un 60%, co que persegue facilitar a exportación da nosa produción literaria a mercados exteriores noutras linguas, así como facer posíbel que os lectores teñan a súa disposición en galego obras de referencia e de actualidade noutros idiomas.

As axudas supoñen unha inxección destacada de cartos no xogo de números e cifras que debe afrontar unha editora que se embarque nunha tradución. O anuncio da Xunta traducirase o ano que vén nunha contía que oscila entre os 25 e os 30 euros por páxina traducida ao castelán, unha axuda ben acollida polos empresarios pero que abre outros debates.

Para o director de Rinoceronte, Moisés Rodríguez Barcia, a necesidade de axudas producelle "desacougo", non embargantes considera que "cantos máis cartos se reciban, mellor será para o eido da tradución". "Paréceme inxusto que se teña a visión de que este é un sector moi subvencionado cando hai outras actividades económicas que reciben máis axudas públicas", sinala.

No actual sistema de subvencións Barcia bota en falta "máis mecanismos de control de gastos". Rinoceronte remunera os seus tradutores segundo a tarifa proposta pola Asociación de Tradutores Galegos, pero non sempre é así. "A Administración debe axilizar os trámites burocráticos e estabelecer máis dunha convocatoria de axudas ao ano", comenta. Rinoceronte está pendente da resolución da adxudicación das subvencións para publicar unha serie de títulos.

Malia todo, tanto para Constantino Bértolo como para Moisés Rodríguez Barcia, as claves está na exportación dos nosos valores literarios a través dun organismo ou dunha axencia que permitise o contacto constante entre os sistemas literarios e as editoras. Non é nada novidoso. Países pequenos como Islandia, Irlanda, Hungría, a República Checa dispoñen dunha axencia nacional para a promoción das obras dos seus sistemas literarios, que ofrecen becas para a tradución, organizan eventos para tradutores e autores en festivais internacionais e participan con regularidade nas principais feiras do libro.

"Aínda que as axudas son sempre unha sorte de trampa que alteran o código real, están ben" comenta Bértolo, "pero o que realmente fai falta por parte da Xunta é a creación dunha sorte de centro do libro galego en Madrid e Barcelona". "Existen Casas de Galicia tanto no Estado como en Latinoamérica pero non fan un traballo decidido nesta liña".

Caballo de Troya está a explorar con algunhas das versións castelán de obras galegas o mercado latinoamericano, pero ao ver do seu director literario "se xa resulta difícil implantarse no español canto máis no americano". Como explica Bértolo, "a relación entre España e América Latina non é fluída. O libro chega alí coma un artigo de luxo", indica. Por iso, ao seu ver "as subvencións son máis vistosa a curto prazo, pero resulta máis axeitado crear lugares de encontro e de promoción". ♦

Teresa Moure e Inma López Silva.

Vén da páxina anterior

ra que a tradución ao castelán de poesía galega é case inexistente. "A poesía ten un público minoritario", recoñece pero "por desgraza, en Galiza nin a industria editorial nin os axentes culturais apostaron por esta vía. O pasado ano Espiral Maior presentou o selo Spiralia, a través do cal traducir ensaio ao castelán. Os tres primeiros títulos foron *Feminismo y conocimiento. De la experiencia de las mujeres al cibor*, de Carme Adán, *Paz, guerra y violencia*, de Luís García Soto e *La muerte digna. Diez reflexiones sobre la eutanasia*.

Pero a intención de Fernán-Vello é abranguer, no que se refire á tradución, tamén o ámbito da poesía e da novela. O editor anunciou que en novembro iniciará unha nova serie de poesía en castelán. Entre os títulos que abren a colección tópase a antoloxía poética de Manuel Rivas, na que se encontran poemas inéditos, *Códice calixtino*, de Luz Pozo, unha antoloxía de poetas dos anos 50 e outra de Lois Pereiro.

Qué se traduce

Como explica Bértolo, o que perseguen as editoras son tanto autores cunha aureola mediática, ben sexa pola súa traxectoria, ben porque recibiran algún premio, así como obras que respondan a uns parámetros encaixábeis no mercado español. Sinala así que adoitan ser libros que conectan co tema da memoria histórica, coa muller ou con temáticas que se estean a impoñer comercialmente. "Domina o código comercial", explica.

Rinoceronte á inversa

A editorial Rinoceronte, a única galega que se dedica exclusivamente á tradución en Galiza tamén vén de inaugurar unha nova colección coa que complementa a súa principal liña de traballo de traducir ao galego literatura estranxeira. *Inversa*, que así se chama a nova serie, recolle as versións en castelán de obras escritas orixinariamente en galego. *Gramática del silencio*, de Eusebio Lorenzo Baleirón e *Larga noche de piedra*, de Celso Emilio Ferreiro, ambas as dúas traducidas por Penélope Pedreira e Moisés Barcía, inauguran este novo apartado. "As editoras do Estado escollen o que lles interesa, que adoita ser o que funciona no sistema galego", indica o director de Rinoceronte, Moisés Rodríguez Barcia. "Pero nós quixemos facer ao contrario, escoller a que máis nos interesa e traducilas. Coidamos que hai obras significativas que cómpre levar fóra". Esta colección súmase así a de *Contemporánea*, *Clásica* e *Vétera*, que responden a un criterio cronolóxico e que comprenden obras de narrativa posteriores a 1950, de 1800 e anteriores ao século XIX, respectivamente.

Aínda que o novo apartado vai máis orientado cara a literatura galega contemporánea, unha das obras coas que se dá a coñecer é precisamente *Longa noite de pedra*. "Tivemos un inicio raro", comenta, "pero á hora de escoller *Longa noite de pedra* para traducir tivemos en conta varios aspectos. Por unha parte, era unha obra esgotada no mercado español. Por outra, a tradución que existía era unha versión daquela época que agora resulta insuficiente".

Para Moisés Rodríguez Barcia as dificultades coas que se topa unha editora á hora de traducir do galego ao castelán son basicamente económicas. "O risco é máis ben empresarial, que non se venda". O editor destaca ademais as trabas coas que se topa unha editora no apartado da distribución, xa que tan só existen distribuidoras a nivel autonómico e ningunha cubre o cen por cen do territorio estatal.

Para Bértolo o principal problema non é o económico, xa que, ao seu ver unha tradución non encarece o libro e cada vez son máis as axudas e subvencións que as administración públicas destinan á tradución. Segundo o editor, un título que venda 1.000 exemplares xa cumpriu os obxectivos. Ao seu ver o principal problema é a "ignorancia" e o "descoñecemento" que as editoras españolas teñen polas literaturas doutras partes do Estado.♦

Aída a Perdida

HEIDI KÜHN-BODE

Afortunadamente, a miña conselleira e curmá Aída a Perdida sempre está ao falalonxe cando eu padezo das miñas convulsións éticas e estéticas. Aída é enxeñeira e traballa en mantenemento eléctrico; as súas veciñas murmuran que máis ben serán as mantenzas das felicidades eróticas, que gozada a plácida enxeñaría! Que faría eu no paraíso das sanguinolentas urbanizacións non urbanizadas sen Aída a Perdida que canta para min docemente polo falalonxe, dende Bayreuth?

A miña curmá Aída sempre ten presente que eu estou exposta eternamente á acusacións absurdas, non hai saída nin escape sendo alemá, non tes nada, é unha mágoa recorrente. Aída a Perdida caeu, miña prendiña!, nun mar de bágoas cando lle confesei a miña discriminación e tristura no país do queixo suevo e exclamou conmocionada: *Oh gütiger Himmel, oh freundliche Nacht! Ich bete für Dich, liebe Seele, hab acht!* (Oh bondadoso ceo, oh noite amábel! Eu rezarei por ti, alma benquerida, gárdate!) Sen os floridos cantos, tartas de framboesas e agarimosas conversas das miñas curmás Edeltraude, Hildegarde e os consellos de Aída a Perdida, eu non podería aturar as frívolas vivencias no fisterra do queixo europeo. Aínda hai pouco que nunha voda en Betanzos me botaron a culpa compacta da Segunda Guerra Mundial, para máis vergoña miña incluíron tamén a primeira, carallo, e como borne de unión engadiron algo sumamente cutriño perto dun familiar meu verme marelo e rosáceo que posúe unha voz falsa e anxelical recitando salmos no Vaticano. Pois o alcalde non é o meu primo, dixen. Insistiron nun primo Benedictus. Ai de min, non quero facer de prima.♦

Cultura

NARRATIVA

A vida en 48 estigmas

Iolanda Zúñiga presenta *Vidas en post-it*

Título: Vidas post-it.
Autora: Iolanda Zúñiga.
Editorial: Xerais.

Que hai de novo? Que é o que se pode contar hoxe que non se contara xa antes? Escritores e lectores son sísifos desmemoriados, sempre a transladar ao papel as mesmas sensacións, as mesmas erosións de camiños mil veces transitados? Por exemplo estas *Vidas de post-it,* que son vidas fracasadas, vidas frustradas, repletas de ausencias e soidade, de fastío vital, de resignación e desesperanza, de ilusións rotas...non son substancia tantas outras veces mascada? Contradí isto a percepción evolutiva que como especie animal temos de nós propios? Non desespere, se a única resposta que lle vén ás mentes resulta ser afirmativa. Porque en realidade non é así. O que vostede sinte, o que eu sinto, é só semellante ao que senten os demais, inclusive só parcialmente semellante ao que poderemos sentir mañá, ou pasado, en idénticas, no posíbel, circunstancias ás de hoxe, a comunidade que establecemos non é máis que unha identificación por defecto, e a reitereación o mecanismo que nos axuda a ser conscientes, a non esquecer, o salvavidas.

Por outra banda, estamos falando de literatura, de narrativa, espazo verbal no cal a forma ten unha importancia decisiva. A partir do sintagma "post-it", modificador de vidas, ofrécensenos dúas vías de interpretación. Unha que se refire a que son vidas de quita e pon, tan pesadelo é unha como outra e nada pasaría, o sistema non se resentiría, se se remprazasen mutuamente, inclusive pouco notaría que algunha desparecese. Aí, adosada á primeira, faise notar a segunda posibilidade interpretativa, que se trata, como os post-it, de discursos que tenden á brevidade e niso atopan a súa identidade formal. Ambas e dúas resultan imprecindíbeis na correcta comprensión deste primeiro achegamento ás *Vidas post-it,* que constitúen estrea dunha nova autora, Iolanda Zúñiga (Vigo, 1975). Permítasenos, porén, non centrar o discurso en alegato contra este mundo consumista que despreza e quebra as nosas ilusións, as nosas esperanzas. Anotaremos que se trata dunha espada de Damocles, totalmente asumida, que pendura sobre cada relato igual que sobre a vida de todos nós. Se cadra non poderemos evitar volver referirnos a iso, e tampouco pretendemos minusvaloralo, mais queremos que as liñas que seguen dirixan o seu albo ao aspecto formal, que, como diximos, no espazo verbal da literatura, se amosa como decisivo.

Iolanda Zúñiga.

Os post-it preséntanse como microrrelatos ou relatos curtos. Cando unha cousa se presenta como microrrelato, é que algo cheira a chamusco. Verán. Microrrelatos, ademais bons microrrelatos, hainos por exemplo en *A embaixada do vinagre* (2002, Xosé Luís Martínez Pereiro, Sotelo Blanco) ou en *Ciencia de facer as camas* (1994, Xosé Cermeño, Xerais). O microrrelato é o segmento literario máis breve, desde unha liña a páxina e media, inclusive dúas páxinas, e xa son moitísimas esas seiscentas palabras. Trátase, polo tanto de brevidade extrema. Caracterízase por presentar unha intensidade semántica moi forte, intensidade que, por certo, se desprega como unha liña recta en sentido ascendente, non admite pausas, non admite momentos de baixa intensidade. E, sobre todo, caracterízase polo lategazo final, porque ese lostregazo con que remata, ese clímax que atordoa o lector e o obriga a continuar reflexioando sobre o que leu, polo que se di que o microrrelato non remata na derradeira palabra escrita senón na mente do lector. Poren, todo o que diximos deixa agora do microrrelato, tamén é aplicábel ao microconto. Porque distinguir entre microrrealto e microconto revélase trascendental, se é que queremos distinguir textos de brevidade extrema que presenten intención e esquema narrativo, que conten unha historia, e aqueloutros que non presentan intención e esquema narrativo, que non contan unha historia e que, frecuentemente, se resolven por unha xenialidade do narrador.

Mais, o que en *Vidas pos-it* temos non son microrrelatos. Todos teñen finalidade e esquema narrativos. Algún aproxímase ao microconto; o primeiro, por exemplo, ou "scherzando"; hai outros, poucos, tamén que pola súa brevidade poderían ser, mais están desprovistos do lategazo climático final. Estes post-it son convencionais relatos moi breves, iso non os fai nin mellores nin peores, simplemente non son narrativa mínima, en moitas ocasións nin se achegan á esixencia de brevidade. Formalmente caracterízanse porque botan man, unha vez si e outra tamén, do resumo e da enumeración como estratexias narrativas, e tenden a estar contados en primeira persoa (poucas veces se usa a terceira). A consideración que cada un deles merece é distinta da do conxunto. Por dúas razóns. Porque, acrecentado por estaren tan abeirados á narrativa mínima, o esquezo inmediato apodérase deles, cando un se pon a ler o seguinte estigma, o seguinte relato, esquece o precedente. E porque as estratexias narrativas se repiten moitísimo, por non falar de que o ton destes estigmas se manifesta sempre na mesma escala de desepero e resignación, de soidade e fastío, de soños quebrados, de condena e incomunicación. Non quere isto falar, para nada, de deficiencias narrativas, aínda que, evidentemente, hainos que están resoltos con mellor fortuna que outros, nótase sobre todo naqueles que dispoñen de remate climático sorpresivo. A única sería a pouca variedade de estigma a estigma, no ton, no tema, na estratexia narrativa. Porén advirte de que unha lectura demorada, de poucos relatos á vez, que nin sequera ten porque seguir a disposición establecida no índice (unha axuda imprescindíbel en volumes destas características), contribuirá a atenuar isto que vimos de falar, permitindo, polo tanto, un meirande goce do acto lector.♦

> Os post-it preséntanse como microrrelatos ou relatos curtos. Cando unha cousa se presenta como microrrelato, é que algo cheira a chamusco.

XOSÉ M. EYRÉ

TABELA DAS LETRAS

FICCIÓN

1. MADE IN GALIZA.
Sechu Sende.
Galaxia.

2. BENQUERIDA CATÁSTROFE.
Teresa Moure.
Xerais.

3. MARÍA DAS BATALLAS.
Alfredo Conde.
Galaxia.

4. A VIDA INTERIOR DE MARTIN FROST.
Paul Auster.
Galaxia.

5. O CANTO DO MUECÍN.
Lois Diéguez.
A Nosa Terra.

NON FICCIÓN

1. DE PROVINCIA A NACIÓN.
Xusto G. Beramendi.
Xerais.

2. O VOTO EMIGRANTE.
Anxo Luxilde.
Galaxia.

3. EPISODIOS DE TERROR.
Gonzalo Amoedo & Roberto Gil.
Xerais.

4. ARTE E PARTE.
Xurxo Borrazás.
Galaxia.

5. COA MAN ARMADA.
Lupe Martínez.
A Nosa Terra.

LIBRARÍAS CONSULTADAS: ***Cartabón*** **(Vigo).** ***Couceiro*** **(A Coruña).** ***Michelena*** **(Pontevedra).** ***Pedreira*** **(Santiago).** ***Souto*** **(Lugo).** ***Torga*** **(Ourense),** ***Central Libreira - Dolores 2.*** **(Ferrol)**

CONTA DE LIBROS

Unha cunca de té?

Marquiños decátase un día que a súa nai ten cara de teteira e corpo de teteira. Acabará por visitar toda a familia para averiguar como devolvela ao seu natural estado. A tarefa non será doada e Marquiños collerá bastante nervios. Así se resume *O día en que a mamá se lle puxo cara de teteira,* de Raquel Saiz e João Vaz de Carvalho, que edita Oqo.♦

Lenda africana

Zalgum, de Luísa Morandeira con ilustracións de Bernardo Carvalho, é unha obra editada por Oqo inspirada nunha lenda beréber, Zalgum é unha moza que de socato se converte na amada de seu irmán cando este promete que só ha casar coa dona dun dos cabelos da irmá. Seguindo os pasos do relato tradicional, a historia vaise enrevesando con lazos de amor, traizón, sorpresa e reviravoltas do destino.♦

Un boneco soñador

Roberto Aliaga e Helga Bansch son autores de *O soño do osiño rosa,* un libro pensado para os primeiros lectores que nos chega da man de Oqo. Un osiño de pelusa perde un soño e comeza a chorar sonoramente. Os seus saloucos alertan todos os animais do bosque, que farán todo o posíbel para axudalo.♦

A princesa e o burriño

Oqo publica *Titiritesa,* de Xerardo Quintiá e Maurizio A. C. Quarello, conta a historia dunha princesa que, incomodada cos seus pais, decide marchar do castelo para vivir aventuras variadas. No seu camiñar hase encontrar cun burriño moi simpático ao que nomeará como Bufaldino. Xuntos vivirán mil historias.♦

CONTA DE LIBROS

De fantasía

Relatos desvelados, de Alberto G. Aneiros, é un conxunto de seis historias curtas de inspiración na fantasía e no terror. Utilizando os vimbios da historia, a mitoloxía, a literatura e o soño, o escritor ferrolán pescuda nas orixes da propia narrativa para actualizar un xénero sempre de moda. Edita Lea.♦

Outro conto fantástico

Sotelo Blanco publica un novo título da súa colección de narrativa 'Docexvintedous', dedicado ás obras máis curtas. *A lenda da lúa de Montealto,* de An Alfaya, recupera o contexto e as regras da tradición oral para conducirnos a un mundo de fantasía onde convive o espazo real co espazo máxico: a lúa, o soño, a milagreira… Unha historia de amor e de paixón chea de segredos.♦

O novo de Teresa Moure

Rosa e Chicho viven en Ferreira. Teñen unha casa de dúas plantas cunha taberna embaixo. Os veciños respéctanos pola súa honradez e sinceridade, e tamén polas coitas que pasaron cando morreu súa filla María Celeste. Velaí o cerne da última novela de Teresa Moure, *A casa dos Lucarios,* que aparece agora na colección 'Fóra de xogo' de Xerais.♦

Desde o fondo

Manuel Quintáns López publica *Planeta Inferno,* un conxunto de relatos que comparten o tema da marxinalidade, a prisión e a droga, cuns diálogos apegados á lingua de xiria, nun castelán que non quere ocultar a súa orixe galega en frases, vocabulario e xiros lingüísticos. Moitos dos textos incluídos neste volume foron premiados en diferentes certames de narrativa. Edita Lulu.♦

EXPOSICIÓNS

Do abstracto á realidade

O escultor portugués Manuel Patinha presenta a súa obra recente en Ferrol

Exposición: Obra Recente.
Autor: Manuel Patinha.
Lugar: Galería Sargadelos de Ferrol. Até o 30 de outubro.

Falar de Manuel Patinha, (Póvoa de Santa Iria, 1949) por un lado daría pé para falar das interrelacións existentes entre a Galiza e Portugal. Xa que o artista vivindo dende 1980 en Narón, non esquece nin é esquecido no seu Portugal. Exposicións, e o que é mais importante, obra súa, como escultura pública, pode ser admirada en moitas vilas portuguesas, o mesmo que na propia Galiza. Pero por outro lado falar de Patinha é falar dun artista en constante evolución dende a súa primeira exposición como escultor, alá no 1992 na sala do Ateneo Ferrolán.

> Patinha leva anos a ensaiar, cunha linguaxe propia, unha escultura que sempre ten semellanza a algún ser vivente.

Xa alguén ten falado das distintas etapas na obra de Patinha, que referenda o que estou a dicir.

Manuel Marques Patinha bebeu do surrealismo lisboeta con Cruzeiro Seixas, deixando esta relación un pouso que queira que non inda se pode admirar na súa obra.

Actualmente e até o día 30 de outubro ten unha exposición na Galería Sargadelos de Ferrol, onde, nos presenta a sua obra recente. Volve amosar a súa querencia por formas orgánicas, de raíz surrealista. Non pensamos xa nos seus principios con Seixas, senón que dentro do surrealismo pictórico sempre houbo unha tendencia a expresar formas orgánicas. Exemplos deste surrealismo orgánico ou tamén chamado biomórfico polo seu parecido con formas de animais ou plantas foron os cataláns Salvador Dalí, ou Joan Miró ou o americano Arshile Gorky. As formas non chegan a ser abstractas de todo, porque o seu contorno sempre nos leva a pensar nunha planta ou nun animal. Patinha leva anos a ensaiar, cunha linguaxe propia, unha escultura que sempre ten semellanza a algún ser vivente. E seguramente que o artista nin sequera se para a buscarlle o parecido.

Nesta exposición vai un pouco mais aló. Se os surrealistas americanos como Gorky derivaban da realidade até a abstracción, Patinha fai o camiño inverso. Vai dende a abstracción á realidade. E así preséntanos unha obra singular que reproduce unha mesa cun bodegón de froitas. Chama a atención ver a froita en material galvanizado, reproducindo calquera bodegón barroco, onde o volume da froita sería o primordial. Pero mesmo poderiamos pensar que ao fío do dito anteriormente, recolle a experiencia impresionista ou mesmo cubista da pintura e o que nesta eran planos superpostos nos que a color era o principal, o noso artista dálles volume e preséntanos mesmo a mesa e a froita como algo real, pero ao mesmo tempo como algo meramente plástico, para a representación baseado na aparencia do material en que está feito.

Dentro da escultura actual galega, Manuel Patinha introduce unha linguaxe propia, con formas que nos trasladan poeticamente a un mundo de formas novas, e agora planta diante dos nosos ollos unha realidade en aceiro cortén.♦

XESÚS LÓPEZ PIÑEIRO

XANTAR NA LEMBRANZA DO XXV CABODANO DA DESAPARICIÓN DA AN-PG

O día 1 de Decembro deste ano 2007 celébrase en **Allariz** un xantar de confraternidade ao que están convidadas todas aquelas persoas que militaron na Asamblea Nacional-Popular Galega (AN-PG) da provincia de Ourense entre 1974 e 1982.

O xantar vaise desenvolver no restaurante *Porta da Vila* a partir das 14h30 e o prezo por persoa é de 30 euros.

Para facer as reservacións hai que chamar aos seguintes teléfonos, cunha semana de antelación á data sinalada:

620 219 891 (Tino Fandiño)
610 775 380 (Bieito Alonso)

Cultura

Un modesto premio Nobel

Doris Lessing recibe o galardón sueco de literatura

MANUEL XESTOSO

Un ano máis cumpriuse o ritual do Nobel de Literatura e un ano máis a Academia Sueca volveu sorprender coa súa elección. Non obstante, desta vez algo parece lixeiramente diferente. Nas últimas edicións, o anuncio do gañador resultou indefectibelmente polémico, ben porque o premiado era un absoluto descoñecido (habería que matizar para quén), ben porque se puñan en cuestión as razóns estritamente literarias dos académicos e se apelaba a uns escuros motivos políticos que eran os que á fin resultaban definitivos para a escolla do galardoado.

Este ano, non embargante, ninguén podía dicir que Doris Lessing era unha escritora anónima. Por suposto, Doris Lessing, quen non leu *The Golden Notebook*? Alén dunha difusa sospeita de que había que cubrir a cota feminina tampouco non había grandes argumentos políticos nin a favor nin en contra de outorgarlle o premio. Ou si? En canto á calidade da súa obra, en fin, quen leu algo máis de Doris Lessing ademais da devandita *The Golden Notebook*? En realidade, a impresión coa que un se queda despois de escoitar os primeiros comentarios sobre a nova Nobel é de que é unha famosísima descoñecida, ademais da de que unha pregunta flota no ambiente: pero é que aínda escribe Doris Lessing?

Dende logo, Doris Lessing nunca deixou de escribir, mais algo hai de acertado nesta percepción que a sitúa nun pretérito indefinido da historia da literatura. A diferencia desoutro candidato perpetuo ao Nobel que é Philip Roth, hai anos que Lessing non consegue chamar a atención nin da crítica nin do público con ningún dos seus últimos textos. Foron as súas primeiras obras as que conseguiron situala no mapa da literatura británica da posguerra. Nada en Irán pero criada en Rhodesia (hoxe Zimbawue), aproveitou a súa experiencia como militante comunista en África para debutar cunha brillante novela, *The Grass is Singing*, que exploraba as relacións entre brancos e negros nas colonias europeas. Aínda que cun estilo moito máis simple e convencional que os libros que seguirían, continúa sendo unha novela moi recomendábel que resistiu ben o paso do tempo. Virían logo as novelas do ciclo *Children of Violence*, con seguridade o mellor da súa produción, nas que consegue crear unha escrita moi interesante, intimista e psicolóxica, no ronsel de Virginia Woolf. O exame dos límites da conciencia, das contradicións entre o público e o privado, das limitadas posibilidades de acción sobre a realidade… debuxaban un mundo propio no que Lessing se movía con soltura, exhibindo unhas extraordinarias cualidades para a observación que permanecen como o mellor da súa capacidade de novelar a realidade.

> "Se por unha banda é unha autora cun sorprendente talento para penetrar nas almas dos seus personaxes, pola outra prescinde dese don cando cre conveniente adoutrinar sobre calquera particular"

Entremedias, *The Golden Notebook* (1962) supuxo a súa consagración definitiva e a súa elevación aos altares do feminismo da época. A historia da crise de creatividade que padece a escritora Anna Wulf –quen leva un rexistro de distintas facetas da súa vida en cadernos de distintas cores (un diario, lembranzas do pasado, a súa actividade política…)– mentres tenta rematar unha novela, mantén aínda un poder de atracción extraordinario. O xogo coas distintas voces de Anna é un artificio expresivo que enche de sentido a estrutura da novela e a creación de personaxes é magnífica. Quizais, lida hoxe, a novela lembra demasiado as súas orixes na obra de Woolf, pero iso non obsta para recoñecer que segue exhalando unha admirábel sabedoría narrativa e unha reflexión sobre a condición feminina dun enorme calado.

Non embargante, a inspiración de Doris Lessing a partir da década dos sesenta –na que aínda apareceron obras estupendas como *The Pursuit of the English* ou as últimas entregas da serie *Children of Violence*– semella sufrir uns altibaixos que provocan a aparición de mediocridades prescindibeis xunto a textos modestamente atractivos como *Briefing for a Descent into Hell* ou *Memoirs of a Survivor*. Posteriormente, co ciclo *Canopus in Argos,* Lessing internouse na ciencia ficción; só lin un par desas novelas, pero lamento non atopar outra categoría na que adscribilas que non sexa a de infumábeis.

A ideoloxía como lastre

Nos últimos anos, Lessing deixa ver algún brillo da súa antiga destreza en novelas interesantes como *Love, again*, que se desenvolve no mundo do teatro, ou *The Sweetest Dream*, unha novela coral cunha orixinal visión da "década prodixiosa" que retoma algúns dos temas que a fixeron célebre naquel período. Libros nos que a autora demostra que está en plena posesión dos recursos do oficio, pero lastrados por un exceso de ideoloxía que lles resta convicción. A vida da propia Lessing non é allea a este feito. Adherida sucesivamente ao comunismo, o feminismo, a análise junguiana… todos estes movementos acabaron por desencantala dunha maneira ou outra e a todos eles os cubriu de invectivas de maior ou menor calibre nalgunha altura da súa existencia. Por desgraza, moitos dos seus textos semellan estar escritos dende o rancor contra eles. Mais esta é unha explicación biográfica e, en ningún caso, unha xustificación literaria válida.

Talvez ese sexa o problema principal co que se atopa o lector de Doris Lessing. Se por unha banda vé unha autora cun sorprendente talento para penetrar nas almas dos seus personaxes, pola outra encontra que esa mesma autora prescinde dese don cando cre conveniente adoutrinar sobre calquera particular, cando necesita unha xustificación ideolóxica para tecer os fíos da trama. Unha autora que cae, daquela, nun simplismo esquemático que non concorda co refinamento literario de que é capaz cando non atende a estímulos extraliterarios.

Esa autocomplacencia proclive ás solucións fáciles é a que lle impide á flamante Nobel deste ano ser unha autora de primeira liña. De todos os xeitos, parabéns.♦

Nº 1.285
Do 18 ao 24 de outubro do 2007
Ano XXX

Erín Moure

‘En galego, o meu xeito de pensar cambia”

CÉSAR LORENZO GIL

Erín Moure (Calgary –Canadá–, 1955) coñeceu a cultura e a lingua galegas logo de pescudar sobre as orixes do seu apelido. Poeta, tradutora ao inglés de autores galegos, portugueses e franceses e estudosa da nosa historia, visita de novo Galiza para presentar a tradución ao galego do seu poemario *Teatriños ou aturuxos calados* (cunha edición bilingüe preparada por Galaxia), en versión de María Reimóndez.

OTTO / A.G.N.

Como descubriu a súa orixe galega?

Foi unha historia algo novelesca. No 1994 encontrei xunto co meu pai uns papeis antigos que pertenceran ao seu avó. Era unha partida de nacemento do meu bisavó Bieito Moure Lobariñas. Naqueles documentos enrugados e velliños nomeábase Crecente e inmediatamente quixen coñecer o país do que viñeran os Moure. Non era como quen vai visitar uns parentes porque o meu bisavó emigrou de Galiza no 1848.

E visitou Crecente.

Visitei. E cando descubrín o son do galego, quedei encantada. Para min, sentir aquela lingua descoñecida era como ouvir un río, como escoitar unha caída de auga. Namoreime e quixen saber máis. No Canadá non se sabe nada de Galiza. Nin tan sequera de España, fóra de catro cousas básicas que quedaron sen actualizar desde os tempos de Francisco Franco. Así que para min era como descubrir un novo mundo. Aquel amor a primeira vista foi medrando ano a ano, en canto coñecín a súa literatura, a riqueza do seu vocabulario.

Para ser bisneta de galego fala mellor que moitos que viven en Galiza.

Iso non é certo. Eu falo coma unha nena de 11 anos. Pero non me preocupa. Xa falei coma unha de sete, de oito… Sigo aprendendo cada día, madurando o idioma. É incríbel que moitos galegos non coñezan a súa fala ou non a practiquen. Non entendo como só o 20 por cento dos pais lles falan en galego aos fillos. É un luxo histórico perder un patrimonio tan valioso coma este. Só encaixando esta actitude na historia de represión que sufriu o galego podo chegar a comprendelo. Eu sempre conto que eu coñecín o castelán a través da xente galega que coñecín no Canadá que me falaba nesa lingua. Aínda hoxe non o dou falado, máis alá de catro frases de turista. En troques, en galego até consigo pensar. E é curioso, cando penso en galego o meu xeito de reflexión cambia, limítase ao coñecemento que teño da lingua e obrígame a repensar a miña realidade a través do vocabulario que podo manexar. Supoño que isto cambiará cando domine máis o idioma.

Sempre se di dos americanos que non dan entendido a diversidade lingüística europea. Supoño que no Canadá isto é diferente, non?

O Canadá é un país moi respectuoso coa identidade lingüística dos seus habitantes. Por exemplo, a constitución española obriga os cidadáns a coñecer o castelán. Se alá se aprobase unha norma semellante, inmediatamente o Quebec se declararía independente. No Quebec todo o mundo coñece o inglés porque o estudou na escola e porque está rodeado de territorios anglofalantes mais segue a defenderse o francés como lingua pública. Eu, que nacín na zona anglófona pero vivo en Montreal –a cidade quebequesa máis importante– uso o francés na vida cotiá. Pero non só se usan estas dúas linguas. No barrio portugués fálase o brasileiro, os chilenos falan castelán… Iso non quita que moitos anglofalantes pensen que só vale a súa lingua porque é a que domina o mundo. Pero soberbias hainas en calquera lado.

Que escritores canadenses recomendaría ler?

Quen goste de Manuel Rivas que se achegue a Michael Ondaatje. Ten un universo moi complexo e moi rico en imaxes. Tamén son de moita calidade os poemas de Nicole Brossard, dos que hai tradución ao castelán.

Vostede traduciu a Chus Pato ao inglés. Que valores literarios descubriu nela?

Chus Pato é unha escritora ampla, que percorre diferentes épocas, diversas historias e moitas persoas. O ser é multiplicado e acaba nunha explosión onde todo o discurso cobra sentido. Condúcese entre a alta cultura e a cultura de masas con xentileza e estilo. Ademais, gústame que sexa unha autora esixente cos seus lectores. Para lela e comprendela hai que ter intelixencia. Non explica as cousas como se os lectores fósemos menores de idade. Ela vai adiante á velocidade máxima. A historia, a política, o cariño polo propio –no seu caso Galiza– son temas universais. Calquera ten un pasado, un futuro incerto. Todos temos medo, coraxe. Todo iso está na súa obra. Abofé que vou traducir moitas máis cousas de Chus Pato.

> ‘No 2002, xa inminente a invasión do Irak, entroume tal carraxe que quixen deixar de escribir en inglés. Non quería ter nada a ver con George Bush nin coa lingua dos poderosos. O galego non mata e decidinme a usalo literariamente”

Que dificultades ten a tradución de poesía?

Cando un se enfronta a un verso, sabe que unha parte do significado orixinal se vai perder polo camiño. Outras veces o temor inicial pérdese. Por exemplo, cando traducín *Charenton,* de Chus Pato, pensaba en como introducir unha listaxe de escritores galegos que ela incluía ao final do libro como homenaxe aos seus antepasados literarios. Cando xa tiña a tradución feita, decateime de que o lector, en chegando a esas páxinas, xa sabía, xa conectara co universo da autora. Velaí o complicado: pensar como un lector e transmitirlle o espírito da obra de maneira que poida mergullarse nel malia a diferenza idiomática. Outro punto que hai que ter en conta é a sintaxe. A poesía permite unha forma de expresión por veces retorcida que á hora de trasladar a outro idioma pode resultar perniciosa para a comprensión e dar a imaxe dun mal traballo. Por iso moitas veces hai que “ordenar” un pouco as frases.

Que outros escritores galegos gostaría de traducir?

O meu soño sería ter unha xemelga para que me axudase a traducir todo o que me gusta. Estou lendo un libro de Manuel Outeiriño que quero traducir ao inglés. Tamén me gustaría recuperar *Longa noite de pedra,* de Celso Emilio Ferreiro. Pero eu escribo poemas, traduzo do francés e do portugués… Non me sobra o tempo, precisamente.

Agora chega *Teatriños*, o seu primeiro poemario traducido ao galego. Que destacaría deste libro?

É o meu libro máis galego. Na súa versión orixinal contén 12 poemas escritos en galego. A historia é curiosa. No 2002, cando xa era inminente a invasión do Irak por parte dos EE UU, entroume tal carraxe que quixen deixar de escribir en inglés. Non quería ter nada a ver con George Bush nin cunha lingua que usan os poderosos cando deciden matar. O galego é un idioma que non mata e decidinme a usalo literariamente. A medida que ía escribindo, pensei que era bo que o galego e o inglés dialogasen no texto. Usaba a mantenta palabras galegas para recordarlles a eses lectores anglófonos que a súa lingua non lles serve para sabelo todo. E ao final do libro incluín un pequeno glosario que, obviamente, non aparece nesta edición.

En dous libros anteriores usara o galego no título, *O cidadán* e *O cadoiro*. Con que intención?

No caso d’*O cidadán* quería recuperar o valor da propia palabra por riba do clixé, por riba da obviedade de encontrarse co termo *citizen* sen máis. *O cadoiro* significa lugar no que cae algo. Esa obra está inspirada nas cantigas galegoportuguesas medievais. Xa só a palabra é tan fermosa que merecía titular un libro.

Cales son os seus libros e autores favoritos?

En galego, obviamente Chus Pato; e tamén Manuel Rivas. Ademais Lisa Robertson e Robert Majzels, que son compatriotas meus.♦

Cultura

O cinema como memoria viva na cámara de Xan Leira

As últimas obras de recuperación da historia oral comercialízanse en formato libro e DVD

M. OBELLEIRO

Converter filmes en contidos editoriais é a premisa pola que se rexe o traballo do cineasta e escritor galego Xan Leira. *Patagonia. Utopía Libertaria*, *Lembranzas e reflexións de Lois Tobío* e *I Congreso da Emigración Galega*, que viron a luz este último ano, lograron acceder ao circuíto comercial nunha época na que o cine se concibe como divertimento e non como cultura.

As últimas tres creacións do director de cine Xan Leira, que tratan de recuperar e divulgar a historia, deron o salto á fiestra comercial e xa se poden adquirir nas librarías. Leira é consciente da complexa situación que está a vivir o cinema independente, "as salas están en mans das multinacionais e só programan cine norteamericano". De aí que optase por abrir as súas creacións "a novas fiestras".

As creacións documentais de Leira afástanse da moda. Os seus traballos capturan as lembranzas co fin de que non se esquezan os fitos máis importantes do pasado recente. Acuarela Comunicación distribúe os contidos de Leira en formato editorial e en DVD para chegar a distintos públicos. Os traballos do cineasta, sempre relacionados coa cultura galega e coa arxentina, forman un completo e único arquivo histórico audiovisual. A historia é inherente á súa liña de produción, "o propio cinema é historia, porque o cine tanto é ficción como documental", afirma.

As obras de Leira caracterízanse polo relato de persoas destacas no século XX, "toda a miña obra descansa sobre o relato da xente".

Sen voz do narrador

Nas súas producións, Leira privilexia as historias dos protagonistas dos feitos ou de persoas que viviron moi próximas a eles. A voz do invitado é a estrela dunha entrevista que foxe da especulación histórica, polo que nos seus documentais non aparecen aclaracións de ningún investigador. "Aínda que as crónicas audiovisuais carecen da obxectividade que ten a historia, posúen proximidade, fondura e paixón", explica.

Para a construción do discurso audiovisual, Leira evita a voz do narrador. Tanto no filme sobre a emigración coma na do diplomático e galeguista republicano Lois Tobío, Leira decidiu potenciar a participación das persoas sen que ningún outro elemento interrompese o discurso, "o locutor só aparece en casos contados, para complementar e solucionar o descoñecemento e a complexidade dalgún tema".

> 'Aínda que as crónicas audiovisuais carecen da obxectividade que ten a historia, posúen proximidade, fondura e paixón"

Nas creacións que veñen de ser comercializadas, Leira avoga pola construción lineal e sinxela para que os destinatarios comprendan os feitos. "Eu denomínoas crónicas documentais, porque considero que non se poden englobar no documental", apunta.

Díaz Pardo e Granell, próximos proxectos

"Vivo enchendo a axenda de proxectos", di Leira. O director ten planeado sacar á luz novas creacións que atinxen ao que el denomina "memoria viva". O seu obxectivo é seguir gravando regularmente para recuperar a memoria, porque "aínda queda moito por contar tras anos de silencio".

A curto prazo, o director vai presentar un documental sobre Isaac Díaz Pardo e outro sobre Eugenio Granell, "quero salientar a vida destas persoas marcadas pola política e a creatividade".

Entre outros proxectos, Leira vai abordar temas contextualizados no franquismo. Un deles é "Crónicas da Represión Lingüística", que trata sobre as trabas que o réxime lle impuxo ao galego. "Crónicas da Galiza mártir" é outra das obras que verán a luz no próximo ano. Leira arela afondar no franquismo porque "en Galiza houbo xenocidio e terrorismo de Estado e hoxe existe a oportunidade de coñecelo".

A emigración volverá ser obxecto de traballo de Leira nunha importante aposta sobre os galegos en Lisboa que publicará o próximo ano. "A emigración a Lisboa está moi pouco tratada na historia oficial, por non dicir que é inédita", apunta.♦

Xan Leira.

Patagonia será presentada no I Festival Europeo de Cine e Televisión

Leira vén de recibir o anuncio da presentación oficial do seu documental *Patagonia. Utopía Libertaria* no I Festival Europeo de Cine e Televisión, que se celebrará en novembro na cidade de Reus. Leira sabe da dificultade que supón presentar películas que atinxen a Galiza fóra do territorio galego, "estamos satisfeitos da boa acollida do documental", apunta.

Patagonia. Utopía Libertaria é unha versión do documental de 1997. Desta vez, o filme posúe como fío condutor a biografía de Antonio Soto Canalejo, máis coñecido como o "galego Soto", (Ferrol, 1897- Punta Arenas, 1963), líder das folgas rurais acontecidas na Patagonia austral arxentina nos anos 1920 e 1921. "Na reedición do documental baseeime na contextualización da época e na ideoloxía". A globalización, a urbanización do mundo e os sindicatos, que Leira considera "burocratizados e ao servizo do poder", centran o discurso do documental.♦

Lembranzas e reflexións de Lois Tobío

A figura de Lois Tobío tece o discurso deste documental de trinta minutos de duración. Na obra, de carácter intimista, Leira trata de afondar na vida e Tobío a partir do seu propio relato e do relato da filla do escritor, Constanza Tobío.♦

I Congreso da Emigración Galega

Co gallo da conmemoración do cincuenta aniversario do congreso celebrado en Bos Aires no 1956, Leira reflexiona sobre "un dos feitos máis importantes do exilio e da emigración". Nesta crónica, que contén aspectos culturais e económicos, o director dálles a palabra a persoas como Anisia Miranda, Xaime Isla Couto, Neira Vilas ou Francisco Comesaña, entre outros.♦

Cabeza de muller con fita (1966), bronce.

Pescudando a CRISTINO MALLO

M. Barros

Gran descoñecido para o gran público, Cristino Mallo é un dos escultores máis relevantes que deu o século XX en todo o Estado. Vítima da historia pero posuidor dunha gran sensibilidade e unha excepcional técnica, o escultor recibe estes días en Vigo a homenaxe merecida a través da mostra Cristino Mallo, organizada por Caixanova. Con máis de oitenta pezas a exposición propón un percorrido pola obra e a personalidade deste autor nacido en Tui, merecedor da Medalla de Ouro de Belas Artes en 1983.

Di a historiadora da arte Josefina Alix, que "a Cristino Mallo a vida, ou mellor dito, a historia colleuno entre dous lumes dos que conseguía escapar de esguello, quizais por aquilo de que parecía un home de perfil, como os relevos exipcios que formaban parte das súas predileccións".

De certo que o golpe militar do 1936 non só marcou a vida de Cristino Mallo, o escultor nacido en Tui en 1905 que chegaría a facerse cos recoñecementos máis destacados da arte no Estado, senón que influíu na súa obra e sobre todo sumiuno nunha situación de reclusión posterior que fan del a combinación perfecta e contraditoria entre a calidade de ser un dos grandes escultores do séculos XX español e o descoñecemento xeral por parte do público.

Neste contexto enmárcase a mostra *Cristino Mallo* que vén de inaugurar Caixanova na sala de exposicións do seu Centro Cultural. Aberta ao público até o 25 de novembro, a mostra propón a través de máis de 80 pezas, entre bronces, xesos orixinais, debuxos e ferramentas empregadas polo propio Mallo, un percorrido pola obra e a traxectoria do escultor, asiduo tertuliano do Café Gijón e da Granja del Henar, que trabou amizade con persoeiros como Miguel Hernández, Dalí, Lorca ou Cela.

Cristino Mallo naceu en Tui pero pronto marchou a Avilés por motivos profesionais do seu pai, funcionario de aduanas. Foi alí onde empezou a formarse como artista asistindo á Escola de Artes e Oficios, interesándose polo modelado, ao igual que a súa irmá Maruxa Mallo.

Xa en Madrid, en 1923 ingresa na Escola de Belas Artes de San Fernando, o mesmo día do golpe de estado de Primo de Rivera. A pesar de todo rematou os seus estudos en 1927, e con tan só 28 anos, en 1933 conseguía o Primeiro Premio no concurso Nacional de Escultura. A boa racha que fixo que conseguira en 1935 a praza de profesor na Escola de Artes e Oficios de Salamanca, quebrou co estoupido da guerra. Pertenceu á Alianza de Intelectuais Antifascistas, colaborando na revista *El mono azul* e participando na montaxe da obra *Los títeres de cachiporra*. Pero pronto vai loitar á fronte de Teruel onde cae enfermo nos últimos días da contenda. A enfermidade obrígao a ingresar nun hospital durante un tempo. Á saída foi apresado e permaneceu dez meses en prisión. A guerra marcaría a súa vida e iniciaría, encerrado e illado no seu estudio, unha sorte do que se deu en chamar exilio interior.

Figura de malla, malla e papel.

Como sinala Eduardo Capa, gran amigo do escultor, "Cristino Mallo era un home culto pero extremadamente modesto. Tiña unha aguda capacidade de observación que o conectaba coa realidade do entorno, como proba a súa obra, cruzada dun realismo social urbano que nos deixou escenas e personaxes da vida cotiá de posguerra, sen máis pretensión que dignificalos polo mero feito de dedicarlles o seu traballo e a súa arte". Enmarcadas dentro dese realismo social en Vigo expóñense obras como *Serafín El buscapisos*, *Home do cartel 'Dispoñíbel'* ou o seu pintor, retratado arrastrando a súa escada. Pero del tamén son múltiples maternidades, esculturas de nenos e mulleres, xogadores de fútbol, porteiros, tenistas, bañistas, amazonas e xinetes.

Para a responsábel de exposicións de Caixanova, Paloma Vela, a obra de Mallo destila "poesía e dignidade". "A súa personalidade artística", sinala, "sumada á técnica que tiña provoca que esteamos ante un dos autores máis destacados do século XX".

Boa parte das obras que se poden ver en Vigo, e que unha vez clausurada a mostra, comezarán unha itinerancia por todo o país, forman parte da colección da Fundación Capa, aínda que algunhas das pezas pertencen a entidade financeira. A través de todas elas tentouse recrear a proximidade do labor diario dun creador no seu taller e mergullar ao visitante no proceso creativo de Mallo. Así, poden contemplarse bosquexos, debuxos, ceras e xesos, modelados polo artista, e mesmo ferramentas.♦

Esquelete de touro (ca1951).

Maternidade (1960), bronce á cera fundida.

Nordestinas, Berrogüetto e Milladoiro conquistan a crítica

M.B.

A proposta intimista de Nordestin@s, o disco co que Berrogüetto quixo celebrar os seus dez primeiros anos sobre os escenarios e a homenaxe que Milladoiro lle rende en forma de disco ao poeta Manuel María fixéronse cos galardóns dos VI Premios Opinión da música folk.

Berrogüetto.

O Teatro Colón Caixa Galicia acolleu o pasado 11 de outubro a gala de entrega dos Premios Opinión, un dos máis destacados galardóns no que a música de raíz se refire. Entre os tres mellores traballos discográficos a crítica seleccionou o álbum debut de Nordestin@s como o máis destacado do 2007. O proxecto, que se traduce sobre as táboas a través de dúas das voces máis destacadas da escena galega, Ugia Pedreira e Gaudi Galego e o piano de Abe Rábade, publicou o seu primeiro disco o pasado ano, que conseguiu vender en tan só tres semanas máis de 2000 copias, un mérito case maior que conquistar a crítica. Nordestin@s resulta dunha idea acariñada durante tempo por Ugia e por Guadi. Ambas as dúas buscaban sacar á luz e peneiradas pola súa personalidade musical as cancións da súa infancia, eses temas que traían os mariñeiros, as pezas escoitadas en Cedeira e Foz, as súas vilas natais, e as cantigas de taberna. En Abe Rábade toparon o tándem perfecto. O resultado titúlase *Nordestin@s* e ten sabor de habaneras, de músicas traídas de América, de recendo de tradición e de jazz.

Outro grupo que subiu ao escenario do Teatro Colón foi Berrogüetto, que recolleu o segundo premio por *10.0*, o disco co que a banda quixo celebrar o seu décimo aniversario. Esta non é a primeira vez que Berrogüetto acada o recoñecemento dos premios outorgados polo xornal *La Opinión*. En 2002, ano no que arrancaron estes galardóns, o grupo fíxose co premio máximo por *Hepta*, compartindo palmarés con Fía na Roca e Susana Seivane. Cinco anos despois Berrogüetto volveu conquistar á crítica, precisamente nun momento no que a xira de presentación chega ao seu fin. A última parada será Bélxica o vindeiro mes de novembro.

Como explica Quim Farinha, para o grupo é "importante recibir" este premio "na medida que os outorga a crítica". Aínda que considera que debería haber outros premios ou facelo extensíbel a outras músicas, para Farinha estes galardóns son "beneficiosos, xa non só para o grupo senón para a música" por representar un síntoma de normalidade.

O terceiro premio recaeu nun dos grupos máis veteranos do folk en Galiza, Milladoiro, xa coñecidos dos Premios Opinión. A xira que están a facer polo sur da península impediulles recoller a escultura deseñada por Salvador Hernández para a ocasión. Fíxoo no seu lugar o organizador do evento, Óscar Losada. O premio vénlles polo disco Unha *estrela por guía*, no que o grupo rende homenaxe á figura e a obra de Manuel María musicando os versos do poeta. O traballo enmarcouse inicialmente na programación de actos cos que a AS-PG, a CIG-Ensino e a Mesa pola Normalización Lingüística quixeron recordar ao poeta con motivo do primeiro ano da súa morte. Pero o proxecto cobrou vida propia e supuxo un xiro dentro da traxectoria eminentemente instrumental da banda ao incluír nos temas a voz de Laura Amado, Laura Arbiol, a coral da Asociación Máximo Gorki, Mabel Rivera e Luís Tosar.

Milladoiro mergúllase neste disco no universo literario de Manuel María, condensando en dez temas as caras máis identificábeis e máis destacadas do poeta. A faceta social, o seu compromiso, o amor e o cotiá van agromando ao longo do álbum.

O Premio Opinión súmase así a un dilatado currículo de distincións e recoñecementos acumulados en case preto 30 anos sobre os escenario. Chégalle ademais nun momento no que a banda se topa inmersa na elaboración da banda sonora da película *Las galas del difunto* dirixida por Manuel Guitiérrez Aragón sobre a obra de Valle Inclán. Ademais, a formación está a preparar o que será o seu disco número 22, que ten previsto o seu lanzamento a mediados do 2008. Segundo avanza Moncho García, *A quinta das lágrimas*, que así se titulará este novo traballo artéllase ao redor da historia galaico-portuguesa, con especial parada en personaxes destacados como Inés de Castro.

Máis música

A entrega de premios estivo precedida por un programa no que a protagonista foi a música. Os acordes de Xosé Miguélez foron os encargados de abrir a gala da noite. O gaiteiro presentou ante o público os temas do seu novo traballo, *Esperanza*. Na gala tamén actuaron Os Cempés, nun dos últimos concertos que está a ofrecer antes da súa disolución definitiva, así como a cantante Maite Dono que se fixo acompañar no escenario polo piano de Manuel Gutiérrez.♦

ECOS LUSÓFONOS

XOSÉ LOIS GARCÍA

Galiza e Portugal no vencello da lusofonía

Recompor as relacións entre a Galiza e Portugal, sobre todo intensificalas no norte portugués, desde diversas perspectivas, non nos resultaría problemático, aínda a nivel político, mais se a achega é desde un aspecto de relacións culturais o tema faise menos complicado. A ninguén se lle escapan esas relacións culturais que comezaron a mediados do século XIX e predominaron durante o XX. Así é como foi medrando e consolidándose un vencello cos respiros dun pasado común entre a Galiza e Portugal. Hai nomes e feitos nesa implicación en que varios intelectuais, de ambas as beiras do río Miño, abriron portas e construíron pontes para solventar certos problemas de illamento. Pode que estea na mente de moitos o poema de Rosalía evocando a Camões, en versos saudosos que poñen de manifesto as benquerencias da nosa antiga nación común, por moitos séculos fragmentada; Pondal puxo énfase na irmandade dos dous pobos; Murguía remitiunos á historia común; Curros traduciu poetas portugueses e seguiu en paralelo a Guerra Junqueiro; a Xeración Nós restituíu confianza de achegamento entre os intelectuais galegos e portugueses; Antón Vilar Ponte deulle pulo ideolóxico a un entendemento de igual a igual en varias proclamas de unidade; Xohán Vicente Viqueira utilizou, timidamente, a grafía portuguesa e

Rosalía de Castro.

Castelao deixounos un amplo ventallo de ideas para entendernos entre galegos e portugueses. Da outra banda, Teixeira de Pascoaes integrou no seu saudosismo moitas das particularidades do panteísmo galego. As súas relacións con Noriega Varela e con moitos dos membros da Xeración Nós abrindo relacións con múltiplas persoas de alén Miño. Jaime Cortessão e tantos outros estaban na axenda de moitos dos intelectuais galegos.

Esas portas non se pecharon e as pontes non se derrubaron, todo o contrario. E nese Norte portugués tan esencial e ás veces non tan receptivo para o que nos incumbe da cultura galega houbo persoas que potenciaron eses vencellos, como é o caso de Manuel Oliveira Guerra, mentor dunhas relacións sólidas, estensas e fraternais con Galiza. Nel podemos observar non un precursor desas relacións pero si un continuador destas e un pioneiro na estratificación dunha nova xeira de eventos e realidades entre Portugal e Galiza. Por todos estes seus esforzos estamos, os galegos, na obriga de reconstruír parte deses alicerces cos que Manuel Oliveira Guerra achegounos a un gran proxecto que non tivo continuidade.

Non cabe dúbida de que as súas realizacións, o amor e a sementeira que este intelectual foi deixando en Galiza son impagábeis. Fundou polos anos sesenta a revista *Céltiga,* os escasos números publicados mostran, do lodo portugués, a necesidade de voltar a facer cousas en común. Oliveira Guerra tivo esa percepción animadora de intentar que galegos e portugueses propiciasen realidades concretas, retomando os puntos mais sólidos que articulen proxectos por enriba de medos e de intereses políticos vindos de Lisboa e de Madrid.

A vella pantasma que sempre trouxo desconfianzas e imperou no descoñecemento de vixiarnos mutuamente, desde ambas as metrópoles estatais, os galegos sabemos ben que somos comprendidos nas terras de entre Douro e Miño, medianamente interpretados no resto e en Lisboa descoñecidos por cubrir os ollos co veo dos medos, ao dicir: "*De Espanha nem bom vento nem bom casamento*".

É verdade que Galiza olla mais cara a Portugal que Portugal cara a Galiza. Mais hai avances cualitativos, lentos pero os hai. Eu estou desde hai máis de 30 anos nestes mesteres da lusofonía e podo concretar que Galiza pode que sexa mellor entendida noutras xeografías ben lonxanas da lusofonía que no propio Portugal. Por iso cando mencionamos persoas e xestos que cultivan os primordios da nación común, entendendo por nación común o atributo máis personalizado como é a lingua. Dela dixo Fernando Pessoa: "*A minha pátria é a lingua portuguesa*". Velaquí o impacto da lingua comunicante que nos axunta nese inmenso bloque tanto a galegos como ao resto dos naturalizados en lingua portuguesa e desde a súa diversidade expresiva.♦

Carlos Montenegro, no centro, na fronte republicana en 1937. Á dereita, durante a súa visita á Pobra do Caramiñal en 1953. Abaixo, un dos últimos retratos en Miami.

CARLOS MONTENEGRO: nacer na Pobra, escribir en Cuba, morrer en Miami

X. ENRIQUE ACUÑA

¿En cuanto afile mi machete no va quedar ni uno solo para semilla!... Despues acabaré con las negras, despues con los gallegos y... despues acabaré con las negras, despues con los gallegos y... ¡con los cubanos, que el que no tiene de congo tiene de carabalí!... me voy a quedar solo con las hembras blancas y...¡jierro!... jierro!...jierro!...jierro!...

"Hombres sin mujer"
(1938)

Morreu exiliado e labrou a súa vida como nos últimos anos de existencia tallaba e compuña maquetas dos barcos nos que sempre tivo anceios de navegar. Ao seu lado, el bravo e vello, o bate de beisbol para defenderse de asaltos no Miami da súa liberdade. Carlos Montenegro, fumador, de biografía galaica e de tan valleinclanesca como forzada adscrición, naceu na Pobra de Caramiñal de 1900 e foise na Florida anticastrista de 1980. Entre esas dúas datas de alfa e omega vital artellou moitas pequenas e grandes historias imaxinadas cal biografía perfecta para ser narrada precisamente no seu estilo bravío por calquera dos contos ou novelas deste escritor cultivado pola intelixencia habaneira, primeiro, polos propagandistas do exilio cubano en USA despois e, agora por aqueles que queren ver na súa novela *Hombres sin mujer* (La Habana, 1938) un amargo canto da sexualidade encarcerada.

Outros verán a concreción rítmica e o afianzamento dun cinismo literario de altura e pluma. Tan irreverente como para narrar con mestría única o peor do machismo homosexual, sádico e encarcerado. Torturas que Carlos Montenegro compartiu ou aveciñou no penal Castillo del Príncipe sendo el mesmo preso e condenado de 14 anos, 8 meses e un día. Cumpría cadea cando non era aínda escritor e entre reixas describiu que narraba e narraba valéndose dunha portentosa biografía anterior e na que as lendas escoitadas por voz de amas e vellos mariñeiros na Galiza da súa nenez pasan da súa cela ás páxinas literarias das galantes revistas literarias de La Habana.

Nacía xa o Carlos Montenegro escritor e comeza o culto por unha valía intelectual mesmo propiciadora de campañas pola súa anticipada liberación. O reo que matara un mozo con 18 anos nunha liorta utilizando arma branca vai casar agora cunha poeta que o descobre e ama até publicar uns "Poemas de la mujer del preso". "Ao número 8962, o meu esposo, Carlos Montenegro" é a adicatoria que escribe a poeta e xornalista Ester Enma Luisa Pérez González Téllez. Pasaría a ser a muller por cincuenta anos dun galego da Pobra fillo de pai carlistón de boina e crucifixo e con derroteiro de emigrante enriquecido despois arruinado. Con casa no areal do Caramiñal, cando probou voltar á terra, crear flota e ser armador arrimado a curas e caciques naceulle o derradeiro ano do século XIX o Carlos Montenegro fillo tamén de nai amulatada e amiga da santería.

Cumpridos os sete anos a familia trocou o mar da Arousa outra- volta por Cuba e os pais Paúles pasaron a ocuparse da educación dun neno que aínda sufriría novos sobresaltos na andaina familiar. Arxentina foi un breve e frustrado destino e o retorno a Cuba viuse obrigatorio para un casal con tantos claros e escuros na fortuna que mesmo interfiren na tranquilidade formativa dun fillo que pasou das expulsións colexiais a un traballo sen rol máis de grumete a bordo do pesqueiro *Julia* con catorce anos. Ao seu biógrafo de confianza Enrique J. Pujals, Carlos Montenegro confioulle a fame negra daqueles días nos peiraos da Alameda de Paula e non lle agachou as aprendizaxes sexuais no puterio e nas meretrices que, xa home, mantiña no Puerto Limón de Costa Rica. Desertou da puta e pasou aos Estados Unidos para desertar tamén de mariñeiro e converterse por un tempo e mineiro da raia do Canadá, compoñedor de armas en Pennsylvania ou, se fixese falla, desembarcando cadáveres de soldados americanos mortos na Grand Guerra. Non parou de aventurarse e caeu en Tampico para ser preso logo de vender pistolas saídas do barco onde xa era mariñeiro. Foi a súa primeira fuxida dun alxube e mais tamén o seu primeiro contacto con coitelos, refregas e navallas. Episodios que non tardaron en ser ficción nas ducias de contos que publicou o Carlos Montenegro preso e liberto. Na liberdade, e con prestixio de boa man para narrar, pasará a ser cronista habitual de redaccións e compañeiro daqueles presos políticos que compartiron prisión co Montenegro preso común. En 1933, superados os 12 anos de prisión, xa membro do Partido Comunista cubano e convertido naquel mítico Madrid de 1936 acosado polos xenerais franquistas e africanos en correspondente de guerra con crónicas de urxencia e arrebato que mereceron ser publicadas en primeira hora cal libros na Habana. "Aviones contra el pueblo" (1937) –recuperada en Galiza por Edicións do Castro no 2004– e sobre todo, a longa narración "Tres meses con la fuerzas de choque (División Campesino) (1938) escrita con paixón aínda non rota polo que naquela España viu ou non lle gustou ver.

O caso é que Carlos Montenegro non quixo ser o que antes era logo da súa terceira volta a Cuba. A ruptura coa dirección dos comunistas da illa chegaríalle mediante unha expulsión que comparte con Rolando Masferrer, outrora comisario estalinista na Batallón 401 da Brigada Mixta do Exército da República, agora creador do semanario *Tiempo* no que pasa a redactar e axitar Montenegro.

As largas conversas que mantivo intermitentemente durante 1977 Enrique Pujals co escritor foron reflectidas nun humilde mais compacto relatorio publicado, como non en Miami, mais curiosamente imprentado en Barcelona. Unha sorprendente obra como o foi, se ben polo descoidada e á vez cariñosa edición, a realizada en 1995 polo Concello da Pobra do Caramiñal de "Hombres sin mujer" que contou cun prólogo de Enma Montenegro, a única filla da relación da poeta Enma Pérez co escritor cubano-galego.

Admirado por Cabrera Infante e situado á par do tamén escritor Lino Novás Calvo, agora de culto e igualmente galego, en Montenegro non é doado separar a invención literaria da biografía deliberadamente organizada. Os seus contos recompilados ou dispersos aínda agachan moito do anecdotario que en Miami debullaba ante os que a el se achegaban cando xa retirado vivía da pensión que lle pasaba o goberno americano.

Chegara á Florida moi cedo, mesmo antes de que Fidel Castro tomase o poder e derrocara un ditador como Batista ao que Montenegro xa non lle facía grima. E menos á súa amizade perigosa de sempre, o Rolando Masferrer convertido xa en esbirro armado do tirano e executor irregular e implacábel de opositores que, noutras horas, eran da partida de Carlos Montenegro. O poeta surrealista e trosquista cubano Juan Brea, compañeiro da mítica Mary Low, espetoulle ao autor de "Hombres sin mujer", todavía admirador de Stalin: "Escribiu vostede o mellor libro do mundo na novela máis pésima". Unha contraditoria afirmación que pola contra non queda moi distante da traxectoria vital de Carlos Montenegro que, xa nos Estados Unidos, tanto el como a súa dona Enma non deixaron de colaborar nas publicacións que, co apoio da CIA, mantiña Rolando Masferrer. A mesma axuda coa que contaba para efectuar accións terroristas na illa e accións armadas contra a poboación civil que nunca foron denunciadas nin convertidas en conto amargo por Carlos Montenegro. Masferrer morreu un día de 1975 cando alguén lle colocou unha bomba no seu coche en días que Montenegro escribía, para non chegar a rematala, a súa novela "El mundo inefable".

O escritor retornara á Pobra en 1953 para unha visita na que se viu acompañado do Carlos Valle Inclán, fillo de Don Ramón. Os dous visitaron o monte da Curota e desde aquela sempre soñou cun mar de Galiza que tentou cadrar nalgún dos seus relatos que escribía, afirmaba sen modestia, cal cartas aos amigos. Unha longa misiva foi a que lle dictou a Enrique Pujals biógrafo ante de se ir en Miami, galego, cubano, norteamericano... todo un conto negro. Ou como expresaba xenófobo un dos seus personaxes, literario e real, do penal da Habana... "más puerco que un gallego del alcantarillado".♦

A VIÑOTECA

ANTONIO PORTELA

Tempranillo

Por que falar do *tempranillo*? Esta é unha variedade, ou un clon de seu, que en Galiza só ten certa importancia en Monterrei, co nome de araúxa.

Pois primeiro porque todo o que é defendido como representante en calquera sector, neste caso o vitivinícola, das esencias españolas xera cando menos dúbidas, e sobre todo, queirámolo ou non, acaba afectándonos.

A segunda razón nace da perplexidade que provoca a súa inclusión, o ano pasado, dentro das variedades autorizadas no regulamento da DO Ribeira Sacra, tendo a súa elección dentro do abano das posíbeis variedades mellorantes como principal, e único argumento. Polo menos esa foi a conclusión que sacamos algúns dos presentes nunha mesa redonda celebrada o ano pasado, por parte dun técnico deste consello regulador, o da súa españolidade, sen os necesarios estudos do seu comportamento e posíbeis resultados.

Levaba anos defendendo timidamente a tese de que as bondades desta variedade estaban sobredimensionadas e que só se manifesta de xeito pleno na súas zonas xeoclimáticas de orixe: La Rioja e as Castillas.

En La Rioja, ecoclima no que se manifesta con plenitude, tradicionalmente acompañado da garnacha, do *graciano* e do *mazuelo,* e só recentemente de xeito monovarietal; na Ribera del Duero como tinta fina ou tinta do país é complementada polo *cabernet sauvignon,* o *malbec* ou o *merlot* nalgúns dos seus mellores tintos, por exemplo no "mellor" viño español: o Vega Sicilia. Noutras zonas de Castela como La Mancha ou Valdepeñas, onde lle chaman *cencibel,* as súas producións nunca alcanzaban nin de lonxe a calidade das denominacións anteriores, resultando os seus viños clásicos pouco atractivos, namentres que nos novos viños que protagonizan o rexurdir das denominacións de orixe antano escondidas dentro do saco de La Mancha, como Méntrida, Mondéjar, Almansa, de diferentes pagos con dereito a DO e da denominación Vinos de la Tierra de Castilla, o protagonismo é para as variedades tintas,e tamén as brancas, francesas: *syrah, petit verdot, cabernet* e outras, incluso unha adega ten introducido a Touriga Nacional, variedade de manifesta nobreza e calidade adaptada a terreos e climas diferentes, de Chaves até o Alentejo, a banda atlántica da península, como as nosas DO, creo.

Nas zonas levantinas, Jumilla, Yecla, etc., nas que foi introducido aproveitando o seu impacto mediático, co paso do tempo demostrouse a súa mala adaptación ao clima destas comarcas e o deficiente casamento coa *monastrell,* variedade autóctona destas denominacións mediterráneas. Polo contrario a conxunción desta variedade resulta moi satisfactoria co *syrah,* incluso coa *cabernet sauvignon*.

Máis ao norte, nas nove denominacións catalás do Priorat ao Ampurdá, aparece como *ull de llebre* (ollo de lebre) cunha mínima relevancia nos seus viños.

Seguindo por este labirinto peninsular en Portugal atopámola baixo os nomes de *tinta roriz* no Douro e no Dão, e como *aragonéz* no Alentejo, coa función de complementar as outras castes presentes nas diferentes zonas, sendo poucas veces a variedade fundamental das coupaxes, función que recae na *trincadeira* ou *alicante bouschet* no Alentejo ou nas distintas tourigas e tintas no Douro.

A experiencia no noso contorno con esta variedade resulta pouco alentadora: en Monterrei ten problemas de maduración, no Bierzo simplemente non se emprega, nas outras zonas non se sabe ou non contesta.

Esta variedade temperá de ciclo curto, que en condicións normais madura cedo, na actualidade está sufrindo, nas zonas nas que foi introducido nos últimos anos, unha perda de valor consistente no arranque de cepas, reinxerto por variedades autóctonas ou polo *syrah* e *petit verdot* nas zonas máis quentes, e no mellor dos casos empregándose para a elaboracións de viños rosados.

As perspectivas polo tanto non son moi ventureiras para esta variedade no noso país, empezando polo aspecto que máis lles preocupa aos produtores, o comercial.♦

Enxeños e criaturas

XOSÉ MIRANDA

O imaxinario, do oral ao escrito

A Moura é unha deusa cobra e como as cobras pasa o inverno soterrada, e como as cobras é inmortal e como as cobras é ambivalente, fecundadora e devoradora. É unha deusa agraria que procede dun pobo europeo que existiu en Galicia. Europeo, non indoeuropeo. Pois xeneticamente non somos indoeuropeos. A ese pobo superpuxéronse en cultura e lingua, máis que en poboación, outros pobos indoeuropeos (celtas, latinos, xermanos) que trouxeron outras mitoloxías, mais a Deusa sobreviviu ata agora mesmo: soterrada. Existe, pois, unha mitoloxía galega non menor que a irlandesa, a británica, a bretoa, a vasca, a lituana, a finlandesa, a alemá ou a latina. Saber descifrala vai ser tarefa longa. De momento sinalemos a existencia dos mouros e mouras, dos tesouros, trasnos, tardos, demos rumudos, diaños bulreiros, perellos, sumicios, de agoiros e avisos de morte, das Tres Marías, da Raíña Loba, de libros e remedios máxicos, de vigas de ouro e de alcatrán, de encantos, lamias, xacias, sereas, cabras con pernas de muller e mulleres con pés de cabra, de mecos, rabenos e homes salvaxes, dun mundo subterráneo distinto a este, de peeiros e peeiras dos lobos, de cabalos pantasma, estadeas, paxaros da morte, cadelas peregrinas, raposas do Morrazo, estantigas, procesións de bruxas, pozos peago, mares subterráneos, cidades asolagadas, cobras voadoras que devecen polo leite, herbas cabreiras, ovos druídicos, pedras do raio e da serpe, maruxainas, homes do saco, mariamantas, meigas de dentes verdes, homes peixe, papóns, sacaúntos, zarroncos, biosbardos, cozorellos e moitos máis.

Remato: é ben clara a relación da mitoloxía popular e os diversos xéneros da literatura oral cos diversos tipos de literatura escrita. Así, a literatura chamada realista está perto dos chamados por Aarne "chistes e anécdotas" e "contos románticos e novelescos"; a literatura do marabilloso (que algúns chaman erroneamente fantástica e os anglosaxóns fantasía), como a de Dunsany, Tolkien ou Ursula LeGuin, procede dos contos marabillosos e dos mitos; a fantástica (Fole, no noso caso), está máis próxima á arqueolenda; os románticos á neolenda con castelos, mortos e pantasmas; e a "*literatura do estraño*", poño, por caso Poe e Dieste, a verdadeira literatura de terror que é próxima ao fantástico pero ás veces non o é, asimílase á lenda urbana. E Cunqueiro? En Cunqueiro está todo o conto, o mito e a arqueo e neo lenda. O que non está en Cunqueiro é a lenda urbana, porque lle desagrada. Cunqueiro está moi lonxe de Poe e de Dieste, de Cortázar e Ambrose Bierce, e próximo a Borges e a Dunsany.

Aínda que é fama dos galegos sermos tráxicos e estarmos sempre a carón da morte, termos meigas e pantasmas, falar cos mortos igual ca cos vivos e todo iso, direi porén que como calquera lector de Cunqueiro sabe, a cosmovisión galega está chea de humor, e a nosa mitoloxía e a nosa literatura oral tamén. Un exemplo: o nome do caracol.

Cando Cristo e Pedro remataron de lles poñer nome a todos os animais, puideron descansar. Esgotaran os animais e tamén esgotaran os nomes. Non se lles ocorría nin un máis. E nisto Pedro decatouse de que esqueceran un becho, un humilde animaliño que se achegaba arrastrándose e deixando un ronsel de baba e que, como era tan lento, chegara tarde ao reparto dos nomes. E dixo:

—Señor, fáltanos un.

—¿Cal, Pedro?

—Ese que vén reptando coa casa ás costas. Ese que vai cara á col.

—Pois como vai cara a unha col, poñereille caracol.

E niso falou o caracol:

—Pois menos malo que non ía cara a un allo... ♦

Laura Goldar

'O dixital é unha táboa de salvación'

M.B.

A galería Sargadelos de Pontevedra acolle a exposición *Sincronías*, que por primeira vez e até o 30 de outubro exhibirá a súa obra fotográfica. Que quere sincronizar?

Sincronía é un intento de unir e de asociar, dalgunha maneira, as cousas que vexo a través do obxectivo con textos e reflexións de escritores. Tentei darlle ademais unidade á mostra. Non hai retratos, tan só se recollen imaxes de muros, de paredes, de pedras, de obxectos inanimados en definitiva completados con citas de autores galegos. A idea era que o texto emocionara e completase o unicamente visual.

Cada unha das súas obras ten múltiplas lecturas, mesmo semellan mosaicos.

Moitas das fotocomposicións son un proceso de fundir tres ou catro imaxes. Máis que quedar no simple momento fotográfico de enfoque e demais, interésame chegar un pouco máis alá e dotar a imaxe de certo sentido pictórico. Coido que así o resultado gaña en lecturas.

Outras veces recordan viaxes iniciáticos, con presenza de moitas cidades e espazos.

Son unha recompilación de moitas viaxes e de espazos moi concretos. Non se identifican facilmente porque non son os típicos recursos senón detalles moi concretos. Por exemplo, na mostra pode verse unha aldea do Báltico ou unha parede do barrio xudeu de Cracovia, pero non se recoñecen estes lugares. Son viaxes iniciáticas como a propia exposición.

A súa aposta é claramente dixital, por que?

Vén de lonxe. Para min a fotografía e o tratamento dixital son unha sorte de táboa de salvación. Xa antes de empregar as novas tecnoloxías gostaba moito de pintar as fotos en branco e negro, de manipulalas. Pero resultaba un proceso case que artesanal e pouco produtivo. O tratamento dixital permite máis posibilidades e máis creatividade.♦

Portugal da Gallaecia

Francisco Carballo

Se os historiadores, María do Carme Pallares e Ermelindo Portela, no tomo IV da *Grande Historia de Galicia,* garanten a inexistencia de despoboación entre o Miño e o Douro nos séculos VIII-IX, a obra de Avelino de Jesus da Costa –*O bispo D. Pedro*– (2ª e.1997) documenta a continuidade eclesial destes territorios desde San Martiño de Dume (s. VI) a Don Pedro, primeiro bispo da restaurada diócese de Braga, 1070. Avelino de Jesus é, con J. Mattoso, un dos mellores coñecedores da Igrexa lusa.

Avelino de Jesus aborda de cheo o tema da continuidade poboacional dos séculos VIII a XI. Primeiro cunha lectura das crónicas medievais –a de Sebatián e a rotense de Afonso III principalmente. Son crónicas dun século posterior ás afirmacións que fan de despoboamento con Afonso I. Utilizan un léxico hiperbólico de destrución para exaltar a obra dos reis. Con todo ten de lerse: *ermare* (desertizar) e *populare* (poboar), no latín medieval, como desorganizar e organizar un teritorio politicamente.

Avelino de Jesus dá, nos dous volumes de máis de 1.000 páxinas, as probas de Pierre David sobre a continuidade cultual da Igrexa suevogoda e a altomedieval. Mais a súa tese do continuísmo poboacional e do mantemento parroquial e diocesano apóiase na arqueoloxía medieval. As escavacións en múltiplos lugares do territorio da Gallaecia miñota e duriense dan a seriación de templos, cemiterios e mosteiros sen interrupción. A isto une o estudo polo miúdo do Censal de Braga (do s. XI) e dos censais de Guimarães e de Montelongo (do mesmo tempo inda que as copias a utilizar sexan do XIII).

Temos dúas conclusión relevantes: a Galecia histórica, romana, suevo-goda e altomedieval é unha unidade cultural e política. Con García II diferénciase definitivamente da zona asturecense como a Galiza dos galaicos. Nela medra *Portucale,* matriz de Portugal. Relixiosamente, o Islam non se estabeleceu nesta Galecia. Na Lusitania houbo comarcas que arabizaron, mais permaneceron cristiás.

Por fin, por que Braga non recuperou a presenza episcopal até o 1070 e grazas ao rei García? Porque se unificara co bispado de Lugo cuxo bispo a atendía e porque contradicía os proxectos de Iria-Compostela. A Braga do s. XI foi metropolitana da Galiza, agás Compostela, até 1393.♦

A saída a escena dunha nova editorial, Verlibros, chega da man dun libro de conversas entre dous arquitectos. O portugués Álvaro Siza e o galego Manel Somoza, conversaron durante varios encontros no Porto e ofrécennos un traballo que ilumina a práctica profesional dunha das grandes figuras mundiais da arquitectura.

Álvaro Siza, á dereita, no seu estudio do Porto con Manel Somoza.

Paseo pola ARQUITECTURA de ÁLVARO SIZA

X.C.

A editorial que Charo Canal e Bautista Sotelo resideancian en Castro Caldelas, ten un preciso obxectivo de adicarse aos libros de arquitectura, arte, estética, fotografía e viaxes, unha editorial "de libros en galego, que aposta pola cultura galega e obra dos creadores galegos relacionados con Galiza". Para a súa presentación contan cun texto singular, dada á coñecida reticencia do arquitecto portugués á teorización. O historiador da arte Tomás Llorens, prologuista desta edición, "para Siza a arquitectura é esencialmente unha práctica, un facer complexo que non se deixa encerrar no marco dunha teoría".

Manel Somoza coñece a Siza desde hai vinte anos, cando o azar os fixo encontrarse nun *nonnato* proxecto na illa de Arousa. Desde aquel primeiro encontro a súa relación é profesional e persoal e o libro que agora se publica recolle unha serie de conversas realizadas no obradoiro de Siza en Porto entre xaneiro e novembro de 2005.

Autoretrato de Álvaro Siza.

O libro está ilustrado con debuxos do propio Siza que Somoza sitúa como verdadeiros embrións, "Siza deseñaba nos cafés do Porto. Porque tiñan bo té, dicía. Agora deseña as ideas xeradoras dos seus proxectos no isolamento da súa casa –ás veces vendo a televisión– ou en sitios estraños como os cuartos dos hoteis a onde o levan tantos encargos como ten. Eses deseños iniciais, eses embrións, e máis a precisa representación informática que deles fan os seus colaboradores xunto coas maquetas, son a base que lle permite continuar a concretizar detalladamente o desenvolvemento dos proxectos".

Os debuxos, incluído o autorretrato do propio Álvaro Siza, formarán parte dunha futura edición específica do catálogo de Verlibros.♦

Manel Somoza (Bamio, O Salnés) estudou arquitectura na Universidade de Barcelona e alí ficou como arquitecto, mantendo relación humana –e ás veces profesional– permanente coa Galiza. Repartindo o tempo entre o traballo liberal no seu despacho e a dedicación á administración pública, actualmente é Director da Área de Urbanismo do concello de Sabadell, ten unha ampla obra de arquitectura e planeamento urbano.♦

Álvaro Siza Vieira (Matosinhos, Porto, 1933) é un dos arquitectos portugueses de maior prestixio internacional. Autor de numerosos proxectos, entre eles o restaurante Boa Nova en Leça da Palmeira, o barrio de vivendas populares da Quinta da Malagueira en Évora, o Museo Serralves do Porto ou a igrexa de Marco de Canaveses. Na Galiza proxectou o Centro Galego de Arte Contemporánea e a Facultade de Ciencias da Información, en Santiago de Compostela. En 1992 recibiu o Premio Pritzker da Fundación Hyatt de Chicago. No ano 2002, recibiu o Premio Internacional Compostela da Xunta da Galiza.♦

A paisaxe e o abandono da actividade agraria

A paisaxe hoxe é practicamente toda construída e a gran protagonista da construción da paisaxe é a agricultura. Unha cousa que está a acontecer en Portugal, sobre todo no norte, mais vaise estender ao sur –e que acontece tamén na Galiza,ainda que hai un pouco máis de preocupación e medios– é a decadencia da actividade agrícola, que é tráxica e significa a destrución da paisaxe. Porque sendo a paisaxe unha construción –na Europa non hai floresta virxe, natureza pura– ao final as accións fortes para estruturala deixan un residuo tremendo, deixan un abandono e, sobre todo, contradín tantas preocupacións ecolóxicas, na práctica non concretizadas, relativas ao planeta. Na Suíza,onde a actividade agrícola naturalmente non é por razón de prosperidade do país, o governo subsidia a agricultura, xulgo eu por ser a maneira máis económica de manter a calidade do entorno –paisaxe, atmósfera, etc.–, e aquí o que se pasa realmente é o abandono da ocupación da terra agrícola e fica a monte. Despois, coa desestruturación, veñen as infraestruturas e a presión do turismo, que é a actividade que cada vez presiona máis nas actividades que se relacionan co territorio. Como o caso das presións sobre o Alqueva para mudar a tendencia para a desertificación do Alentejo, para acoller máis turismo. E logo o que se pasa é que o vaciamento sen control do territorio, co abandono das terras, que produce problemas como os grandes incendios –voluntarios ou non– mais non hai xente nin para protexer o territorio coa súa exploración, nin para trabar o lume cando aparece". (Álvaro Siza, sobre a banalización da paisaxe)♦

O Trinque

Semana do mar

Sotelo Blanco organiza a I Semana do Mar, un encontro sobre a relación de Galiza coa costa. Entre o 22 e o 26 de outubro, en Compostela falarán Mª do Carmo García Negro, Fernando González Laxe, Hassan Oukacha, Xoán López, Manuel Soto, Ramón Sabín, Fernando Otero, Dionisio Pereira, Fernando Pereira, Said Derham, Juan Vieites, José Luis González, Uxío Labarta, Xabier Vázquez, Luís Rei, Mª Xosé Cacabelos e Francisco Fernández Rei.♦

LeCeR

Coordinación: Xesús Vaamonde Cid

GUIEIRO DE CULTURA E ESPECTÁCULOS

Photogalicia

Pormenor de *Refuxiados mozambicanos en Zambeze*, (1994), de Sebastião Salgado.

A *Fundación Caixa Galicia* acolle mostras do traballo de fotógrafos de recoñecido prestixio internacional. En **Pontevedra** temos, até o 6 de xaneiro, a mostra *Tres vídeos tristes* de **Alberto García-Alix;** até a mesma data en **Lugo** podemos ollar *De Esguello* de **Sylvia Plachy;** desde este xoves 18 en **Santiago** poderemos admirar a serie *África* de **Sebastião Salgado;** e na **Coruña** desde o venres 19 podemos visitar *Despreocupado mais non indiferente* de **Man Ray.**♦

Arteixo

■ **EXPOSICIÓNS**

COLECCIÓN FEIMA
Esta mostra de pintura galega pode visitarse no *Centro Cívico Cultural* até vindeiro o martes 30.

O Barco

■ **DANZA**

ENGADO
Nova Galega de Danza presenta este espectáculo o venres 19 ás 21h no teatro *Lauro Olmo*.

Boiro

■ **TEATRO**

NOVE DOUS
Representa a obra ***Fóra de xogo*** na Casa da Cultura *Ramón Martínez López* este venres 19 ás 21h. Dirixida por **Maxi Rodríguez,** está interpretada por **Marián Bañobre, Jouse García, Lois Soaxe** e **Santiago Cortegoso.**

Cangas

■ **DANZA**

INSULTOS PRIVADOS
Javier Martín actúa o sábado 20 ás 20h30 no *Auditorio Municipal*.

O Carballiño

■ **EXPOSICIÓNS**

BORDES DE MAR
As fotografías de **Juan Rodríguez** e **José Caruncho,** sobre o litoral peninsular, permanecerán expostas até o 28 de outubro no *Auditorio Municipal*.

Carballo

■ **EXPOSICIÓNS**

125 ANOS
O *Pazo da Cultura* acolle até este domingo 21 a mostra ***Un país desde as táboas,*** sobre a historia do teatro galego.

Celanova

■ **EXPOSICIÓNS**

MARTÍNEZ OCAÑA
A súa pintura pode ollarse, até o 31 de outubro, no Claustro Barroco do Mosteiro.

A Coruña

■ **ACTOS**

BELAS ARTES E CINEMA
Co intención de analizar a relación entre as artes plásticas e o celuloide –a través de conferencias e proxeccións– este ciclo nos ofrece o luns 22 no *C.S.Caixanova* a charla de **Germán Ramallo**, da *Real Academia de Bellas Artes Sta. Mª de la Arrixaca* de Murcia, sobre ***A escultura e o cinema;*** o martes 23 proxéctase no mesmo lugar ***O Gólem*** (1920), de **Paul Wegener.**

DANIEL VARELA
O deputado no Parlamento Europeo polo PP falará o venres 19 ás 20h sobre as ***Contribucións ao debate sobre o futuro da Unión Europea,*** dentro do ciclo de conferencias ***Medio século de integración europea: Desafíos actuais da UE na era da globalización,*** que se celebra no Auditorio da *Fundación Caixanova*.

SÁBADOS MÁXICOS
O luns 22 poderemos gozar ás 13h, 17h, e 19h na Praza Pablo Iglesias cunha chea de magos que sorprenderán cos seus trucos os viandantes.

■ **CINEMA**

CGAI
No ciclo adicado ao director francés ***Philippe Garrel. O cine revelado*** podemos ollar ás 20h30, este xoves 18, ***Les Baisers de secours*** (1988); o sábado 20 ***La naissance de l´amour*** (1993); o luns 22 ***Le coueur fantome*** (1995); e o martes 23 tócalle o turno a ***Liberte la nuit*** (1983). De **Raoul Walsh** temos este venres 19 ás 18h ***The roaring twenties*** (1939); e o vindeiro xoves 25 ás 20h30 e venres 26 ás 18h ***El mundo en sus manos*** (1952). No ciclo ***Fóra de serie*** gozaremos este venres 19 ás 20h30 e o sábado 20 ás 18h con ***La Isla del Hierro*** (2006), de **Mohammad Rasoulof;** e o mércores 24 ás 20h30 pasarase o vídeo ***Diegos Gedichte*** (2005), coa presenza do director **Diego Mariño.** Máis información en www.cgai.org.

■ **DANZA**

STOMP
A compañía británica mestura o baile e a percusión, transformando os refugallos e o lixo da vida cotiá nun espectáculo cheo de vida e humor. No *Palacio da Ópera* o vindeiro xoves 25 ás 21h, o venres 26 ás 22h30, o sábado 27 ás 19h e 22h30 e o domingo 28 ás 21h. As entradas poden adquirirse en www.caixanova.es e no 902 504 500.

Picasso

A *Fundación Barrié* presenta as mostras ***Laboratorio de estilos*** nas sedes da **Coruña** e **Vigo,** desde o vindeiro mércores 17 e xoves 18. O duplo programa expositivo trata sobre dous dos temas principais na obra do pintor: os **retratos femininos,** dos que poderemos ollar na Coruña 57 cadros realizados entre 1924 e 1972; e as **naturezas mortas,** pertencentes á primeira metade do século XX, e das que se poderán admirar en Vigo 32 magníficos exemplos.♦

■ **EXPOSICIÓNS**

A HISTORIA
Até o 4 de novembro temos esta mostra sobre o ensino na Casa da Cultura *Salvador de Madariaga* .

ESTO NON É UNHA BROMA
Os 6 artistas participantes neste proxecto, que podemos ollar até o 18 de novembro no MACUF, coinciden no emprego do humor ou da ironía como estratexia creativa.

ICONOGRAFÍAS II
As pinturas de **Carlos Maño** expóñense, até este sábado 20, na galería *Ana Vilaseco.*

ANTONIO MURADO
No *C.S.C. Caixa Galicia* temos a mostra *AM 34 x 24 Vol. 1* até o 17 de novembro.

YOLANDA FERRER
Na galería *Atlántica* podemos coñecera mostra *Pechar os ollos para ver* até finais de novembro.

Para a inclusión de información nestas páxinas do *Lecer* pregámosvos nolas fagades chegar antes dos luns. Pódese facer a través do correo, Aptdo. 1.371, 36200 Vigo; por Telf., 986 222 405, por Fax 986 223 101ou correo electrónico info@anosaterra.com

Dreams

O Circo Acrobático Nacional de Beijing chega con este magnífico e sorprendente espectáculo ao *Auditorio Municipal* de Ourense este xoves 18 ás 20h30; o venres 19 tamén ás 20h30 ao *Auditorio Municipal* de Ribadumia; o sábado 20 ás 22h ao *Pavillón Municipal* de Lalín; o domingo 21 ás 18h30 ao *Gustavo Freire* de Lugo; para rematar a xira galega o martes 23 ás 20h30 no *C.C. Caixanova* de Vigo. Entradas en www.caixanova.es e no 902 504 500.♦

Nova Galega de Danza está co seu espectáculo *Engado* este venres 19 no BARCO.

Homenaxe a Zeca Afonso

Um redondo vocábulo é un percorrido inédito pola obra poética e musical do Zeca Afonso a cargo do seu sobriño **João Afonso** e o pianista **João Lucas**. Este xoves 18 poderemos escoitalos no *Clavicémbalo* de **Lugo;** o venres 19 ás 23 h abre a nova temporada do *Liceum* no **Porriño;** e o sábado 22 ás 22h está no teatro *Sá Miranda* de **Viana do Castelo.**♦

Deshechos

Os sons máis persoais do rock, o reggae e o ska e as letras afiadas e combativas chegan este sábado 20 á *Iguana Club* de **Vigo,** onde esta banda presenta o seu segundo traballo *Dos y medio*. O domingo 21 estará no *Aturuxo* de **Bueu.**♦

Amal 07

O ***Festival de Cinema Euro-Árabe*** comeza o luns 22 ás 22h na *Aula Sociocultural* de *Caixa Galicia* en **Santiago** con ***Heart Edges*** (2006), de **Hicham Ayouch.** O martes 23 ás 17h podemos ollar as curtas ***Chimezie*** (2007), de **Isabelle Fournet;** ***The fishermen's break*** (2007), de **Al Hadi Ulad Mohand;** ***A Nest Without Birds*** (2007), de **Xena Al-Kalouti;** e ***Comparse*** (2007), de **Wahid Moutanna** e **Othmane Naciri**; ás 19h30 o documental ***Los Perdedores*** (2006), de **Driss Deiback;** e ás 22h ***Abdou chez les Almohades*** (2006), de **Said Naciri.** O mércores 24 ás 17h ***La luz oscura*** (2006), de **Javier Guerrero;** ***Los ojos de Djamel*** (2006), de **David Casals Roma;** ***Yo y mi terraza*** (2006), de **Ana Rodríguez Rosell;** e ***Drying up Palestine*** (2007), de **Rima Essa** e **Peter Snowdon;** ás 19h30 ***Bridging the Gap*** (2007), de **Curi Cappellari;** e ás 22h a longametraxe ***Ring of Fire*** (2004), de **Bahij Hojeij.** O xoves 25 ás 17h, ***Still life*** (2005), de **Hamid Oqabi;** ***Mirrors of Silence*** (2006), de **Nawaf Al Janahi;** e ***Going for a ride?*** (2003), de **Nahed Awwad;** ás 19h30 ***Cinema 500 Km*** (2006), de **Abdullah Al-Eyaf;** e ás 22h ***Cuento de las dos orillas*** (2007), de **Jesús Armesto.** Parellamente do martes 23 ao venres 26 teremos, ás 18h no *Salón de Actos* da *Facultade de Filosofía,* o ciclo de videocreación ***Desde o Medio Oriente con amor***, con entrada de balde até completar aforo. O programa completo pode consultarse en www.festivalamal.es.♦

Carteleira

O ORFANATO. Laura (Belén Rueda) volta ao orfanato onde se criou coa súa familia para abrir unha residencia para nenos discapacitados. Todo se vai tornar sombrío cando o seu fillo Simón (Roger Princep) comece a sentir unha estraña presenza.

SETE MESAS DE BILLAR FRANCÉS. Película sobre as esperanzas de dúas mulleres, Blanca Portillo e Maribel Verdú, por encamiñaren a súa vida a través dun vello billar en decadencia. Dirixe Gracia Querejeta.

PROMESAS DO LESTE. Viggo Mortensen é o chofer dunha das máis influentes familias mafiosas rusas afincadas en Londres. A vida do mafioso vai mudar cando coñeza unha comadrona tamén rusa, Naomi Watts.

A GRANDE ESTAFA. Clifford foi un escritor sen éxito que se fixo famoso na década do 1970 cando conseguiu enganar os directivos dunha prestixiosa editorial cun suposto libro de memorias de Howard Hughes, destinado a ser o *best-seller* do século.

A ESTRAÑA QUE HAI EN TI. Jodie Foster perde o seu mozo nun asalto nocturno e decide buscar vinganza matando todos os delincuentes que atopa. Ao encontrarse co policía que investiga o seu caso cuestionarase se ten sentido a súa forma de "xustiza". Dirixe o irlandés Neil Jordan.

MATAHARIS. Tres mulleres detectives (a galega María Vázquez, Najwa Nimri e Nuria González) investigan diferentes casos ao tempo que tentan ocultar os segredos da súa propia vida.

SAÍR PITANDO. Comedia española protagonizada polo galego Xavier Gutiérrez e Guillermo Toledo. Un árbitro que estivera recuperándose dunha depresión volve para o partido no que se decide a liga. As cousas vánselle complicar.

DECLÁROVOS MARIDO E MARIDO. Dous bombeiros precisan casar para que a un deles lle permitan poñer un seguro de vida ao nome dos fillos. O que se fa converter nun trámite legal discreto pasa a ser unha noticia que vai revolucionar o contorno dos dous protagonistas.

HAIRSPRAY. Musical estadounidense que quere recuperar os peiteados e as voces da década do 1960. Unha aspirante a cantante con sobrepeso loitará contra os clixés para triunfar na canción. John Travolta fai de nai da protagonista

UN CORAZÓN INVENCÍBEL. Película que tenta reconstruír a desaparición do xornalista estadounidense Danny Pearl en Afganistán. A historia cóntase desde o punto de vista da súa muller, Mariane (Angelina Jolie).

A XUNGLA 4.0. John McClane ten a misión de deter un *hacker* buscado polo FBI. Mais sen querelo, volve meterse nunha lea de primeira: un plan para atacar as redes da internet nos EE UU. Acción para o cuarto título dunha saga que fai os 20 anos cun Bruce Willis igual de retranqueiro e cheo de feridas.

CAÓTICA ANA. Reencontro de Julio Médem coa experimentación visual e narrativa. Ana é unha aspirante a artista que consegue vivir os recordos doutras mulleres, tanto no presente como no pasado. Homenaxe do director vasco á súa irmá Ana, xa falecida.♦

Lagarta, Lagarta

Representa ***As últimas lúas*** este venres 19 ás 22h no *Centro Cultural e Xuvenil* de **Muros;** o sábado 20 ás 20h30 estará no teatro *Pastor Díaz* de **Viveiro.** Dirixida por **Xúlio Lago,** está interpretada por **Ernesto Chao, Rosa Álvarez** e **Artur Trillo.**♦

O burgués fidalgo

Teatro do Morcego representa a obra de Molière, dirixida por **Celso Parada** e interpretada por **Santi Prego, Luisa Merelas, Maxo Barxas, Branca Cendán, X. Carlos Mosquera, Xavier Estévez, Mundo Villalustre, Suso Alonso, Leticia Alfaia** e **Ánxeles Soliño,** este venres 19 ás 21h na *Casa da Cultura* de **Burela;** o domingo 21 ás 20h30 no auditorio *Hernán Naval* de **Ribadeo;** e o vindeiro venres 26 ás 20h30 no *C.C. Caixanova* de **Vigo.**♦

A bombilla máxica

O venres 19 ás 21h **Teatro do Atlántico** representa esta peza de Woody Allen na *Casa da Cultura* do Milladoiro en **Ames;** o sábado 20 ás 20h30 na *Casa da Cultura* de **Ribadavia;** o vindeiro venres 26 ás 21h na sala *Bahía* de **Foz.** Protagonizada por **María Barcala, G.M. Uriarte, Antonio Simón, Santi Romay, Vitoria Romero** e **Alexandre Lago,** está dirixida por **Xúlio Lago.**♦

Outono de Teatro

No Festival Internacional de **Carballo** temos este venres 19 ás 21h no *Pazo da Cultura* aos bascos **Ur Teatro** con ***El chico de la última fila,*** con **R. Barea, Luisa Pazos, C. Jiménez-Alfaro, J. Tome, I. Jiménez** e **Natalie Pinot;** o sábado 20 a cía. madrileña **Sexpeare** representa ***For sale;*** o vindeiro venres 26 poderemos ollar á **Shakespeare Women Company** de Lisboa con ***Julietta;*** e o domingo 28 aos cataláns **Copi Rait** con ***Mam. Modern Art Modern.***♦

De Profundis
Os óleos realizados por **Miguel Anxo Prado** para esta fita de animación poden ollarse no *Aquarium Finisterrae*.

Buenos Aires
Escenarios de Luís Seoane, exposición na que a cidade de Buenos Aires é protagonista, como acolledora do insigne pintor. Seoane participou activamente na realidade arxentina e consolida unha obra marcada polas tendencias artísticas máis avanzadas do momento. A capital arxentina é capital na súa vida, alí naceu... e voltou para vivir o exilio. Na *Fundación L. Seoane* até o 9 de decembro.

Pablo Gargallo
O *Kiosko Alfonso* acolle até o 11 de novembro unha antolóxica da obra deste magnífico escultor do século pasado.

Igor Mitorag
As súas grandes esculturas de inspiración clásica expóñense até este domingo 21 na Praza de María Pita.

Mirarte
A *Fundación Luís Seoane* presenta, até finais de ano, unha mostra sobre a pintura máis gozosa e creativa do propio **Luís Seoane,** que forma parte dun proxecto trienal máis amplo no que se trazarán as liñas do seu traballo.

■ MÚSICA

981Festival
O complexo do *Playa Club* vibrará o sábado 20 con máis de 7 horas de música electrónica sen parar da man dos artistas internacionais **Andrew Weatherall, Damian Lazarus, Aril Brikha-live, Alex Gopher, Ascii Disko-live, Belle & Sebastian DJs, Justin Robertson, Jef K, The Subs DJs, DJ Grobas, DJ Ino** e o **MC Pérez.** A entrada –anticipada– custa 18 euros e na billeteira 21; na área VIP, con cea, entrada e acceso aos artistas 55 euros. Máis información en www.playaclub.net.

Caetano Veloso
A *Fundación Barrié,* no seu programa de concertos extraordinarios co gallo do 40 aniversario, trae ao cantante brasileiro ao Palacio da Ópera o martes 23 ás 20h30.

■ TEATRO

A Bela e a Besta
O teatro *Colón* acolle o domingo 21 ás 12h este espectáculo infantil para crianzas maiores de 4 anos.

Denise Chalem
Do venres 19 ao domingo 21 ás 20h30 **Teatro del Duende** estrea no *Rosalía de Castro* a obra ***Dile a mi hija que me fui de viaje***, nunha versión de **Lourdes Ortiz**, premiada co *Molière 2005*.

Ferrol

■ CINEMA

A lei da rúa
O luns 22 podemos ollar ás 20h no *Ateneo* esta fita dirixida por **Francis Ford Coppola** en 1984.

■ EXPOSICIÓNS

Víctor Rivera Jove
Podemos ollar as súas fotografías, xunto coas de **Eloy Taboada,** no *Ateneo Ferrolán* até o martes 30.

O itinerario no trazo
A mostra *Debuxo e ilustración en Luís Seoane* permanecerá na *Fundación Caixa Galicia* até o 6 de xaneiro.

Manuel Patinha
Os olhos abertos é como titula esta mostra que podemos contemplar na galería *Sargadelos* até o 30 de outubro.

■ MÚSICA

Orquestra Sinfónica
A de **Karashtan** que dá un concerto este sábado 20 ás 20h30 no teatro *Jofre*. O mércores 24 neste local á mesma hora poderemos escoitar ao **Grupo de Metais Sta. Icía-Cidade de Ferrol.**

■ TEATRO

Ur
A compañía vasca, dirixida por **Helena Pimienta,** representa o domingo 21 ás 20h30 no teatro *Jofre* ***El chico de la última fila,*** con **Ramón Barea, Luisa Pazos, Carlos Jiménez-Alfaro, José Tome, Ignacio Jiménez** e **Natalie Pinot.**

Sarabela
O martes 23 ás 20h30 gozaremos no teatro *Jofre* coa peza ***Cristovo e as marabillas.*** Está protagonizada por **Fernando Dacosta, Tito R. Asorey, Sabela Gago, Elena Seijo** e **Fina Calleja,** que tamén dirixe.

Lugo

■ EXPOSICIÓNS

Dinosauros
O centro comercial *As Termas* acolle esta mostra até o 17 de novembro.

Avancraft
Até o 18 de novembro exhíbense 80 pezas de artesanía de catro países na *Capela de Santa María*.

Isabel Muñoz
Os corpos como territorio chámase a mostra da recoñecida fotógrafa que debemos coñecer no *Museo Provincial,* até o 4 de novembro.

Marcela Santorum
Podemos admirar a súa obra recente até o 30 de outubro na galería *Clérigos*.

■ MÚSICA

Amanida Folc
Este grupo barcelonés (composto por acordeón, guitarra, 2 violoncellos, violín e clarinete) propónnos unha salada de ritmos propios e melodías balcánicas, gregas, israelís, etc. no *Clavicémbalo* este venres 19. O sábado 20 será a **Matraca Perversa** a que suba ao escenario; e o mércores 24 haberá unha repichoca de **Rock & Blues** organizada pola **Fábrica de Sons** con entrada de balde.

■ TEATRO

Ur
O sábado 20 podemos ollar ás 20h30 no teatro *Gustavo Freire* a obra ***El chico de la última fila***, interpretada por **Ramón Barea, Luisa Pazos, Carlos Jiménez-Alfaro, José Tome, Ignacio Jiménez** e **Natalie Pinot,** e dirixida por **Helena Pimienta**

Muros

■ TEATRO

Sapristi
No *Centro Cultural e Xuvenil* temos o sábado 20 ás 18h30 ***Unha Merenda de Alicias,*** nunha adaptación dos textos de L. Carroll de **José Campanari** que dirixe a **Patricia Vázquez** e **Nuria Sanz.**

Narón

■ TEATRO

Medidas preventivas
Áncora producións vai representala no *Auditorio Municipal* este venres 19 ás 20h30 e o sábado 20 ás 20h. **G. Pernas Cora** é o autor –e director– e esta interpretada por **Ánxela G. Abalo, Vicente de Souza** e **Xosé Bonome.**

Narón

■ EXPOSICIÓNS

Onte e hoxe
Podemos ollar a mostra *A vida xunto ao mar,* sobre a evolución da pesca no Val Miñor, até este domingo 21 no *Centro Antena.*

Ortigueira

■ EXPOSICIÓNS

Vivindo cos volcáns
Até este domingo 21 póde-se visitar esta mostra didáctica na *Sala de Exposicións* (Praza de Isabel II).

Ourense

■ EXPOSICIÓNS

Ignacio Goitia
Por la puerta grande chámalle a esta mostra de pintura que permanecerá na galería *Marisa Marimón* até o 15 de novembro.

Manuel Bouzas.
O pintor expón as súas acuarelas no café *Isaac* até o mércores 31.

Continúa no Museo Provincial de LUGO a mostra de Isabel Muñoz.

Pobre mundo rico

O ***Simposio sobre a pobreza e a desigualdade no mundo*** presenta este xoves 18 ás 17h na *Facultade de CC da Información* de **Santiago** a mesa ***Os problemas da sanidade nos países pobres. Son xenéricos?,*** con **Felipe Noya, Xosé Mª Torres, Julián Zabala** e **Miguel Jara,** e ás 19h30 unha conferencia sobre ***Novos conflitos e pobreza. Proposta para unha axenda de Paz,*** con **Jesús Mª Alemany.** O xoves 25 temos neste lugar ás 17h a **Guillermo Brea, Carlos Bendito** e **Raul Asegurado** debatendo sobre ***Banca para ricos. Banca para pobres,*** e ás 19h30 a **Mariano Aguirre** falando sobre ***Crise de Estado, pobreza e violencia.*** O martes 23 ás 17h no *C.S. Caixanova* de **Pontevedra, Ramón Lobo, Manoel Santos, Aloia Álvarez** e **Carlos Martínez** na mesa ***Informar, alarmar, concienciar: a que xogan os medios?,*** e ás 19h30 poderemos escoitar a **Carlos Taibo** falar sobre ***A Globalización capitalista: paraíso fiscal.*** O mércores 24 ás 19h30 no *C.S. Caixanova* de **Ourense, Mariano Aguirre** conferencia sobre ***Crise de Estado, pobreza e violencia*** e, ás 20h15, **Robert Matthews** sobre ***Conflitos, narcotráfico e pobreza na América Latina.*** No programa audiovisual temos, o luns 22 ás 20h en **Pontevedra,** os documentais ***A Urgência*** e ***África-Brasil: lutas e conquistas***; en **Ourense** podemos ollar, o martes 23, ***Patmos***, ***Clandestino*** e ***Un mundo desigual (voces contra a globalización);*** en **Santiago** faise un pase o mércores 24 dos traballos ***Eclipse*** e ***Un mundo desigual.*** Información completa en www.pobremundorico.org.♦

Real Filharmonía

A formación galega interpreta, este xoves 18 ás 20h30, pezas de I. Stravinsky, K. Weill e A. Honegger no teatro *Colón* da **Coruña,** baixo a batuta de **Josep Caballé** e con **Ilya Gringolts** ao violín. O venres 19 poderemos escoitala ás 21h no *Auditorio de Galiza* de **Santiago.**♦

Porgy & Bess

O **New York Harlem Theatre** e a **Sinfónica de Navarra** presentan, este venres 19 ás 21h no *C.S. Caixanova* de **Pontevedra,** esta ópera en tres actos con música de **George Gershwin** e libreto de **Du Bose Heyward** e **Ira Gershwin,** partindo do drama escrito polo casal **Du Bose** e **Dorothy Heyward**. O sábado 20 estarán ás 20h30 no *C.C. Caixanova* de **Vigo;** e o domingo 21 á mesma hora no *Palacio da Ópera* da **Coruña.**♦

F.R.I.C.S.
Podemos visitar esta mostra até o venres 26 na sala *Alterarte*.

Moncho Borrajo
O *Centro Cultural da Deputación* presenta, até o martes 30, a mostra *25 anos* sobre este artista polifacético. No mesmo lugar temos, até o domingo 28, a mostra ***A escola da II República.***

Xoias francesas

Neste ciclo de cinema que acollen as sedes da *Fundación Caixa Galicia* proxéctase, este xoves 18 ás 20h15, a fita ***As diabólicas*** (1955), de **Henri-Georges Clouzot**, en **Santiago;** esta mesma película está en **Pontevedra** o martes 23 ás 20h; tamén o martes 23 ás oito do serán poderemos ollar ***Meu tío*** (1958), de **Jacques Tati,** en **Lugo,** e ***Pickpocket*** (1959), de **Robert Bresson,** ás 18h e 20h30 en **Vigo.**♦

Curtocircuíto

O festival de curtas de **Compostela** continúa no teatro *Principal*, de 16h30 a 18h co programa ***Internacional IV*** e das 22h30 ás 24h co programa ***Galego;*** e o venres 19 ás 22h na sala Nasa dentro do programa ***Extensión Curtocircuíto*** haberá vídeos musicais co **VDJ OFF**.

Compostela Curtocircuíto ten catro categorías: ficción, animación, videocreación e documental. O concurso de micromovies *Anacos* son de tema libre e teñen unha duración máxima de 30 segundos, valorándose, sobre todo, o enxeño e a creatividade. O obxectivo do concurso de guións *Compostela Plató* é a produción do guión gañador e a súa distribución nunha ampla rede de festivais nacionais e internacionais, estreándose na **Gala de Entrega de Premios,** que clausurará o festival este sábado 20 ás 20h no *Principal*. O Mercado desta IV edición vai do xoves 18 ao sábado 20 no corazón do casco histórico, e unha cita de enorme atractivo para compradores, distribuidores, programadores e outros profesionais ao poder visionar todas as producción inscritas, ademais de descubrir as últimas novidades do sector.♦

MOMOITIO LARRINAGA
O pintor ten unha mostra na galería *Visol* até final de mes.

■ TEATRO

UN AGASALLO PARA XOAQUÍN
O *Instituto Galego de Consumo*, coa intención de formar ás crianzas no consumo responsábel, presenta esta obra a cargo dos **Monicreques de Kukas** o sábado 20 ás 12h no *Auditorio Municipal*.

Pobra do Caramiñal

■ ACTOS

VALLE-INCLÁN
Nas ***IX Xornadas de Homenaxe*** ao escritor temos este venres 19 ás 20h30 no auditorio do *Museo Valle-Inclán* a conferencia ***Valle-Inclán. Candidato republicano,*** coa intervención de **Javier Serrano Alonso** e **Amparo de Juan Bolufer.** O sábado 20 represéntase, ás 20h30 no teatro-cine *Elma,* a obra ***Los cuernos de Don Friolera,*** a cargo da compañía **La Garnacha.** E o mércores 24 ás 11h no Auditorio celebrarase a conferencia escolar ***Valle-Inclán e a arte galega do seu tempo***, con **José Manuel López Vázquez**.

■ EXPOSICIÓNS

VALLE-INCLÁN: RETRATOS, CARICATURAS E VISIÓNS
As *IX Xornadas de Homenaxe a Valle-Inclán* que organiza o museo do mesmo nome, traen esta mostra de **Siro López,** formada por obras todas elas inéditas e en distintas técnicas, que podemos coñecer na *Casa da Cultura* até o 26 de outubro.

As Pontes

■ TEATRO

SEMPRE AO LONXE
Mofa e Befa sube ás táboas o venres 19 ás 21h no cine *Alovi*. **Kiko Cadaval** dirixe a **Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Piti Sanz** nesta obra.

Pontevedra

■ CINEMA

BARRIO
A película de **Fernando León de Aranoa** proxéctase este xoves 18 no *Principal* ás 20h e 22h15.

■ EXPOSICIÓNS

EIXO ATLÁNTICO
Os traballos participantes na *VII Bienal* poden admirarse até o domingo 28 no *Pazo da Cultura*.

■ TEATRO

SKENÉ
Esta compañía representa a obra de Arsitófanes ***A asemblea das mulleres*** o vindeiro xoves 25 ás 20h30 no *Principal*. **Leonel García Laborde** dirixe a **María Caparrini, Edgar Costas, Bernardo Fraga, Sara Marcet** e **Franccelina Méndez.**

Convocatorias

COMPOSTELA ACTIVA
Nove empresas, dúas entidades financieiras e dúas empresarias participarán na ***II Xornada Emprende en Compostela***, organizada pola Concellaría de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo, que terá lugar no *Pazo de Congresos* o 23 de outubro, co obxectivo de fomentar a cultura emprendedora, está dirixida ás persoas interesadas en desenvolver un proxecto empresarial nos vindeiros anos e ás que están dando os seus primeiros pasos á fronte dunha empresa. O programa e a inscrición para participar atópanse en www.maiscompostela.org, no portal adicado ao programa *Compostela Activa*.

OBRADOIROS DO CDC
O Centro Dramático Galego (CDG) inicia a actividade do seu *Centro de Creación Dramática Contemporánea (CDC)* coa posta en marcha do curso de escrita teatral ***Pistas para unha dramaturxia da actualidade II,*** dirixido e coordinado por **Cándido Pazó,** así como do laboratorio ***A Escena Aumentada: Galiza. Dramaturxia, coreografía e linguaxes de comunicación audiovisual interactiva,*** dirixido por **Rosa Sánchez** e **Alain Baumann,** integrantes de **Kònic Theatre.** Ademais de Pazó, que impartirá o primeiro obradoiro do 19 ao 23 de novembro, participan como mestres convidados **Yolanda Pallín** (do 21 ao 25 de xaneiro), **Jacinto Lucas Pires** (do 3 ao 7 de marzo) e **Patrick Lerch** (do 5 ao 9 de maio). Ao remate do curso, o CDG organizará unhas lecturas dramatizas baixo o título ***Lecturas en acción,*** cunha selección dos textos xurdidos desta experiencia. O prezo da matrícula é de 260 euros, cun desconto do 50 por cento para profesionais, desempregados e estudantes. Os interesados en participar nos cursos –para os que se establece un límite máximo de 12 prazas– poden inscribirse nas oficinas do CDG (Rúa Nova 34. SANTIAGO), en horario de 9h a 14h até o vindeiro 26 de outubro. As solicitudes poden descargarse desde o sitio www.centrodramatico.org.

MIECOLOXÍA 2.0
O MACUF da CORUÑA acolle, do 15 ao 18 de novembro, estas xornadas arredor do valor cultural, económico, medioambiental e gastronómico dos cogomelos, na que participan reputados especialistas do *Laboratorio de Micoloxía* da Universidade de Vigo e cociñeiros de renome, que presentarán algunhas das súas novidosas propostas. As prazas son limitadas e para máis información, prescrición e pagamento das taxas de matrícula (15 euros por persoa e fin de semana) pódese chamar ao teléfono 981 178 786, en días laborabeis de 10h a 14h, ou enviar unha mensaxe a educacionmacuf@arteyenergia.es.

MODESTO R. FIGUEIREDO
A *Fundación do Pedrón de Ouro* promove, en colaboración co Concello de Ourense, o ***XXXIII Certame Nacional de Narracións Breves*** para render homenaxe ao ourensán Xoaquín Lorenzo Fernández *Xocas,* no que poderán participar autores de calquera nacionalidade, cunha ou máis obras, sempre que estean escritas en lingua galega, sexan inéditas e non se teñan presentado a ningún outro certame. Os traballos terán un mínimo de cinco e un máximo de trinta páxinas mecanografadas a duplo espazo e por unha soa cara en follas DIN A-4. Enviaranse nun sobre pechado e baixo lema e plica, por quintuplicado, antes do 30 de novembro de 2007, á *Fundación Pedrón de Ouro,* Apartado de Correos 627 de SANTIAGO DE COMPOSTELA, ou á Concellaría de Cultura de OURENSE (Rúa Canle 2, 32005). O primeiro premio está dotado cunha contía económica de 600 euros, e poderá facerse entrega de até dous segundos de 240 euros.

IV PREMIO ARUME
A *Fundación Xosé Neira Vilas* promove este certame co propósito de estimular a creación poética e de achegar ás crianzas ao mundo da lírica, e nel poden participar todas aquelas persoas que o desexen, de calquera nacionalidade, con textos inéditos escritos en galego, dunha extensión mínima de 350 versos. Os traballos enviaranse, antes do 31 de outubro, en orixinal e dúas copias, nun sobre pechado e baixo plica, á sede da *Fundación Xosé Neira Vilas* (36587 GRES-VILA DE CRUCES, Pontevedra). O certame ten unha dotación económica de 1.000 euros e publicación do libro premiado en *Edicións do Castro*.♦

***Noite de reis* é a última produción do CDG e represéntase no *Salón Teatro* de SANTIAGO.**

Porto do Son

■ EXPOSICIÓNS

MANS SALGADAS
As fotografías de **Javier Teniente** expóñense na *Casa de Cultura* até o domingo 21. Desde o venres 26 ao domingo 28 celébrase no mesmo lugar a ***VII Exhibición de Ornitoloxía.***

Redondela

■ MÚSICA

VOCALISE
O venres 19 celébrase no *Multiúsos da Xunqueira* o concerto ***A volta ao mundo en 747 compases***.

Sada

■ TEATRO

TEATRE ARCA
A compañía catalá representa ***Asesinos anónimos*** o domingo 21 ás 20h. Protagonizar a obra **Vicente Gil, Txema Pérez** e **Jesús Roche,** que tamén dirixe.

Salvaterra

■ MÚSICA

QUEMPALLOU
A festa chega o sábado 20 ao *Vagalume*, con esta formación que presenta o seu novo disco *Polo Aire!!*

Santiago

■ CINEMA

TERRA E LIBERDADE
O *Principal* acolle o luns 22 ás 19h o pase da fita do británico **Ken Loach.**

■ EXPOSICIÓNS

CARTOGRAFÍA ANTIGA
No *Museo do Pobo Galego* clausúrase este venres 19 esta mostra que reúne unha colección de mapas do país.

SESIÓN CONTINUA
Podemos ollar a pintura de **Nono Bandera** e **Manolo Dimas,** até o 24 de novembro, na galería *C5 Colección*.

SANTI JIMÉNEZ
A galería *Espazo 48* acolle a mostra *El ladrón de atardeceres* até o 4 de novembro.

FRANCISCO LEIRO
O escultor expón na *Fundación Caixa Galicia* até o 2 de decembro.

JABER AWAL
Até o mércores 31 o pintor amósanos a súa obra na galería da *Fundación Araguaney*, presentando obras produto do proceso de creación da curta ***Colorist in wartime,*** seleccionada para o *Festival de Cine Euro-Árabe AMAL 07.*

AXENCIA MAGNUM
A mostra de fotografía *North South East West*, sobre o cambio climático, realizada por dez fotógrafos da axencia Magnum, a instancias da Axencia Cultural do British Council, permanece instalada no *Parlamento de Galiza* até o 11 de decembro. Unha dúcea de impactos provocados polo home na natureza.

SRI PADA
Pasos de peregrino, pegada de deuses chámase esta mostra fotográfica de **Jessica Agulló** que podemos coñecer no *Museu das Peregrinacións* até o 27 de xaneiro.

SANTIAGODC
Esta mostra prolóngase e permanecerá aberta até finais de ano na antiga sede do Banco de España.

DARÍO BASSO
Tráenos unha iconografía xa empregada por el nos anos 80: círculos, formas dentadas, pegadas... cunha gama cromática ampla na que destaca o vermello e o preto, aplicando a pintura en grosas capas. Na galería *SCQ*.

OLLANDO A LUSOFONÍA
Organizada polo vicerreitorado da universidade compostelá, esta mostra fotográfica reune na Facultade de Filosofía a **Sebastião Salgado** e **Vítor Nogueira** (Brasil), **António Campos** (Portugal), **Xacobe Meléndrez** (Galiza), **Xulio Villarino** (Cabo Verde), **Mário Jaleco** (Moçambique, Angola), **Jorge Rosmaninho** (Guiné Bissau), **Ricardo França** (São Tomé e Príncipe) e **Katia Silva** (Timor Leste).

MAURO TRASTOY
Ten unha mostra, *1.388.253 puntos,* na *Zona C* (San Domingos de Bonaval 1), onde a poderemos coñecer até o domingo 28 de outubro.

QUINTANA MARTELO
Até o 9 de decembro podemos ollar as obras do magnífico pintor no *Auditorio de Galiza* e na *Igrexa da Universidade*.

DAVID CASTRO
O artista asturiano presenta a súa obra na mostra *Los items crudos*, que acolle a galería *DF Arte Contemporánea* até este sábado 20.

CUESTIÓN XERACIONAL
Esta mostra de perto de 30 pezas e unha ducia de vídeos procedentes de artistas nacionais e estranxeiros nados, na súa maioría, na década dos 60, pódese contemplar no CGAC.

A BATALLA DOS XÉNEROS
Proxecto que pretende analisar, desde unha perspectiva actual, a produción de artistas e teorías que desde mediados os anos 70 se involucraron na tarefa de analisar as convencións de sexo. As representacións que tentaron por en dúbida, e mesmo invalidar, a sociedade patriarcal machista daquela. No CGAC até o 9 de decembro.

FUNDACIÓN GRANELL
Até o 30 de outubro podemos contremplar a instalación *Como converter unha esqueira nunha máquina de transporte interestelar* de **Pablo Orza**. Até final de ano temos no segundo andar a mostra ***A ortogonalidade dos soños: debuxos / construcións de Eugenio Granell.***

CARME NOGUEIRA
E **Apolonija Sustersic** expoñen no *Duplo Espazo* do CGAC as súas obras até o 9 de decembro

■ MÚSICA

SANTIAGO AUSERÓN
O músico español actúa, acompañado pola **Original Jazz Orquestra Taller de Músics,** na nova edición de ***Sons da Diversidade,*** o sábado 20 ás 21h no *Auditorio de Galiza*. As entradas pódense recoller na véspera no propio auditorio de 12h a 14h e de 17h a 20h por 15 euros, con redución dun 50% para estudantes e xubilados e no teléfono 902 434 443 de Caixa Galicia, ou o mesmo día até media hora antes do espectáculo. Máis información en http://sons.santiagodecompostela.org.

■ TEATRO

DESDE LO INVISIBLE
Na sala *NASA* temos este xoves 18 ás 22h á compañía **La Quintana** que representará esta obra.

NOITE DE REIS
O *Salón Teatro* acolle a estrea do último traballo do CDG, baseado na obra de William Shakespeare, que podemos ollar o venres 19 e sábado 20 ás 20h30, e o domingo 21 ás 18h. **Suso Alonso, María Bouzas, Xan Cejudo, Marcos Correa, Susana Dans, Borja Fernández, Bernardo Martínez, Rebeca Montero, Vítor Mosqueira, Simone Negrín, Xosé Manuel Olveira *Pico*, Ramón Orencio** e **Marcos Orsi** son dirixidos por **Quico Cadaval.**

Tui

■ EXPOSICIÓNS

MANUEL UHÍA
Xunto con **Xulio Rodríguez** presenta unha retrospectiva das súas obras até o mércores 31 na *Área Panorámica*.

■ TEATRO

BOLBORETA
Este venres 19 ás 20h a compañía **Trompicallo** representa na *Área Panorámica* esta proposta innovadora de monicreques de mesa con escenografía móbel e música en directo.

Vigo

■ ACTOS

DISIDENCIA FERIDA
É o título do libro de **Xabier Alcalde** que se presenta este venres 19 ás 20h na *Casa do Libro* coa presencia de **Alfonso Pexegueiro, Manuel Bragado** e o autor.

PURO ARTE
A II edición desta feira de arte converte o IFEVI, do xoves 18 ao luns 22, nun referente internacional da creación contemporánea, con 53 galerías e obras de artistas de gran relevancia como **Picasso, Dalí, Miró, Manolo Valdés, Barceló, Feito, Caruncho, Tapies, Mitoraj, Lamazares** ou **Leiro,** entre outros.

DAVID LAMELAS
O artista arxentino falará da súa obra o vindeiro xoves 25 ás 20h no *Salón de Actos* do *MARCO*.

■ CINEMA

DAME LUME
A fita dirixida por **Héctor Carré** en 1994 proxéctase o mércores 24 ás 19h na *Biblioteca Municipal*.

AS ENCROBAS
Dentro do ciclo *Galiza e o Medio Ambiente,* que organiza a A.V. de Teis, podemos ollar este venres 19 ás 20h

D.O.G.

CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Convócanse axudas económicas para o alumnado e profesorado de centros docentes que participen en actividades desenvolvidas ao abeiro de proxectos aprobados no marco da iniciativa comunitaria Programa de Aprendizaxe Permanente 2007-2013, e que se realicen durante o 2007. A solicitude deberá presentarse antes do 9 de novembro segundo os modelos indicados. A orde está recollida no DOG de 8-X-07.♦

Pisando ovos **está no teatro *Ensalle* de VIGO desde o venres 19 ao domingo 21.**

no *Centro Cívico* do barrio o documental ***A ceo aberto,*** dirixido por **Xosé Bocixa,** que participará nun coloquio posterior á proxección.

FILMANDO O TEMPO
En colaboración co MARCO o *Cineclube Lumière* presenta este ciclo no que se proxecta, o luns 22 ás 20h30 no auditorio da *Casa do Concello,* ***Media Lúa*** (2006), de **Bahman Ghobadi.**

■ DANZA

PISANDO OVOS
Esta compañía presenta o seu espectáculo ***No intre 1800*** o venres 19 e sábado 20 ás 22h e o domingo 21 ás 21h no teatro *Ensalle*. **David Loira** e **Rut Balbís** protagonizan e dirixen esta obra.

A Rede

FUNDACIÓN XOSÉ SOTO DE FIÓN
www.sotodefion.org

Páxina electrónica da Fundación Xosé Soto de Fión, unha entidade promotora do ecomuseo en Arxeriz, concello de Saviñao. Céntrase na cultura e a etnografía da Ribeira Sacra. Inclúe datos do museo, da fundación, do contorno, as súas publicacións e a forma de chegar.♦

■ EXPOSICIÓNS

TEMPO AO TEMPO
Para celebrar o seu 5º aniversario o MARCO produce esta mostra que se inaugura este venres 19, e na que se presentan as visións ou interpretacións do tempo na obra de 34 artistas, a través dunha ampla diversidade de expresións, rexistros, linguaxes e orixes.

ZOOGRAFÍAS NA ALMA
O *Verbum* acolle esta mostra até finais de outubro.

NAZÓN DE BREOGÁN
A mostra *Un xeito de soñar Galiza* pode visitarse, até o 2 de novembro, na *Casa das Artes*.

MERCEDES RUIBAL
Os seus óleos e acrílicos están no centro de arte *Alpide* até finais de novembro.

CAMPUS UNIVERSITARIO
Mostra sobre o proxecto arquitectónico do CUVI na *Casa das Artes*.

FOTÓGRAFOS DA NATUREZA
As obras do prestixioso *Wildlife Photographer of the year*, recoñecido como o máis importante do mundo e organizado pola *BBC Wildlife Magazine* e o *Museo de Historia Natural* de London, pódense admirar na sala III do *C.S. Caixanova* até o 4 de novembro.

AFINIDADES SELECTIVAS
A *Casa Galega da Cultura* reúne, até o 4 de novembro nesta colectiva, obras de **Marina Núñez, Victoria Diehl, Xoán Anleo, Cristian Carvalho, Pablo Otero, Juan Carlos Meana, Coral Martínez, Nono Bandera** e **Pelucas.**

MISIÓNS PEDAGÓXICAS 1931/36
A *Casa das Artes* acolle esta interesente mostra sobre o labor educativo no eido rural galego na II República.

LA GALICE
O fotógrafo **Jean Dieuzaide** presenta o seu traballo na *Fundación Caixa Galicia*.

■ MÚSICA

SEVIGNY
Lucia Rolle despídese de Galiza, antes de levar a súa música e voz por outras latitudes do Estado e adicarse á composición do seu segundo disco, este xoves 18 na *Casa de Arriba*.

TONY MACALPINE
O virtuoso guitarrista toca este xoves 18 ás 21h30 na Sala *Ah!*, acompañado polo baixista **Billy Sehan** e **Virgil Donati** na batería. As entradas poden adquirirse anticipadamente por 22 euros en *Tick Tack Ticket* (*FNAC, Carrefour* e *Tendas Tipo*), e no teléfono 902 150 025, ou por 25 na billeteira.

DÍA DE FURIA
Poderemos escoitalos en directo xunto con **Moksha** este xoves 18 ás 22h30 na *Fábrica de Chocolate*. O venres 19 teremos no mesmo local ás bandas **The Majestics** e **The Soul** e **Jackets;** o sábado 20 tocará **Roy Loney & Señor No** e **Allnighters** e pinchará **Fran Reixa DJ;** o martes 23 os canadienses **Crystal Pistol** xunto con **The Pasadenas;** e o xoves 25 os uruguaios **Cuarteto de Nos.** Máis información en www.fabricadechocolate-club.com.

ELODIO Y LOS SERES QUERIDOS
A banda local actúa este xoves 19 na *Iguana Club*. Na mesma sala poderemos escoitar o vindeiro venres 26 os portugueses **X-Wife.**

Tic Tac

O MARCO de **VIGO** desenvolve, a partir da exposición *Tempo ao Tempo,* desde o 23 de outubro deste ano até o 15 de febreiro de 2008, un programa de visitas e obradoiros para escolares, adaptados para educación infantil, primaria e secundaria, que teñen como obxectivo descubrir, explorar e representar o significado que o paso do tempo ten na nosa experiencia persoal, a través das obras presentes na mostra. Esta actividade levarase a cabo de martes a venres de 10 a 14h, previa cita nos teléfonos 986 113 900 / 11. Información completa en www.marcovigo.org.♦

Anuncios de balde

■ **Arréndase unha casa no Porto do Cabo (Cedeira)** todo o ano non sendo nos meses de xullo e agosto. Telf. 676 628 518.

■ **Véndese mesa antiga de comedor,** de castiñeiro. Telf. 676 628 518.

■ **Alúgase piso de 64 m² en Dornedа (Oleiros-A Coruña),** prezo 215 euros. Chamar ao 981 614 348 ou ao 628 639 359.

■ **Vende-se estudo na zona de Rosalía de Castro, en Vigo.** Exterior, de 35 m², nun 3º andar, e con materiais de luxo. Prezo 135.227 euros, chamar ao 661 933 410.

■ **Véndese piso amoblado en Caneliñas (Portonovo).** Catro cuartos, dous baños, cociña e comedor (con vistas e acceso interior á praia). Máis información no telf. 630 273 476, Merce.

■ Xa na rúa un **novo número do boletín Galiza-Israel** (nº 3). Se alguén quere recibir un exemplar de balde pode enviar un correo a galiza_israel@yahoo.es.

■ **Alúgase casa restaurada** por fins de semana ou tempadas **na Serra do Suído (Concello de Covelo).** Chamar aos telf. 986 373 099 ou 645 663 142.

■ **Psicólogo especializado en familia e vítimas de violencia.** Posibilidade de resolución de conflitos, prevención, reformulación de proxectos de vida. Para particulares e institucións. Primeira consulta de balde. A Coruña. Telf. 981 134 144.

■ **Vendo Enciclopedia Galega Universal.** Telf. 653 928 083.

■ **Búscase persoa,** preferibelmente que non sexa fumadora ou estudante, **para compartir piso novo,** amoblado, luminoso, exterior, na zona de **Conxo (Santiago de Compostela),** perto do Campus Sur e dos Hospitais, zona tranquila e aparcamento doado, a 15 min do centro. Prezo razoábel. Telf. 687 581 137.

■ **Psicóloga, psicoanalista atende a nenos e adultos** con dificultades. Máis información no 986 434 635.

■ **Búscase finca rústica para granxa na zona das Mariñas** –sobre 30 ferrados–. Pode ter, ou non, algún tiipo de construción (pendello, nave, etc.). Telf. 619 075 640.

■ **Alúgase apartamento en Lira** (Carnota), a carón da praia, con vistas a Fisterra, completamente equipado, para catro persoas. Dispoñíbel todo o ano. Telf. 981 761 144.

■ **Alugo casa nova de campo con xardín e grella en Asturias,** a 7 minutos **de Ribadeo,** de venres a domingo por 100 euros toda a fin de semana. Chamar ao telf. 667 293 752.

■ **Alúgase baixo** –sobre 130 m²– na rúa Becerreira 81, do barrio de **Cabral, en Vigo.** Chamar ao mediodía ou á noite ao tlf. 986 372 263.

■ **Oferécese señor responsábel para cuidado de animais, fincas,** peón de albanel ou de pintor, etc. Telf. 662 522 888, preguntar por Alberto Funes.

■ **Véndese clarinete *Yamaha*** en si bemol, en bo estado. Razón no telf. 636 560 154.

■ **Alúgase casa de campo completa en Meira (Lugo),** á beira do nacemento do río Miño, con 3 cuartos duplos con baño incorporado, cociña, calefacción e 10.000 m² de finca, fins de semana, temporadas... Chamar ao 686 753 105.

■ **Compro libros, revistas, fotos,** postais, documentos... relativos á Galiza, e tamén selos. Telf. 678 911 804.

■ **Alúgase piso na Veiga (Asturias)** con calefacción. Máis información no telf. 985 635 502.

■ **Troco dormitorios novos ou por partes,** camas, mesiñas, etc. por dormitorios antigos e por todo tipo de antigüidades, mobles, louzas, relloxos, radios, lampadas... non importa o estado. Interesados chamar ao 605 791 711.

■ **Véndese aparador de castiñeiro** con espello, de 60 anos de antigüidade aproximadamente (2 m. de alto x 1,85 x 0,56), restaurado, por 120 euros negociabeis, en Vigo. Telf. 696 509 362.

■ **Véndese piso en Vigo,** próximo á Praza de España, con salón, cociña, 2 dormitorios, 1 baño, 1 aseo, adega e garaxe. Seminovo. Telf. 986 422 093.

■ **Ofrécese Enxeñeira Agropecuaria** para Galiza, de poder ser. Telf. 986 298 640 ou 986 328 520.

■ **Ofrécese licenciado en Filoloxía Galega** (apto no CAP) para traducións, editoriais, docencia non pública, revistas, corrector ortográfico, etc. Telf. 619 991 876 (polas tardes).

■ **Na frecuencia de zimmer103 (www.zimmer103.blogspot.com)** e desde Ribadeo producese o modesto e arrolador ***podcast Ouveos na noite.*** Converte o ordenador nun moderno transistor para sentir a música desta emisión.

■ **Alúgase casa en Penalva (Nogueira de Ramuín),** en plena **Ribeira Sacra,** por fins de semana ou vacacións. Completamente equipada e con garaxe. Telf. 661 642 070 ou 986 376 022.

■ **Busco traballo como coidadora de crianzas,** limpeza ou para cafetaría. Con experiencia. 639 505 806.♦

■ TEATRO

EVA VILA
O sábado 20 ás 12h na *Biblioteca Municipal* preséntalle ás crianzas a partir de 3 anos ***Contos para ver, cheirar e saborear.***

VALADARES TEATRAL
No C.S.C. *O Pedregal* podemos ollar o sábado 20 ás 20h30 ao teatro de cámara **Ditea** de Santiago, coa obra ***Pexego en xarope.***

ARELAS DAS ARTES
O sábado 20 represéntase ás 18h no *Auditorio Municipal* ***O recuncho de Anabel.***

ISADORA DUNCAN
O teatro *Arte Livre* acolle, este venres 19 e o sábado 20 ás 21h30 e o domingo 21 ás 20h30, a representación da peza ***A revolución da danza***, sobre a vida turbulenta desta bailarina norteamericana. A entrada ten un prezo único de 10 euros.

BIBLIOTECA DOS PEQUENOS
As crianzas desde os 18 meses aos 3 anos poderán gozar este xoves 18 ás 18h30 na *Biblioteca Pública Municipal* da peza de títeres ***Menuda Carapuchiña Vermella***.

Vilagarcía

■ TEATRO

ZIPI E ZAPE
Cándido Pazó dirixe a **Josito Porto, Fernando Dacosta, Belén Constenla** e **César Cambeiro** nesta obra do **Teatro do Adro** o venres 19 e sábado 20 ás 21h no *Auditorio Municipal*.

Ponferrada

■ EXPOSICIÓNS

IVÁN PRIETO
Ten unha mostra do seu traballo artístico, que titula *Protopantomimas e outras realidades paralelas,* na galería *DosMilVacas* da cidade berciana até o 27 de outubro.

Viana do Castelo

■ MÚSICA

MARIA TERESA
O teatro *Sá Miranda* acolle este venres 19 ás 21h30 a actuación dunha das artistas da música portuguesas máis coñecida na Franza.♦

Non vos riades que o conto é triste

PUBLICIDAD

EL PAPA: INDULGENCIA PLENARIA EN PONTEVEDRA

En la aparición de julio de 1917 en Fátima, la Virgen dijo a los pastorcillos que volviera para hacer pública la Promesa de los Cinco Primeros Sábados del Mes. Esto sucedió el 10 de diciembre de 1925 en el Convento de las Hermanas Dorotheas en la ciudad de Pontevedra donde estaba de postulante Lucía, vidente de Fátima. Se le apareció la Virgen en su celda y le dijo dicho mensaje. Esta aparición de la Virgen fue aprobada por Juan Pablo II.

S.S. el Papa Benedicto XVI ha concedido indulgencia plenaria a todo el que visite la Casa Santuario del Inmaculado Corazón de María (antiguo convento de las Dorotheas). Se puede obtener en cualquier fecha y sólo una vez al año con Confesión y Comunión el mismo día o unos días antes o unos días después, además de orar a la Virgen, orar por las intenciones del Papa y rezar el Padre Nuestro y el Credo.

Salvador Pascual Senet.

Canta indulxencia anda solta e canto negocio oculto ten Pontevedra. Mesmo algún particular chega a inserir, pola súa conta, na prensa un reclamo publicitario a fin de contribuír a unha peregrinación que semella non existir, mais atrae católicos integristas por moreas provintes, sobre todo, dos Estados Unidos. Sor Lucía, a de Fátima, é todo un activo turístico.♦

A NOSA TERRA
Ano XXX.
IV Xeira.
Nº 1.285
Do 18 ao 24 de outubro do 2007

VOLVER AO REGO

O Consello de Contas enmenda ao anterior Goberno de Fraga. Tarde pían. A Universidade estuda o franquismo, despois de varias décadas de prudente silencio. Sucede isto porque quen goberna manda e paga. Tampouco o mundo económico é libre. Os orzamentos do Estado moven vontades e industrias, orientan e dirixen. Iso de que os gobernos carecen de marxe de manobra ten moito de conto, de desculpa para facer políticas conservadoras. E está ben que os gobernos manden, para iso son elixidos, pero que se diga claro e que se establezan e se respecten os límites.♦

Director: Afonso Eiré López. **Empresa Xornalística Editora:** Promocións Culturais Galegas S.A. **Presidente**: Miguel Barros Puente.
Príncipe 22, planta baixa (36202) Vigo. Telf.: Administración, Subscricións e Publicidade 986 433 830*; Redacción 986 433 886 - 22 24 05. Fax 986 223 101.
info@anosaterra.com
Impreso en papel reciclado *Greenrecy 100* de 60 gr./m²

Ignacio Muñoz Martín

'Para relaxarse, mellor practicar tai chi que apagar a COPE'

H. Vixande

Técnico deportivo e profesor en técnicas de relaxación, Ignacio Muñoz Martín é un experto no deporte chinés tai chi. É, ademais, autor do libro *Primeiros pasos do Tai Chi* (Edicións Lea).

PACO VILABARROS

Tai chi, deporte chinés moi presente nas películas. O sentido do ridículo dos galegos non será un inconveniente para practicalo?

Os galegos hai tempo que perderon o sentido do ridículo. En Galiza existe unha grande afección por este tipo de deportes, especialmente no ámbito escolar.

Se eu practicase Tai Chi, ía facelo a soas e na casa.

En principio, practícase en grupo para aprender. Despois, sempre se tende a facelo individualmente na casa, no bosque, na praia...

Parece que diminuiría o meu estrés.

Si. Mais non é unha ferramenta. Todo depende das ganas que tes de relaxarte e despois da boa aplicación da ferramenta.

Eu, se quero relaxarme, tomo unha tila e apago a COPE: santo remedio.

Pois a min faime rir, que é outro xeito de escoitala, por que se non...

É un deporte para urbanitas?

Ultimamente si, polo ritmo de vida e pola busca de formas de fuxir do estrés. Ademais, está de moda e a xente busca un deporte de moda.

E para practicalo fai falta unha indumentaria especial? Ou abonda con calquera chándal de saldo?

Precísase roupa cómoda. Unha cousa é a indumentaria tradicional e outra cousa o deporte día a día.

E hai graos, como o kung-fu, mais polo que sei non é unha loita.

Non é un enfrontamento onde haxa loita entre dúas persoas, mais a xente cando se engancha gústalle medir os seus coñecementos. Os graos técnicos dan un nivel dos mesmos. Logo está a cuestión do traballo por parellas, un combate coordinado sen violencia no que un ensina ao outro os fallos que ten.

Logo, é como a capoeira?

Nada que ver.

As posturas son difíciles?

Son movementos naturais do corpo. As formas son de iniciación, perfeccionamento e especialización. As primeiras inclúen as dez posturas básicas, o perfeccionamento é unha transición e a especialización é a definitiva, a orixe real do tai chi, de 88 movementos. Esta é máis longa de aprender. De todos os xeitos, o meu libro está escrito para que ao occidental lle resulte doado chegar á relaxación.

O libro titúlase "Primeiros pasos do Tai Chi", precísase máis dun libro para aprendelo?

Ese é o título. De todos os xeitos, ten unha dobre vertente: a aprendizaxe ten que ver con como se moven os pés. Despois, sempre deixas a porta aberta a un segundo libro. É un libro básico, non serve para facerse mestre pero si para achegarse ao deporte. Teña en conta que os nomes chineses enténdense mellor en galego. Se ves escrito mabu, pensas que é algo complicado, mais en realidade é a postura do xinete.

E o seu libro véndese?

Espero que si. Houbo un ascenso de vendas de títulos de orixe oriental e nas librerías hai baldas específicas para eles, tanto en deportes como en medicinas naturais.

Cantas modalidades hai?

Catro, corresponden a catro mestres.

E a idade para practicalo?

Desde a infancia, mais o futuro é a terceira idade e os servizos sociais como ximnasia para todos. Calquera ten na retina a imaxe de chineses maiores practicando o tai chi.♦

Coa man armada

'Ejército Guerrillero de Galicia'

Lupe Martínez

Miles de homes e mulleres sentíronse ameazados logo da intensa represión que se abriu en Galicia contra a parte da sociedade que representaba o movemento obreiro, as ideas republicanas e o sentimento galeguista. Tras o alzamento militar de 1936, centos destas persoas optaron pola vía armada, para, a maiores de tentar salvar as súas vidas, defender e tratar de restaurar as conquistas democráticas e sociais segadas pola barbarie militar do franquismo. As actividades da IV agrupación do *Ejército Guerrillero de Galicia*.

O FARDEL DA MEMORIA A NOSA TERRA

Botellón

Xosé Ramón Pousa

Vivimos na sociedade da comunicación, pero non se fala. Gozamos de maior liberdade de expresión, pero cada vez somos máis apolíticos. Estamos cada vez máis preparados, pero temos menos expectativas profesionais. Vivimos en familia, pero coñecémonos cada vez menos. Podemos viaxar aos antípodas, pero estamos desligados do noso contorno. O mundo cambiou moi rapidamente en moi pouco tempo e semella que as xeracións máis maduras non temos experiencia dabondo para asimilar e transmitir axeitadamente estes cambios ás camadas mais novas que, en certa medida, improvisan saídas a problemas sociais novos que, moitas veces acaban contaminando as relacións interxeracionais.

Só dende esta perspectiva atopo unha explicación a fenómenos como os do botellón que, inicialmente, mirei con certa simpatía e que agora observo con receo, inquedanza e asombro, sobre todo dende que vexo como o compostelán parque da Ferradura sofre cada xoves a embestida de milleiros de mozos que berran, beben e tratan de esquecer as súas frustracións persoais arremetendo contra os farois, as plantas e todo o que atopan por diante. Incluídos os cristais que a miña anciá veciña xa deixou de repoñer hai meses por razóns máis vitáis que económicas. Rosalía de Castro, que logo cumprirá cen anos, se non a tiran antes, ten un observatorio de excepción para este espectáculo.

O fenómeno non é exclusivo de aquí, aínda que naceu en Andalucía. Trátase dun produto español de éxito que invade xa case que toda Europa, México, Arxentina e Venezuela. En moitos Estados tomáronse medidas drásticas, pouco eficaces por certo, e en nove comunidades españolas ditáronse leis prohibindo o botellón, namentres outras tres comunidades regularon esta actividade. En Galiza estase a punto de levar o tema ao parlamento e algo haberá que facer para resolver este conflito que máis que de índole política, semella consumo, que é o principal factor de agrupación e creación de identidades na sociedade contemporánea. Un conflito que que só poderemos mudar cun cambio cultural que lle dea resposta a todos os problemas de fondo. Namentres corremos o risco de quedar sen parques.♦